



ACTA XUNTA DE GOBERNO
SESIÓN ORDINARIA DE VINTE E SETE DE NOVENBRO DE DOUS MIL VINTE
(ACTA NÚMERO 38)

Presidente:

D. José Tomé Roca

Sres. Deputados:

D^a. Tareixa Antía Ferreiro Tallón

D^a. M^a. del Pilar García Porto

D. Pablo Rivera Capón

D^a. Mayra García Bermúdez

D. Roberto Fernández Rico

D. José Luís Raposo Magdalena

D^a. Mónica Freire Rancaño

Secretaria:

D^a. María Esther Álvarez Martínez

Interventora:

D^a. Rosa Abelleira Fernández

No Salón de Comisións do Pazo Provincial, sendo as once horas do día **vinde e sete de novembro de dous mil vinde**, baixo a Presidencia do titular do cargo, Ilmo. Sr. D. José Tomé Roca, reúnen-se as señoras e señores Deputados na marxe relacionados, co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, sesión ordinaria convocada para o efecto, para tratar os asuntos incluídos na Orde do Día regulamentariamente remitida, en virtude das facultades delegadas que lle confire á Xunta o artigo 59 do vixente Regulamento Orgánico desta Corporación.

Actúa de Secretaria D^a. María Esther Álvarez Martínez, e asiste como Interventora D^a. Rosa Abelleira Fernández.

Non asiste o Sr. Deputado D. Xosé María Arias Fernández.

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA O DÍA VINTE DE NOVIEMBRE DE DOUS MIL VINTE.

Por parte do Sr. Presidente pregúntase aos Sres. Deputados, membros da Xunta de Goberno, se teñen que formular algunha observación á acta da sesión ordinaria celebrada o día vinte de novembro de dous mil vinte que foi distribuída entre os mesmos; e ao non presentarse ningunha emenda, foi aprobada por unanimidade dos asistentes.

2.- PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN, SE PROCEDE, DA ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN SUBMINISTRACIÓN MEDIANTE ARRENDAMENTO SEN OPCIÓN A COMPRA DOS EQUIPOS DE IMPRESIÓN, COPIA E ESCANEADO DA DEPUTACIÓN DE LUGO.

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Vista a Acta da sesión da Mesa de Contratación, celebrada o 20 de novembro de 2020, na que se recollen os seguintes antecedentes e consideracións:

Antecedentes.

Anuncio previo publicado na Plataforma de Contratación do Sector Público o día 13-03-2020.

Actuacións preparatorias, que inclúen informes técnicos xustificativos da necesidade, a idoneidade e a proposta de inicio de expediente de contratación.



Prego de prescricións técnicas con CSV: IV67GW36LUW6TCESSX7EIXQF4A.

Informe de Intervención relativo á existencia e adecuación de crédito con CSV:IV675X2MF4B47WJ4QJV5I3T7K4.

Prego de cláusulas administrativas particulares con CSV:IV7GU62JD5PTT6HY4J7CGNQSCQ.

Informe xurídico-administrativo con CSV: IV7GU6ZPLRB4LKPNAMIBP5DQ7Y.

Fiscalización limitada previa do expediente con CSV: IV7GU67DHH6333XSZRGX54XCIA.

Acordo da Xunta de Goberno de data 18 de setembro de dous mil vinte , polo que se aproba o expediente de contratación, os pregos de cláusulas administrativas e de prescricións técnicas, o procedemento de adxudicación e o gasto proposto.

Publicación do Anuncio de Licitación no Perfil do Contratante da Deputación Provincial de Lugo (Xunta de Goberno), integrado na Plataforma de Contratación do Sector Público (www.contrataciondelestado.es) e no DOUE.

Na sesión da Mesa de contratación, celebrada o 16 de outubro de 2020, (CSV: IV7GS3ZONMHJCJNHCM4VM4KX7Y) deuse conta que a documentación administrativa presentada pola única empresa presentada a esta licitación Solitium Noroeste S.L.U. é correctamente presentada en forma e prazo a Mesa de Contratación acorda admitir a proposta ao proceso de adxudicación e proceder á apertura do sobre B (sobre electrónico), relativo aos criterios de adxudicación avaliados mediante fórmulas matemáticas ou avaliados de forma automática, resultando o que se indica a continuación.

Criterios de adxudicación avaliados mediante fórmulas matemáticas ou avaliados de forma automática e ofertas presentadas.

O porcentaxe de desconto ofertado calcularase sobre os importes máximos indicados na táboa, aquelas ofertas que ofrezan un porcentaxe de desconto do 0% puntuáranse con 0 puntos.

Prezo (máximo 55 puntos)					PUNTUACIÓN
Criterio	Puntuación Máxima (POE)	Limite (IVE non engadido)	Fórmula	Valor ofertado (%)	
Porcentaxe desconto custe copia Branco e negro.(%)(*) Obterá maior puntuación a proposta que ofrezca un porcentaxe de desconto maior sobre o límite establecido	20	(máximo) 0,006 €	$POE * \frac{(Oi)}{(Omax)}$	0,01%	20 puntos
Porcentaxe desconto custe copia en Cor (%)(*) Obterá maior puntuación a proposta que ofrezca un porcentaxe de desconto maior sobre o límite establecido	15	(máximo) 0,03 €	$POE * \frac{(Oi)}{(Omax)}$	0,01%	15 puntos
Porcentaxe desconto custe mensual arrendamento (%) (*) Obterá maior puntuación a proposta que ofrezca un porcentaxe de desconto maior sobre o límite establecido	20	(máximo) 7.200 €	$POE * \frac{(Oi)}{(Omax)}$	0,08%	20 puntos

Melloras sobre as características técnicas das máquinas (máximo 34 puntos)					PUNTUACIÓN
Mellora Maquina Despacho B/N (máximo 12 puntos)					
Criterio	Puntuación Máxima (POE)	Limite	Fórmula	Valor ofertado	
Velocidade impresión branco e negro (ppm) Obterá maior puntuación a proposta que ofrezca un maior ratio	3	(mínimo) 47	$POE * \frac{(Oi)}{(Omax)}$	47	3 puntos
Velocidade escaneo branco e negro unha cara (ipm) Obterá maior puntuación a proposta que ofrezca un maior ratio	3	(mínimo) 45	$POE * \frac{(Oi)}{(Omax)}$	94	3 puntos
Consumo enerxético en reposo (en vatios) Obterá maior puntuación a proposta que ofrezca un menor consumo.	2	-	$POE * \frac{(Omin)}{(Oi)}$	0,1 Vatios	2 puntos
Aumento número de máquinas Obterá maior puntuación a proposta que ofrezca un maior aumento	4	-	$POE * \frac{(Oi)}{(Omax)}$	5	4 puntos
Mellora Maquina Despacho COR (máximo 12 puntos)					
Criterio	Puntuación Máxima (POE)	Limite	Fórmula	Valor ofertado	PUNTUACIÓN
Velocidade impresión cor (ppm) Obterá maior puntuación a proposta que ofrezca un maior ratio	3	(mínimo) 47	$POE * \frac{(Oi)}{(Omax)}$	47	3 puntos
Velocidade escaneo cor unha cara (ipm) Obterá maior puntuación a proposta que ofrezca un maior ratio	3	(mínimo) 56	$POE * \frac{(Oi)}{(Omax)}$	56	3 puntos
Consumo enerxético en reposo (en vatios) Obterá maior puntuación a proposta que ofrezca un menor consumo.	2	-	$POE * \frac{(Omin)}{(Oi)}$	0,2 Vatios	2 puntos
Aumento número de máquinas Obterá maior puntuación a proposta que ofrezca un maior aumento	4	-	$POE * \frac{(Oi)}{(Omax)}$	5	4 puntos

Mellora Maquina Departamento (máximo 10 puntos)					PUNTUACIÓN
Criterio	Puntuación Máxima (POE)	Limite	Fórmula	Valor ofertado	
Velocidade impresión branco e negro (ppm) Obterá maior puntuación a proposta que ofrezca un maior ratio	3	(mínimo) 55	$POE * \frac{(Oi)}{(Omax)}$	55	3 puntos
Velocidade escaneo branco e negro unha cara (ipm) Obterá maior puntuación a proposta que ofrezca un maior ratio	3	(mínimo) 80	$POE * \frac{(Oi)}{(Omax)}$	280	3 puntos
Consumo enerxético en reposo (en vatios) Obterá maior puntuación a proposta que ofrezca un menor consumo.	2	-	$POE * \frac{(Omin)}{(Oi)}$	0,4 Vatios	2 puntos
Aumento número de máquinas Obterá maior puntuación a proposta que ofrezca un maior aumento	2	-	$POE * \frac{(Oi)}{(Omax)}$	No oferta	0 puntos

Melloras no tempo de implantación e tempo de resolución de incidencias (máximo 6 puntos)					PUNTUACIÓN
Criterio	Puntuación Máxima (POE)	Limite	Fórmula	Valor Ofertado	
Tempo despliegue e implantación. Obterá maior puntuación a proposta que ofrezca un menor tempo (en días) de implantación.	3	(máximo) 20 días	$POE * \frac{(Omin)}{(Oi)}$	3	3 puntos
Tempo de resolución. Obterá maior puntuación a proposta que ofrezca un maior redución (en porcentaxe) das horas de tempo de resolución mínimas. Ver apartado 3.3 do PPT - Incidencias moi críticas. Tempo máximo resolución 4 horas. - Incidencias críticas. Tempo máximo resolución 8 horas. - Incidencias graves. Tempo máximo resolución 16 horas. - Incidencias leves. Tempo máximo resolución 24 horas.	3		0 puntos: a oferta que diminúa o tempo de resolución en menos de 12.5%. 1 punto: a oferta que diminúa o tempo de resolución entre o 12.5% e o 25%. 2 puntos: a oferta que diminúa o tempo de resolución entre o 25% e o 37.5%. 3 puntos: a oferta que diminúa o tempo de resolución entre o 37.5% e o 50%. Non se puntuarán aquelas propostas que ofrezan una redución de máis do 50% .	5% de redución	0 puntos



Porcentaxe de crecemento anual (máximo 5 puntos)					
Criterio	Puntuación Máxima (POE)	Limite	Fórmula	Valor Ofertado	PUNTUACIÓN
Porcentaxe de crecemento anual. Porcentaxe de incremento anual sobre o número total de máquinas ofertadas, incluíndo as que se ofrecen como mellora e que non repercutirá no custo de aluguer ofertado. (máis información no apartado 3.1 do PPT) Obterá maior puntuación a proposta que ofrezca un maior porcentaxe de crecemento anual.	5	-	$POE * \frac{(Oi)}{(Omax)}$	0,6 %	5 puntos

Os modelos de impresoras a subministrar cumpren con todos os requisitos técnicos indicados no prego de prescricións técnicas. As máquinas que se ofrecen reacondicionadas supoñen unha porcentaxe do 49,45 % do total subministrado (non superan a porcentaxe do 50% indicado nos pregos) e cumpren con todos os requisitos técnicos indicados no prego de prescricións técnicas, están en perfecto estado de funcionamento e cumpren coas condicións descritas nos pregos técnicos. En particular, os modelos que se ofertan son os que se relacionan:

TIPO EQUIPO	MODELO OFERTADO (NOVO)	MODELO REACONDICIONADO	% REACONDICIONADAS
MODELO DESPACHO BN	Lexmark XM3250	Lexmark XM3150	24,65%
MODELO DESPACHO COR	Lexmark XC4150	Lexmark XC4150	100 %
MODELO DEPARTAMENTO	Konica Minolta C550i	Konica Minolta C558	33,96 %
MODELO ALTO RENDEMENTO A	Konica Minolta Bizhub 758	0	0 %
MODELO ALTO RENDEMENTO B	Konica Minolta C759	0	0 %

El software de gestión y control de los sistemas de impresión ofertado está compuesto por las siguientes soluciones: NDD Print, y cumple con todos los requisitos indicados en los pliegos técnicos.

Puntuacións oferta

LICITADORES	Prezo	Mellora de características técnicas das máquinas. Ata un máximo de 34 puntos.	Melloras no tempo de resolución de incidencias e tempo de depregue e instalación	Porcentaxe de crecemento anual.	Puntuación Total
SOLITIUM NOROESTE S.L.U.	55 puntos	32 puntos	3 puntos	5 puntos	95 puntos

A Mesa de Contratación, vista a documentación presentada considera que a mesma se axusta aos requisitos esixidos no PCAP, de xeito que, por unanimidade dos seus membros, acorda, por unanimidade elevar ao órgano de contratación a seguinte Proposta de Resolución:

Clasificar aos licitadores admitidos, atendendo ao seguinte orde de importancia e ponderación:

LICITADORES	Puntuación Total
1.-SOLITIUM NOROESTE S.L.U.	95 puntos

Requirir á empresa. Solitium Noroeste S.L.U. , para que, dentro do prazo de dez días hábiles, a contar dende o seguinte a aquel en que reciba o requirimento, presenten a documentación á que se refire o artigo 150.2 da LCSP e que se recolle na cláusula décimo sétima do prego de cláusulas administrativas.

Reunida a Mesa de contratación no día de hoxe, 20 de novembro de 2020 deuse conta aos membros da Mesa de contratación que, con data 29 de outubro de 2020 enviouse á empresa Solitium Noroeste S.L.U, a través da Plataforma de Contratos do Sector Público, notificación do Decreto de requirimento de documentación. Con data 11 de novembro de 2020, a empresa atendeu o requirimento remitindo a documentación a través da Plataforma de Contratos do Sector Público.

Acto seguido procédese ao exame da documentación presentada cos seguintes resultados:

Documentos acreditativos da personalidade, capacidade do empresario e da representación (artigo 84 da LCSP e 21 RXLCAP):

Achega copia do CIF da empresa e do DNI do representante, así coma escritura de constitución da empresa con inscrición no Rexistro Mercantil de Coruña no Tomo 1.035, folio 19 e folla C-4265. Aporta escritura de data 10.08.2020 de cambio de denominación social pasando a denominarse Solitium Noroeste,S.L., inscrita no Rexistro Mercantil de Pontevedra no Tomo 4329, folio 168 e folla P-67065.

Aporta a escritura de poder a favor de D. César Rodríguez Roca, e a Asesoría Xurídica, en base a documentación aportada, emite o bastanteo de poder.

Achega xustificante de pago do recibo do IAE relativa ao exercicio 2020 no epígrafe 659.2- Comercio al por menor de muebles de oficina y de máquinas y equipos de oficina.



Achega Certificación administrativa positivas ou de estar ao corrente expedidas pola Axencia Tributaria de data 5 de novembro de 2020.

Consultouse ao servizo de recadación da Deputación Provincial de Lugo, no relativo as débedas coa administración contratante e incorpórase certificación positiva expedida por este servizo.

Achega certificación administrativa que acredita estar ao corrente no cumprimento das obrigas coa Seguridade Social de data 01 de outubro de 2020.

Achega declaración responsable de que a entidade non se atopa en concurso de acredores 10 de novembro de 2020.

Achega resguardo acreditativo da garantía definitiva depositada na Tesourería da Deputación de Lugo por importe de 16.650,00 euros.

Solvencia económica e financeira:

Presenta declaración do empresario indicando o volume de negocios referido aos anos 2017, 2018 e 2019 excedendo en cada un deles o importe mínimo esixido de 249.750,00 euros.

Ejercicio 2017: 10.549.193,75 €

Ejercicio 2018: 12.648.572,37 €

Ejercicio 2019: 12.657.472,91 €

Que aporta as contas anuais aprobadas e depositadas no Rexistro Mercantil do exercicio 2019.

Presenta Suplemento de Renovación de seguro de Responsabilidade Civil Xeral por importe igual ou superior ao valor estimado do contrato: 732.600,00 euros. Con vixencia de 11.10.2020 ao 11.10.2021, renovable automáticamente.

Patrimonio neto positivo, ao peche do último exercicio económico (2019).

Solvencia técnica ou profesional:

Aporta unha relación das principais subministracións realizadas de igual o similar natureza que as que constitúen o obxecto do contrato realizadas nos exercicios 2017, 2018 e 2019 excedendo en cada un deles do importe mínimo esixido de 116.550,00 euros. Aportan certificados de boa execución que acreditan o declarado.

Achega documento que contén o interlocutor responsable por parte da adxudicataria, sendo éste D. César Rodríguez Roca.

A Mesa de Contratación, vista a documentación presentada, e por unanimidade dos seus membros, acorda propoñer que, pola Xunta de Goberno, previa fiscalización, se adopte o seguinte acordo:

Adxudicar á empresa Solitium Noroeste S.L.U., a contratación da subministración mediante arrendamento sen opción a compra dos equipos de impresión, copia e escaneo da Deputación de Lugo, por un importe de 402.930,00 euros que inclúe 69.930,00 euros en concepto de imposto sobre o valor engadido (IVE), na porcentaxe do 21%; importe que se engade aos 333.000,00 euros de base (dous anos). A execución do obxecto do contrato realizarase con estrito cumprimento ao contido do PCAP, no PPT, e ao ofertado pola licitadora segundo se detalla a continuación.

Criterio-PREZO		Valor ofertado (%)
Porcentaxe desconto custe copia Branco e negro.(%)(*) Obterá maior puntuación a proposta que ofrezca un porcentaxe de desconto maior sobre o límite establecido		0,01%
Porcentaxe desconto custe copia en Cor (%)(*) Obterá maior puntuación a proposta que ofrezca un porcentaxe de desconto maior sobre o límite establecido		0,01%
Porcentaxe desconto custe mensual arrendamento (%) (*) Obterá maior puntuación a proposta que ofrezca un porcentaxe de desconto maior sobre o límite establecido		0,08%

Melloras sobre as características técnicas das máquinas		Valor ofertado
Criterio		Valor ofertado
Velocidade impresión branco e negro (ppm) Obterá maior puntuación a proposta que ofrezca un maior ratio		47
Velocidade escaneo branco e negro una cara (ipm) Obterá maior puntuación a proposta que ofrezca un maior ratio		94
Consumo enerxético en reposo (en vatios) Obterá maior puntuación a proposta que ofrezca un menor consumo.		0,1 Vatios
Aumento número de máquinas Obterá maior puntuación a proposta que ofrezca un maior aumento		5

Mellora Maquina Despacho COR		Valor ofertado
Criterio		Valor ofertado
Velocidade impresión cor (ppm) Obterá maior puntuación a proposta que ofrezca un maior ratio		47
Velocidade escaneo cor unha cara (ipm) Obterá maior puntuación a proposta que ofrezca un maior ratio		56
Consumo enerxético en reposo (en vatios) Obterá maior puntuación a proposta que ofrezca un menor consumo.		0,2 Vatios
Aumento número de máquinas Obterá maior puntuación a proposta que ofrezca un maior aumento		5



Mellora Maquina Departamento	
Criterio	Valor ofertado
Velocidade impresión branco e negro (ppm) Obterá maior puntuación a proposta que ofrezca un maior ratio	55
Velocidade escaneo branco e negro unha cara (ipm) Obterá maior puntuación a proposta que ofrezca un maior ratio	280
Consumo enerxético en reposo (en vatios) Obterá maior puntuación a proposta que ofrezca un menor consumo.	0,4 Vatios
Melloras no tempo de implantación e tempo de resolución de incidencias	
Criterio	Valor Ofertado
Tempo despliegue e implantación. Obterá maior puntuación a proposta que ofrezca un menor tempo (en días) de implantación.	3
Tempo de resolución. Obterá maior puntuación a proposta que ofrezca un maior redución (en porcentaxe) das horas de tempo de resolución mínimas. Ver apartado 3.3 do PPT - Incidencias moi críticas. Tempo máximo resolución 4 horas. - Incidencias críticas. Tempo máximo resolución 8 horas. - Incidencias graves. Tempo máximo resolución 16 horas. - Incidencias leves. Tempo máximo resolución 24 horas.	5% de redución
Porcentaxe de crecemento anual	
Criterio	Valor Ofertado
Porcentaxe de crecemento anual. Porcentaxe de incremento anual sobre o número total de máquinas ofertadas, incluíndo as que se ofrecen como mellora e que non repercutirá no custo de aluguer ofertado. (máis información no apartado 3.1 do PPT) Obterá maior puntuación a proposta que ofrezca un maior porcentaxe de crecemento anual.	0,6 %

A duración do contrato será de 2 anos prorrogables por outros dous anos (2+2).

Publicar no sitio web da Deputación de Lugo no menú servizos -perfil do contratante (<http://www.deputacionlugo.org/> ou www.contrataciondelestado.es), e notificar aos interesados a adxudicación de acordo co previsto nos artigos 54 e 151 da LCSP.

Instar, de conformidade co disposto no artigo 153 da LCSP, á formalización en documento administrativo da presente contratación, e que terá lugar unha vez transcorrido o prazo de 15 días hábiles a contar desde a remisión da notificación da adxudicación aos licitadores, sen que se houbera interposto recurso especial en materia de contratación, que leve aparellada a suspensión da formalización.

Dar traslado da presente proposta de acordo ao departamento de Intervención para que proceda á fiscalización previa da adxudicación aos efectos oportunos.

A presente asinase de xeito dixital, deixando constancia do acontecido na sesión da mesa de contratación sinalada no encabezado.

Vista a fiscalización previa de conformidade, proponse que pola Xunta de Goberno, se adopte o seguinte acordo:

1º.- Adxudicar á empresa Solitium Noroeste S.L.U., a contratación da subministración mediante arrendamento sen opción a compra dos equipos de impresión, copia e escaneo da Deputación de Lugo, por un importe de 402.930,00 euros que inclúe 69.930,00 euros en concepto de imposto sobre o valor engadido (IVE), na porcentaxe do 21%; importe que se engade aos 333.000,00 euros de base (dous anos). A execución do obxecto do contrato realizarase con estrito cumprimento ao contido do PCAP, no PPT, e ao ofertado pola licitadora segundo se detalla a continuación.

Criterio-PREZO		Valor ofertado (%)
Porcentaxe desconto custe copia Branco e negro.(%)(*) Obterá maior puntuación a proposta que ofrezca un porcentaxe de desconto maior sobre o límite establecido		0,01%
Porcentaxe desconto custe copia en Cor (%)(*) Obterá maior puntuación a proposta que ofrezca un porcentaxe de desconto maior sobre o límite establecido		0,01%
Porcentaxe desconto custe mensual arrendamento (%) (*) Obterá maior puntuación a proposta que ofrezca un porcentaxe de desconto maior sobre o límite establecido		0,08%
Melloras sobre as características técnicas das máquinas		
Criterio		Valor ofertado
Velocidade impresión branco e negro (ppm) Obterá maior puntuación a proposta que ofrezca un maior ratio		47
Velocidade escaneo branco e negro una cara (ipm) Obterá maior puntuación a proposta que ofrezca un maior ratio		94
Consumo enerxético en reposo (en vatios) Obterá maior puntuación a proposta que ofrezca un menor consumo.		0,1 Vatios
Aumento número de máquinas Obterá maior puntuación a proposta que ofrezca un maior aumento		5
Mellora Maquina Despacho COR		
Criterio		Valor ofertado
Velocidade impresión cor (ppm) Obterá maior puntuación a proposta que ofrezca un maior ratio		47
Velocidade escaneo cor unha cara (ipm) Obterá maior puntuación a proposta que ofrezca un maior ratio		56
Consumo enerxético en reposo (en vatios) Obterá maior puntuación a proposta que ofrezca un menor consumo.		0,2 Vatios
Aumento número de máquinas Obterá maior puntuación a proposta que ofrezca un maior aumento		5
Mellora Maquina Departamento		
Criterio		Valor ofertado
Velocidade impresión branco e negro (ppm) Obterá maior puntuación a proposta que ofrezca un maior ratio		55
Velocidade escaneo branco e negro unha cara (ipm) Obterá maior puntuación a proposta que ofrezca un maior ratio		280
Consumo enerxético en reposo (en vatios) Obterá maior puntuación a proposta que ofrezca un menor consumo.		0,4 Vatios
Melloras no tempo de implantación e tempo de resolución de incidencias		
Criterio		Valor Ofertado
Tempo despliegue e implantación. Obterá maior puntuación a proposta que ofrezca un menor tempo (en días) de implantación.		3
Tempo de resolución. Obterá maior puntuación a proposta que ofrezca un maior redución (en porcentaxe) das horas de tempo de resolución mínimas. Ver apartado 3.3 do PPT - Incidencias moi críticas. Tempo máximo resolución 4 horas. - Incidencias críticas. Tempo máximo resolución 8 horas. - Incidencias graves. Tempo máximo resolución 16 horas. - Incidencias leves. Tempo máximo resolución 24 horas.		5% de redución
Porcentaxe de crecemento anual		
Criterio		Valor Ofertado
Porcentaxe de crecemento anual. Porcentaxe de incremento anual sobre o número total de máquinas ofertadas, incluíndo as que se ofrecen como mellora e que non repercutirá no custo de aluguer ofertado. (máis información no apartado 3.1 do PPT) Obterá maior puntuación a proposta que ofrezca un maior porcentaxe de crecemento anual.		0,6 %

Polo que se refire ás obrigas que se deriven da presente contratación o importe do contrato ascende a euros, e financiase de acordo as seguintes anualidades:



APLICACIÓN	IMPORTE 2021	IMPORTE 2022
9200.206	201.465,00 €	201.465,00 €

Tendo previsto que o inicio do contrato sexa o día 01 de xaneiro de 2021,o procedemento contractual tramítase na modalidade de gasto anticipado, de conformidade co previsto no artigo 117.2 e na base 18ª de execución do Orzamento Xeral.

Dito gasto aplicarase a aplicación orzamentaria 9200.206 dos orzamentos do 2021 e 2022, quedando supeditado ao cumprimento dos principios de estabilidade orzamentaria e sostenibilidade financeira, e o compromiso de incluír nos orzamentos das anualidades 2021 e 2022 as cantidades indicadas.

Por tratarse dun gasto de carácter plurianual os devanditos gastos financiaranse conforme ao disposto no artigo 174 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Facendas Locais.

2º.- A duración do contrato será de 2 anos prorrogables por outros dous anos (2+2).

3º.- Publicar no sitio web da Deputación de Lugo no menú servizos -perfil do contratante (<http://www.deputacionlugo.org/> ou www.contrataciondelestado.es), e notificar aos interesados a adxudicación de acordo co previsto nos artigos 54 e 151 da LCSP.

4º.- Instar, de conformidade co disposto no artigo 153 da LCSP, á formalización en documento administrativo da presente contratación, e que terá lugar unha vez transcorrido o prazo de 15 días hábiles a contar desde a remisión da notificación da adxudicación aos licitadores, sen que se houberse interposto recurso especial en materia de contratación, que leve aparellada a suspensión da formalización.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

3.- PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN, SE PROCEDE, DA ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DE SUBMINISTRACIÓN DE EQUIPAMENTO PARA LAVANDARÍA E ARTIGOS DE COCIÑA PARA O CENTRO DE ATENCIÓN A PERSOAS MAIORES DE PEDRAFITA DO CEBREIRO.

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Vista a Acta da sesión da Mesa de Contratación, celebrada o 20 de novembro de 2020, na que se recollen os seguintes antecedentes e consideracións:

“Antecedentes.

Proposta de inicio de expediente de contratación e memoria xustificativa do contrato, con CSV: IV7GUPI6BTUTJ6P6UQHCI527AA¹.

Prego de prescricións técnicas con CSV: IV7GUPXPYBG7LCEO4MMFMA3EOM.

Informe de Intervención relativo á existencia e adecuación de crédito con CSV: IV7GVXCI0BXOLSHOTQPTIQYQCI.

Prego de cláusulas administrativas particulares con CSV: IV7GWYKTMEPJTS6IDUOFOYLC4.

Informe xurídico do Servizo de Contratación e Fomento, conformado pola Secretaria Xeral, con CSV: IV7GWYJIEFNZZ67P4I4MKYLTME.

Fiscalización limitada previa do expediente, con CSV: IV7GW7SPB3R6TWN0ZUAV4ISPKQ.

Proposta de Presidencia, con CSV: IV7GWYJ7HY7CZD5O6Q4C6NACOQ.

¹Accesible no seguinte enlace <https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/pages/verification-code.htm>



Acordo da Xunta de Goberno de data 3 de xullo de 2020, polo que se aproba o expediente de contratación, os pregos de cláusulas administrativas e de prescricións técnicas, o procedemento de adxudicación e o gasto proposto, con CSV: IV7GWK3Z35435PHN4AIEMAAPKE.

Solicitudes de oferta realizadas as empresas Comercial Casal S.L., Grupo Empresarial Migan S.L. e Mariña Clima S.L.

Acta da Mesa de contratación do día 20 de outubro de 2020, con CSV IV7GSULOCF6DT5BTQAXREF7Q54, na que se recolle o seguinte:

“Primeiro.- Apertura e cualificación administrativa correspondente ás proposicións presentadas polos licitadores no procedemento.

Deuse conta que, segundo os datos que obran na Plataforma de Contratación do Sector Público, as tres empresas convidadas a este procedemento presentaron proposición:

Comercial Casal S.L.

Grupo Empresarial Migan S.L.

Mariña Clima S.L.

Tendo en conta que os licitadores concorrentes presentaron as súas propostas dentro do prazo estipulado, procédese á apertura e exame dos sobres “A” (documentación administrativa) resultando que as licitadoras presentan a documentación correctamente. A Mesa de contratación acorda admitilas ao proceso de adxudicación.

Segundo.- Apertura criterios avaliados automaticamente correspondente ás proposicións presentadas polos licitadores no procedemento.

Acto seguido procédese á apertura da documentación contida nos Sobres “B”, cos seguintes resultados:

LICITADORES	OFERTA SEN IVE EUROS	PRAZO DE GARANTÍA
COMERCIAL CASAL S.L.	49.910	4
GRUPO EMPRESARIAL MIGAN S.L.	44.256,48	3
MARIÑA CLIMA S.L.	43.450	4

A oferta presentada por Comercial Casal S.L. supera o orzamento base de licitación (44.463,00 euros, sen IVE), polo que a Mesa de contratación acorda a exclusión da mesma do procedemento de licitación, en cumprimento do disposto no artigo 84 do Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, aprobado por Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro (RXLCAP) e apartado P do Cadro Resumo do PCAP.

Terceiro.- Valoración criterios avaliados automaticamente correspondente ás proposicións presentadas polos licitadores no procedemento.

Procédese á aplicación das fórmulas matemáticas recollidas no cadro resumo do PCAP, correspondente ás proposicións presentadas polos licitadores nesta primeira fase do procedemento, co resultado seguinte:

LICITADORES	PUNTUACIÓN OFERTA ECONÓMICA	PUNTUACIÓN PRAZO DE GARANTÍA	PUNTUACIÓN TOTAL
GRUPO EMPRESARIAL MIGAN S.L.	83,45	5	88,45
MARIÑA CLIMA S.L.	85	10	95

A Mesa de Contratación acorda, por unanimidade dos presentes, iniciar a fase de negociación (fase 2 do proceso de valoración de ofertas), de acordo co previsto nas cláusulas 12 e 16 do PCAP, facultando ao Servizo de Contratación e Fomento para cursar o pertinente convite a Grupo Empresarial Migan S.L. e Mariña Clima S.L.”

Acta da Mesa de contratación, de 29 de outubro de 2020, con CSV IV7GTUDJLFRMRCODSH4VHZQCCQ, que recolle o seguinte:



“Primeiro.- Apertura de documentación adicional (oferta económica segunda fase do procedemento negociado).

Dase conta á Mesa de que cursáronse os oportunos convites nesta fase de negociación, a través da Plataforma de Contratación do Sector Público, con data 21 de outubro de 2020, as empresas Mariña Clima S.L. e Grupo Empresarial Migan S.L., con prazo de presentación de oferta ata o día 26 de outubro de 2020.

Procédese á apertura das ofertas presentadas en prazo por ditas licitadoras, sendo as ofertas económicas as seguintes:

Licitadores	Oferta sen iva (euros)
GRUPO EMPRESARIAL MIGAN S.L.	43.256,48
MARIÑA CLIMA S.L.	43.320,00

Segundo.- Valoración criterios avaliables automaticamente correspondente ás proposicións presentadas polos licitadores no procedemento.

Procédese á valoración das ofertas nesta fase segunda da negociación, co resultado seguinte:

LICITADORES	PUNTUACIÓN 2ª FASE
GRUPO EMPRESARIAL MIGAN S.L.	20,00 puntos
MARIÑA CLIMA S.L.	19,97 puntos

A puntuación obtida polos licitadores admitidos (suma da fase primeira e fase segunda) é a seguinte:

LICITADORES	PUNTUACIÓN FINAL
GRUPO EMPRESARIAL MIGAN S.L.	108,45 puntos
MARIÑA CLIMA S.L.	114,97 puntos

Terceiro.- Mellor valorado. Requirimento de documentación.

A Mesa de Contratación acorda por unanimidade elevar ao órgano de contratación a seguinte Proposta de Resolución:

Excluir á licitadora Comercial Casal S.L., por superar a súa oferta o orzamento base de licitación.

Clasificar, por orde decrecente, as propostas presentadas, aceptadas e non declaradas desproporcionadas ou anormalmente baixas, de acordo co artigo 150 da LCSP e a cláusula 13 do PCAP, co seguinte resultado:

ORDE	LICITADOR	PUNTUACIÓN TOTAL
1	MARIÑA CLIMA S.L.	114,97 puntos
2	GRUPO EMPRESARIAL MIGAN S.L.	108,45 puntos

Requirir a Mariña Clima S.L. para que, dentro do prazo de dez días hábiles, presente a documentación á que se refiren os artigos 150.2 e 153.4 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público e que se recolle na cláusula décimo sétima do prego de cláusulas administrativas.”

Reunida a Mesa de Contratación o día de hoxe, 20 de novembro de 2020, aos efectos de examinar a documentación do artigo 150 da LCSP, pola Presidencia dáse conta de que, no servizo de contratación, e con carácter previo á constitución da mesa, de conformidade co texto único das instrucións de aplicación da LCSP, procedeuse á apertura do requirimento de documentación administrativa, cursado a través da Plataforma de contratación do sector público o día 6 de novembro de 2020.

A empresa Mariña Clima S.L., atendeu ao requirimento a través da Plataforma de Contratos do Sector Público o día 17 de novembro de 2020.

Acto seguido procédese ao exame da documentación presentada co seguinte resultado:



Documentos acreditativos da personalidade, capacidade do empresario e da representación (artigo 84 da LCSP e 21 RXLCAP):

Presenta copias do CIF da empresa e do DNI do representante, D. Luis Anllo González.

Aporta escritura de constitución da empresa, na que consta como obxecto social a instalación, venda e reparación de equipos de fricalor, así como de mobiliario para a hostelería e o comercio e nomeamento como administrador solidario a D. Luis Anllo González. Consta inscrición no Rexistro mercantil de Lugo.

IAE: Presenta certificado da Axencia Tributaria de alta nos epígrafes instalacións de frío e calor e comercio aparatos de uso doméstico, así como declaración responsable de non se ter dado de baixa e estar exento de pago do IAE.

Aporta certificación administrativa positiva ou de estar ao corrente coas obrigas tributarias expedida pola Axencia Tributaria de data 9 de novembro de 2020.

Consultouse ao servizo de recadación da Deputación Provincial de Lugo, no relativo as débedas coa administración contratante, incorpórase certificación positiva expedida por este servizo ao expediente.

Envía certificación administrativa que acredita estar ao corrente no cumprimento das obrigas coa Seguridade Social do día 9 de novembro de 2020.

Presenta declaración responsable de que a entidade non se atopa en concurso de acredores.

Achega resgardo acreditativo da garantía definitiva e consta carta de pago da Tesourería provincial.

Solvencia económica e financeira: Presenta certificado de depósito de contas no Rexistro Mercantil de Lugo, no que consta un volume anual de negocios, referido ao ano 2019 superior ao esixido no PCAP.

Solvencia técnica ou profesional: Presenta varios certificados de subministracións realizadas, a título de exemplo, a de Grupo Restaurgal S.L. por importe de 107.277 euros, que supera o importe requirido. Acompaña detalle dos artigos subministrados, que son similares os esixidos no PPT.

Aporta documento que contén o interlocutor responsable por parte da adxudicataria.

A Mesa de Contratación, vista a documentación presentada, considera cumprimentado correctamente o trámite, de xeito que, por unanimidade dos seus membros, acorda propoñer que, pola Xunta de Goberno, previa fiscalización, se adopte o seguinte acordo:

Adxudicar á empresa Mariña Clima S.L., a contratación da subministración de equipamento para lavandaría e artigos de cociña para o centro de atención a persoas maiores de Pedrafita do Cebreiro, por un importe de 43.320 €, aos que se engadirán 9.097,20 € en concepto de IVE (21 %), o que ascende a un total de 52.417,20 €, cun prazo de garantía para a totalidade dos produtos do lote de 4 anos.

Publicar no sitio web da Deputación de Lugo no menú servizos -perfil do contratante (<http://www.deputacionlugo.org/> ou www.contrataciondelestado.es), e notificar aos interesados a adxudicación de acordo co previsto nos artigos 54 e 151 do LCSP.

Instar, de conformidade co disposto no artigo 153 da LCSP, á formalización en documento administrativo da presente contratación, na data que a Administración contratante sinale, unha vez notificado o acordo.

Dar traslado da presente proposta de acordo ao departamento de Intervención para que proceda á fiscalización previa da adxudicación aos efectos oportunos.”



Polo que vai dito e en base ao mesmo, proponse que pola Xunta de Goberno, se adopte o seguinte acordo:

1º.- Adxudicar á empresa Mariña Clima S.L., a contratación da subministración de equipamento para lavandaría e artigos de cociña para o centro de atención a persoas maiores de Pedrafita do Cebreiro, por un importe de 43.320 €, aos que se engadirán 9.097,20 € en concepto de IVE (21 %), o que ascende a un total de 52.417,20 €, cun prazo de garantía para a totalidade dos produtos do lote de 4 anos.

2º.- Son condicións especiais ás que se lles atribúe o carácter de obrigas contractuais esenciais aos efectos do art. 211.1.f), en cumprimento do previsto no art. 202, ambos da LCSP, e polo tanto terán esta condición as obrigas recollidas na cláusula 22.2 do PCAP.

3º.- O prazo máximo de entrega é de 45 días naturais desde a sinatura da acta de inicio.

4º.- Publicar no sitio web da Deputación de Lugo no menú servizos -perfil do contratante (<http://www.deputacionlugo.org/> ou www.contrataciondelestado.es), e notificar aos interesados a adxudicación de acordo co previsto nos artigos 54 e 151 do LCSP.

5º.- Instar, de conformidade co disposto no artigo 153 da LCSP, á formalización en documento administrativo da presente contratación, na data que a Administración contratante sinala.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

4.- PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN, SE PROCEDE, DA CONTRATACIÓN DAS PRESTACIÓNS A PERSOAS MAIORES NOS CAM DE CASTROVERDE E PEDRAFITA DO CEBREIRO.

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Vista a Acta da sesión da Mesa de Contratación, celebrada o 25 de novembro de 2020, na que se recollen os seguintes antecedentes e consideracións:

“Antecedentes.

Anuncio previo, publicado o 13 de marzo de 2020 na Plataforma de Contratos do Sector Público e o 16 do mesmo mes no DOUE.

Proposta de inicio de expediente de contratación, con CSV: IV7GUSJZJX5YYWXZYZNBIPQC4A².

Memoria xustificativa do contrato, con CSV: IV7GUPZIPVN5VHBLZT6BDYJSAI e aclaración da mesma, con CSV: IV7GVXDMF4ZORLZIU74SE43AKQ.

Prego de prescricións técnicas, con CSV: IV7GUSIOYE7NZ35DVVUR632CG4.

Informe de Intervención relativo á existencia e adecuación de crédito con CSV: IV7GU3T73VP3WXETW7X5CL2A54.

Prego de cláusulas administrativas particulares con CSV: IV7GVXASJP5CRWXPW4FRL7XGM4.

Informe xurídico do Servizo de Contratación e Fomento, conformado pola Secretaria Xeral, con CSV: IV7GVXLLZVXO73GL2VVUEV3TEI.

Fiscalización limitada previa do expediente, con CSV: IV7GWSSJ3HW4IRFZ4XYGAM2B74.

Proposta de Presidencia, con CSV: IV7GVXLMDU4T6SZZAZ6CA4HQEM.

² Accesible no seguinte enlace <https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/pages/verification-code.htm>



Acordo da Xunta de Goberno de data 25 de setembro de 2020, polo que se aproba o expediente de contratación, os pregos de cláusulas administrativas e de prescricións técnicas, o procedemento de adxudicación e o gasto proposto, con CSV: IV7GWYJJB7IL3UMUVVEM7YOIM.

Anuncio de licitación, publicado o 2 de outubro de 2020 na Plataforma de Contratos do Sector Público e no DOUE.

Acta da Mesa de contratación do día 16 de outubro de 2020, con CSV IV7GSQP7LZEPJSPS3QQC6RQREU, na que se recolle o seguinte:

“Deuse conta que, segundo os datos obrantes na Plataforma de Contratación do Sector Público, os licitadores presentados dentro do prazo a este procedemento foron os seguintes:

As Rodas Vivenda Comunitaria, S.L.: Lote 1 CAM Castroverde.

En canto ao Lote 1 (CAM Castroverde), tendo en conta que a empresa concorrente presenta en tempo e forma a súa proposta, procédese á apertura e exame do sobre A, documentación administrativa, resultando que a licitadora presenta a declaración responsable esixida nos pregos de cláusulas administrativas debidamente. A Mesa de Contratación acorda admitir a proposta ao proceso de adxudicación e proceder á apertura do sobre B (sobre electrónico), relativo aos criterios avaliábeis mediante xuízo de valor, recollidos no PCAP, resultando que a licitadora presenta a memoria técnica, seguindo o índice previsto nos pregos. A Mesa acorda enviar a documentación contida no sobre B presentado pola licitadora a informe e valoración da Sección de Benestar Social e Igualdade.

En canto ao Lote 2 (CAM Pedrafita do Cebreiro) a Mesa acorda propor declarar deserto este lote por ausencia de proposicións.”

Acta da Mesa de contratación, de 29 de outubro de 2020, con CSV IV7G4TKPFRR3YWJYUZQEEZPAAI, que recolle o seguinte:

“Primeiro.- Valoración criterios baseados en xuízos de valor, lote 1: CAM Castroverde.

Con anterioridade á celebración da Mesa, enviouse copia aos asistentes do informe de data 27 de outubro de 2020, de avaliación da oferta técnica presentada pola licitadora As Rodas Vivenda Comunitaria S.L., con CSV IV7GTSDOZRPMVRJSSYIRGMIOGI, asinado por Dna. Silvia García López, Xefa da Sección de Benestar Social e Igualdade, que asiste á Mesa para as explicacións que procedan, e que conclúe o seguinte:

“(…) Visto o sinalado anteriormente, propónse a seguinte asignación de puntuación nos criterios de adxudicación cualitativos, cuantificables mediante xuízo de valor:

LOTE 1- CASTROVERDE	PUNTUACIÓN
B.1. CRITERIO Nº 1:	16,00
1.1.- Coherencia, racionalidade, estrutura e detalle da proposta	7,50
1.2.- Organización, descrición e planificación das prestacións	4,50
1.3.- Calidade prestacional	4,00
B.2. CRITERIO Nº 2:	2,30
2.1.- Valorarase a proposta dos menús extraordinarios	1,00
2.2.- Valorarase o compromiso expreso de incluír nos menús produtos de proximidade	0,80
2.3.- Valorarase a proposta de manutención e dietas, a partir dos requisitos mínimos esixidos na cláusula 4	0,50

Este é criterio ao respecto da avaliación dos criterios de adxudicación non avaliábeis automaticamente mediante fórmulas matemáticas, criterios cualitativos, cuantificables mediante xuízo de valor, recollidos nos PCAP do expediente EXP0012SE20-ABO.”

O informe foi asumido polos integrantes da mesa de contratación. As puntuacións son as que se reproducen no cadro precedente.

Segundo.- Apertura criterios avaliábeis automaticamente, lote 1: CAM Castroverde.

Acto seguido procedeuse á apertura do sobre C (criterios cuantificables mediante cifras, porcentaxes ou valores automáticos), sendo a oferta presentada pola licitadora a seguinte:



LOTE 1 -CASTROVERDE	Prezo unitario	IVE	Euro/persoa/día (C/IVE)
PRESTACIÓN EN ATENCIÓN RESIDENCIAL			
Persoa usuaria con autonomía	31,97 €/día	1,28 €	33,25 €/día
Persoa usuaria dependente	38,45 €/día	1,54 €	39,99 €/día
PRESTACIÓN EN CENTRO DE DÍA/ATENCIÓN DIÚRNA			
Persoa usuaria Xornada Completa	20,95 €/día	0,84 €	21,79 €/día
Persoa usuaria ½ Xornada	15,95 €/día	0,64 €	16,60 €/día
INCREMENTOS SERVICIOS DE ATENCIÓN DIÚRNA			
Comida principal	5,98 €/unidade	0,24 €	6,22 €/día
Comida secundaria	1,99 €/unidade	0,08 €	2,06 €/día
Hora extra atención	2,95 €/unidade	0,12 €	3,07 €/día

A licitadora comprométese a:

A aplicación de medidas concretas de confort ambiental e sustentabilidade: horto terapéutico.

A contratación de persoal para a execución do contrato a través da Axencia de Colocación da Deputación de Lugo.

A achega gratuíta, por cada doce meses de execución do contrato, de soporte e axudas técnicas para os/as usuarios do Centro por un importe de 1.000,00 euros.

A poñer a disposición da Deputación de Lugo unha bolsa de 90 horas/mensuais coas condicións recollidas no Anexo III do PCAP.

A realizar tres saídas/ano en autocar adaptado (xantar e merenda).

A realizar unha técnica de salón de peiteado-barbería e unha sesión de quiropodia ao mes, de balde, para persoa usuaria en atención residencial ou en atención diúrna a xornada completa e proporcionalmente á media xornada de atención diúrna.

Terceiro.- Valoración criterios avaliados automaticamente, lote 1: CAM Castroverde.

Comprobase que a oferta económica non se atopa en presunción de desproporcionada ou anormalmente baixa, segundo o disposto no artigo 149 da LCSP.

Procedeuse á valoración dos criterios avaliados automaticamente que, sumados á puntuación dos criterios sometidos á xuízo de valor, dá o seguinte resultado:

CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN PUNTUACIÓN		
A. CRITERIOS CUALITATIVOS CUANTIFICABLES MEDIANTE CIFRAS, PORCENTAXES OU VALORES AUTOMÁTICOS		
CUANTITATIVO	A1. OFERTA ECONÓMICA: PREZO	40,00
CUALITATIVO	A.2.1 CRITERIO Nº 3: COMPROMISO DE APLICACIÓN DE MEDIDAS CONCRETAS DE CONFORT AMBIENTAL E SUSTENTABILIDADE: HORTO TERAPÉUTICO.	3,00
	A.2.2 CRITERIO Nº 4: COMPROMISO CONTRATACIÓN PERSOAL POLA AXENCIA COLOCACIÓN	3,00
	A.2.3 CRITERIO Nº 5: COMPROMISO DE ACHEGA GRATUITA Á EXECUCIÓN DO CONTRATO DE SOPORTES E AXUDAS TÉCNICAS PARA OS/AS USUARIOS/AS DO CENTRO	2,00
	A.2.4 CRITERIO Nº 6: COMPROMISO DA CONTRATACIÓN DE PERSOAL PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES DE OCIO E TEMPO LIBRE.	6,00
	A.2.5 CRITERIO Nº 7: PLAN ANUAL DE SAÍDAS OU EXCURSIÓNS COAS PERSOAS USUARIAS DO CAM AO OBXECTO DE PROMOVER A CULTURA E O OCIO	2,00
	A.2.6 CRITERIO Nº 8: PRESTACIÓNS COMPLEMENTARIAS OFERTADAS, NON INCLUIDAS DENTRO DO OBXECTO DO CONTRATO.	1,50
TOTAL CRITERIOS CUALITATIVOS MEDIANTE FÓRMULA MATEMÁTICA		17,50
A. TOTAL CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN AVAILABLES MEDIANTE FÓRMULAS OU VALORES AUTOMÁTICOS		57,50
B. CRITERIOS CUALITATIVOS, CUANTIFICABLES MEDIANTE XUIZO DE VALOR		
CUALITATIVO	B.1. CRITERIO Nº 1: CALIDADE TÉCNICA DA PROPOSTA PARA AS PRESTACIÓNS CONTRATADAS:	16,00
	1.1.- Coherencia, racionalidade, estrutura e detalle da proposta	7,50
	1.2.- Organización, descrición e planificación das prestacións	4,50
	1.3.- Calidade prestacional	4,00
	B.2. CRITERIO Nº 2: CALIDADE TÉCNICA DA PROPOSTA DOS PRODUTOS ALIMENTICIOS NO ÁMBITO DA SUSTENTABILIDADE E DA CALIDADE	2,30
	2.1.- Valorarase a proposta dos menús extraordinarios	1,00
	2.2.- Valorarase o compromiso expreso de incluír nos menús produtos de proximidade	0,80
	2.3.- Valorarase a proposta de manutención e dietas, a partir dos requisitos mínimos esixidos nos PPT.	0,50
	B. TOTAL CRITERIOS CUALITATIVOS, CUANTIFICABLES MEDIANTE XUIZO DE VALOR	18,30
A+B CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN PUNTUACIÓN		75,80

Cuarto.- Mellor valorado. Requirimento de documentación, lote 1: CAM Castroverde.

Visto canto antecede, a mesa de contratación, acordou por unanimidade elevar ao órgano de contratación a seguinte Proposta de Resolución:

Outorgar aos licitadores admitidos as seguintes puntuacións e clasificalos atendendo ao seguinte orde de importancia e ponderación:



ORDE	LICITADORES	PUNTUACIÓN TOTAL
1	AS RODAS VIVENDA COMUNITARIA S.L.	75,80

Requirir á empresa As Rodas Vivenda Comunitaria S.L., para que, dentro do prazo de dez días hábiles, a contar dende o seguinte a aquel en que reciba o requirimento, presente a documentación á que se refire o artigo 150.2 do LCSP e que se recolle na cláusula décimo sétima do prego de cláusulas administrativas.”

Reunida a Mesa de Contratación o día de hoxe, 25 de novembro de 2020, aos efectos de examinar a documentación do artigo 150 da LCSP, pola Presidencia dáse conta de que, no servizo de contratación, e con carácter previo á constitución da mesa, de conformidade co texto único das instrucións de aplicación da LCSP, procedeuse á apertura do requirimento de documentación administrativa, cursado a través da Plataforma de contratación do sector público o día 6 de novembro de 2020.

A empresa As Rodas Vivenda Comunitaria S.L., atendeu ao requirimento a través da Plataforma de Contratos do Sector Público o día 19 de novembro de 2020.

Acto seguido procédese ao exame da documentación presentada co seguinte resultado:

Documentos acreditativos da personalidade, capacidade do empresario e da representación (artigo 84 da LCSP e 21 RXLCAP):

Presenta certificado de inscrición no Rexistro oficial de licitadores e empresas clasificadas do sector público, rolece, no que consta CIF da empresa, DNI da representante, administradora solidaria da empresa, Dña. Montserrat López López e obxecto social, prestación de servizos sociais á terceira idade. Obra en poder desta Deputación, contratación de prestacións a maiores no CAM A Fonsagrada, inscrición da sociedade no Rexistro Mercantil de Lugo, que se incorpora a este expediente.

A empresa aporta declaración de vixencia dos datos que constan no rolece e declaración de vixencia do cargo de administradora solidaria da representante da empresa.

IAE: Presenta certificado da Axencia Tributaria de alta no epígrafe 951 (asistencia y servicios sociales a disminuídos), así como declaración responsable de non se ter dado de baixa e estar exenta de pago do IAE.

Aporta certificación administrativa positiva ou de estar ao corrente coas obrigas tributarias expedida pola Axencia Tributaria de data 10 de novembro de 2020.

Consultouse ao servizo de recadación da Deputación Provincial de Lugo, no relativo as débedas coa administración contratante, incorpórase certificación positiva expedida por este servizo ao expediente.

Envía certificación administrativa que acredita estar ao corrente no cumprimento das obrigas coa Seguridade Social do día 10 de novembro de 2020.

Presenta declaración responsable de que a entidade non se atopa en concurso de acredores.

Achega xustificante de datos inscritos no Rexistro Único de entidades prestadoras de servizos sociais, co número de inscrición E-2336. Verificouse polo Servizo de Contratación a conformidade dos datos indicados consultando directamente o RUEPSS no seguinte enderezo web: <https://benestar.xunta.es/xiacweb>.

Achega resgardo acreditativo da garantía definitiva e consta carta de pago da Tesourería provincial.

Solvencia económica e financeira: Presenta certificado de depósito de contas no Rexistro Mercantil de Lugo, no que consta un volume anual de negocios, referido ao ano 2019 superior ao esixido no PCAP.

Solvencia técnica ou profesional: Presenta dous certificados que acreditan experiencia en xestión de centros sociais con aloxamento que comprenden servizos, traballos ou actividades socio-sanitarios, de limpeza e lavandaría e suman un importe superior ao esixido no PCAP.



Aporta documento que contén o interlocutor responsable por parte da adxudicataria.

A Mesa de Contratación, vista a documentación presentada, considera cumprimentado correctamente o trámite, de xeito que, por unanimidade dos seus membros, acorda propoñer que, pola Xunta de Goberno, previa fiscalización, se adopte o seguinte acordo:

Declarar deserto o lote 2 (CAM Pedrafita do Cebreiro) por non terse presentado ningunha proposición.

Adxudicar á empresa As Rodas Vivenda Comunitaria S.L., a contratación das prestacións ás persoas maiores no Centro de Atención a Maiores de Castroverde (lote 1), por un importe de 1.045.105,00 €, aos que se engadirán 41.804,20 € en concepto de IVE (4 %), o que ascende a un total de 1.086.909,20 €.

A empresa adxudicataria comprométese a realizar a prestación polos seguintes unitarios:

LOTE 1 -CASTROVERDE	Prezo unitario	IVE	Euro/persoa/día (C/IVE)
PRESTACIÓN EN ATENCIÓN RESIDENCIAL			
Persoa usuaria con autonomía	31,97 €/día	1,28 €	33,25 €/día
Persoa usuaria dependente	38,45 €/día	1,54 €	39,99 €/día
PRESTACIÓN EN CENTRO DE DÍA/ATENCIÓN DIÚRNA			
Persoa usuaria Xornada Completa	20,95 €/día	0,84 €	21,79 €/día
Persoa usuaria ½ Xornada	15,95 €/día	0,64 €	16,60 €/día
INCREMENTOS SERVIZOS DE ATENCIÓN DIÚRNA			
Comida principal	5,98 €/unidade	0,24 €	6,22 €/día
Comida secundaria	1,99 €/unidade	0,08 €	2,06 €/día
Hora extra atención	2,95 €/unidade	0,12 €	3,07 €/día

A empresa comprométese a:

A aplicación de medidas concretas de confort ambiental e sustentabilidade: horto terapéutico.

A contratación de persoal para a execución do contrato a través da Axencia de Colocación da Deputación de Lugo.

A achega gratuíta, por cada doce meses de execución do contrato, de soporte e axudas técnicas para os/as usuarios do Centro por un importe de 1.000,00 euros.

A poñer a disposición da Deputación de Lugo unha bolsa de 90 horas/mensuais coas condicións recollidas no Anexo III do PCAP.

A realizar tres saídas/ano en autocar adaptado (xantar e merenda).

A realizar unha técnica de salón de peiteado-barbería e unha sesión de quiropodia ao mes, de balde, para persoa usuaria en atención residencial ou en atención diúrna a xornada completa e proporcionalmente á media xornada de atención diúrna.

Publicar no sitio web da Deputación de Lugo no menú servizos -perfil do contratante (<http://www.deputacionlugo.org/> ou www.contrataciondelestado.es), e notificar aos interesados a adxudicación de acordo co previsto nos artigos 54 e 151 do LCSP.

Instar, de conformidade co disposto no artigo 153 da LCSP, á formalización en documento administrativo da presente contratación, na data que a Administración contratante sinale, unha vez notificado o acordo.

Dar traslado da presente proposta de acordo ao departamento de Intervención para que proceda á fiscalización previa da adxudicación aos efectos oportunos.”

Polo que vai dito e en base ao mesmo, proponse que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

1º.- Declarar deserto o lote 2 (CAM Pedrafita do Cebreiro) por non terse presentado ningunha proposición.

2º.- Adxudicar á empresa As Rodas Vivenda Comunitaria S.L., a contratación das prestacións ás persoas maiores no Centro de Atención a Maires de Castroverde (lote 1), tendo en



conta a data prevista de inicio do servizo, o 23 de decembro de 2020, por un importe de 936.733,68 €, aos que se engadirán 37.469,35 € en concepto de IVE (4 %), o que ascende a un total de 974.203,03 €.

Tendo en conta a data prevista de inicio do servizo, o 23 decembro de 2020, a distribución por anualidades é a seguinte:

Anualidade	Importe con IVE incluído (euros)
2020	15.139,63
2021	649.484,54
2022	309.578,86
total	974.203,03

A Deputación adquire o compromiso, supeditado a dispoñibilidade orzamentaria e ao cumprimento dos principios de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, de incluír nos orzamentos das anualidades 2021 e 2022 as cantidades indicadas, nas aplicacións correspondentes.

Por tratarse dun gasto de carácter plurianual, os devanditos gastos financiaranse conforme ao disposto no artigo 174 do Real Decreto Legislativo 2/2004, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Facendas Locais.

3º.- A empresa adxudicataria comprométese a realizar a prestación polos seguintes unitarios:

LOTE 1 -CASTROVERDE	Prezo unitario	IVE	Euro/persoa/día (C/IVE)
PRESTACIÓN EN ATENCIÓN RESIDENCIAL			
Persoa usuaria con autonomía	31,97 €/día	1,28 €	33,25 €/día
Persoa usuaria dependente	38,45 €/día	1,54 €	39,99 €/día
PRESTACIÓN EN CENTRO DE DÍA/ATENCIÓN DIÚRNA			
Persoa usuaria Xornada Completa	20,95 €/día	0,84 €	21,79 €/día
Persoa usuaria ½ Xornada	15,95 €/día	0,64 €	16,60 €/día
INCREMENTOS SERVICIOS DE ATENCIÓN DIÚRNA			
Comida principal	5,98 €/unidade	0,24 €	6,22 €/día
Comida secundaria	1,99 €/unidade	0,08 €	2,06 €/día
Hora extra atención	2,95 €/unidade	0,12 €	3,07 €/día

A empresa comprométese a:

A aplicación de medidas concretas de confort ambiental e sustentabilidade: horto terapéutico.

A contratación de persoal para a execución do contrato a través da Axencia de Colocación da Deputación de Lugo.

A achega gratuíta, por cada doce meses de execución do contrato, de soporte e axudas técnicas para os/as usuarios do Centro por un importe de 1.000,00 euros.

A poñer a disposición da Deputación de Lugo unha bolsa de 90 horas/mensuais coas condicións recollidas no Anexo III do PCAP.

A realizar tres saídas/ano en autocar adaptado (xantar e merenda).

A realizar unha técnica de salón de peiteado-barbería e unha sesión de quiropodia ao mes, de balde, para persoa usuaria en atención residencial ou en atención diúrna a xornada completa e proporcionalmente á media xornada de atención diúrna.

4º.- Son condicións especiais ás que se lles atribúe o carácter de obrigas contractuais esenciais aos efectos do art. 211.1.f), en cumprimento do previsto no art. 202, ambos da LCSP, e polo tanto terán esta condición as obrigas recollidas na cláusula 22.2 do PCAP.

5º.- O contrato executarase desde o día seguinte á subscrición da acta de inicio ata o 20 de xuño de 2022.

6º.- Publicar no sitio web da Deputación de Lugo no menú servizos -perfil do contratante (<http://www.deputacionlugo.org/> ou www.contrataciondelestado.es), e notificar aos interesados a adxudicación de acordo co previsto nos artigos 54 e 151 do LCSP.

7º.- Instar, de conformidade co disposto no artigo 153 da LCSP, á formalización en documento administrativo da presente contratación, na data que a Administración contratante sinala.”



A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

5.- PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN, SE PROCEDE, DA CONTRATACIÓN DA SUBMINISTRACIÓN PARA A RENOVACIÓN DO EQUIPAMENTO TECNOLÓXICO DO CENTRO ASOCIADO DA UNED EN LUGO.

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor.

“Vista a Acta da sesión da Mesa de Contratación, celebrada o 20 de novembro de 2020, na que se recollen os seguintes antecedentes e consideracións:

“Antecedentes:

Solicitud de consignación orzamentaria con CSV:
IV66TXAKAD67YT6SQL7HN4J6OA³.

Memoria xustificativa do contrato con CSV: IV67FXPCLF7S3S645R6EM7SCKA.

Anexo á memoria xustificativa, con CSV: IV67FXPDKEVPYT4DXROSL7Y77Y.

Prego de prescricións técnicas, con CSV: IV67FTYDLUXPKVOTAJMQ673G74.

Informe de Intervención relativo á existencia e adecuación de crédito con CSV:
IV664SPJLRN3IRP7W5HGMBXVGY.

Prego de cláusulas administrativas particulares con CSV:
IV67GXB4JYGT5JNJQHVD4PQVAU.

³Accesible no seguinte enlace <https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/pages/verification-code.htm>

Informe xurídico firmado polo Xefe do Servizo de Contratación e Fomento, e conformado pola Secretaria Xeral Adxunta, con CSV: IV67GXBTOF5DWXM2SZWGC7YRIE.

Fiscalización limitada previa do expediente, con CSV: IV67G2CDZNH2WS45AT7MGMKOCA.

Proposta de Presidencia, con CSV IV67G2BZZUODKXNZW4U4D7ZO44.

Acordo da Xunta de Goberno, de data 04 de setembro do 2020, polo que se aproba o expediente de contratación, os pregos de cláusulas administrativas e de prescricións técnicas, o procedemento de adxudicación e o gasto proposto, con CSV: IV67GHKYZ7WOR3RJ3RNS4YYHK4.

Publicación, o día 08 de setembro do 2020, do Anuncio de Licitación no Perfil do Contratante da Deputación Provincial de Lugo (Xunta de Goberno), integrado na Plataforma de Contratación do Sector Público (www.contrataciondelestado.es).

Consta no expediente identificación dos licitadores presentados dentro do prazo a este procedemento, segundo a Plataforma de Contratación do Sector Público.

Acta da Mesa de Contratación, reunida en acto público con data 28 de setembro do 2020, na que se recolle o seguinte:

“Pola Presidencia dáse conta que no servizo de contratación na data de hoxe, e con carácter previo á constitución da mesa, que de conformidade co texto único das instrucións de aplicación da Lei de Contratos do Sector Público, procedeuse á apertura dos sobres A de documentación administrativa das empresas presentadas, téndose comprobado con carácter previo que ditas proposicións foran presentadas en prazo. Verificouse a documentación administrativa presentada polas empresas:



LICITADORES LOTE 1
HERBECON SYSTEMS S.L.
LICITADORES LOTE 2
NON SE PRESENTAN LICITADORES
LICITADORES LOTE 3
NON SE PRESENTAN LICITADORES
LICITADORES LOTE 4
TECESA ACUSTICA VISUAL S.L.
LICITADORES LOTE 5
TECESA ACUSTICA VISUAL S.L.
LICITADORES LOTE 6
NON SE PRESENTAN LICITADORES

Vista a documentación presentada polos licitadores nos sobres “A”, polo Servizo de Contratación e Fomento, non se apreciou a concorrencia de defectos na mesma. Dada conta, ao órgano de asistencia, a través da súa presidencia, de ditas actuacións previas, enterado éste, constitúese a mesa de contratación - a través de medios electrónicos- sendo as 11:45 horas do día 28 de setembro do 2020, baixo a Presidencia de D. José Domingo Rodríguez Ferreira, co obxecto de tratar os asuntos seguidamente relacionados e que constan na convocatoria efectuada polo Presidente da Mesa, na data do 23 de setembro do 2020.

Polo Presidente da Mesa procédese á lectura da orde do día que se recolle a continuación:

Apertura e calificación administrativa. Contratación da subministración para a renovación do equipamento tecnolóxico do Centro Asociado da UNED en Lugo.

Valoración criterios avaliados automaticamente. Contratación da subministración para a renovación do equipamento tecnolóxico do Centro Asociado da UNED en Lugo.

Mellor valorado. Requirimento de documentación .

En primeiro lugar dáse conta aos membros da mesa de contratación de que segundo os datos que obran na Plataforma de Contratación do Sector Público, procede declarar desertos os lotes 2,3 e 6 por non presentarse ningunha oferta. No resto dos lotes os licitadores presentados a este procedemento foron os seguintes:

Lote1: Herbecon Systems S.L.

Lote 4: Tecesa Acustica Visual S.L.

Lote 5: Tecesa Acustica Visual S.L.

Tendo en conta que os licitadores concorrentes presentaron as súas propostas en tempo e forma, procédese a admitilos a todos e á apertura en acto público, a través da retransmisión en streaming do sobre B, cos seguintes resultados:

Lote 1

LICITADORES	OFERTA ECONÓMICA.	PERÍODO DE GARANTÍA
HERBECON SYSTEMS S.L.	49.137,62	4 años

Lote 4

LICITADORES	OFERTA ECONÓMICA.	PERÍODO DE GARANTÍA
TECESA ACUSTICA VISUAL S.L.	29.487,70	4 años

Lote 5

LICITADORES	OFERTA ECONÓMICA.	PERÍODO DE GARANTÍA
TECESA ACUSTICA VISUAL S.L.	64.381,68	4 años

Unha vez comprobado que ningunha das ofertas admitidas á contratación de referencia, presenta valores anormalmente baixos ou desproporcionados en aplicación do establecido no artigo 149.2 da LCSP, en relación co artigo 85 do RD 1098/2001 de 12 de outubro do RXCAP, procédese á aplicación das fórmulas matemáticas contidas no cadro resumo do prego de cláusulas administrativas, cos seguintes resultados:

Lote 1

LICITADORES	OFERTA ECONÓMICA.	PERÍODO DE GARANTÍA
HERBECON SYSTEMS S.L.	90 PUNTOS	10 PUNTOS

Lote 4

LICITADORES	OFERTA ECONÓMICA.	PERÍODO DE GARANTÍA
TECESA ACUSTICA VISUAL S.L.	90 PUNTOS	10 PUNTOS

Lote 5

LICITADORES	OFERTA ECONÓMICA.	PERÍODO DE GARANTÍA
TECESA ACUSTICA VISUAL S.L.	90 PUNTOS	10 PUNTOS



Á vista dos resultados numéricos da aplicación dos criterios de valoración, a mesa de contratación, acorda, por unanimidade elevar ao órgano de contratación a seguinte Proposta de Resolución:

Declarar desertos os lotes 2,3 e 6 do contrato de subministración para a renovación do equipamento tecnolóxico do Centro Asociado da UNED en Lugo, posto que non se presentou ningunha oferta no prazo establecido como límite para presentación de ofertas (ata o día 23 de setembro de 2020) e que consta no anuncio de licitación publicado na Plataforma de Contratos do Sector Público o día 08 de setembro de 2020.

Clasificar aos licitadores admitidos (para o lote 1, 4 e 5), atendendo ao seguinte orde de importancia e ponderación:

Lote 1

Nº ORDE	LICITADORES	NOTA TOTAL
1	HERBECON SYSTEMS S.L.	100 PUNTOS

Lote 4

Nº ORDE	LICITADORES	NOTA TOTAL
1	TECESA ACUSTICA VISUAL S.L.	100 PUNTOS

Lote 5

Nº ORDE	LICITADORES	NOTA TOTAL
1	TECESA ACUSTICA VISUAL S.L.	100 PUNTOS

Requirir á empresa Herbecon Systems S.L. para o lote 1 e Tecesa Acustica Visual S.L., para os lotes 4 e 5, co obxecto de que, dentro do prazo de dez días hábiles, presenten de conformidade co artigo 150.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público e coa cláusula décimo sétima do prego de cláusulas administrativas, a seguinte documentación:

Documentos acreditativos da personalidade, capacidade do empresario e da representación (artigo 84 da LCSP e 21 RXLCAP):

Empresario individual: Fotocopia do Documento Nacional de Identidade (ou Pasaporte ou documento que o substitúa regulamentariamente) e do Número de Identificación Fiscal (se non aparecera reflectido no DNI).

Persoas Xurídicas:

Fotocopia do CIF da empresa.

Fotocopia do DNI (ou pasaporte ou documento que legalmente o substitúa) do representante da empresa.

Escritura de constitución e, no seu caso, modificación, inscrita no Rexistro Mercantil (“Caxetín” do Rexistro). No caso de que, conforme á lexislación mercantil, non fora esixible á persoa xurídica a súa inscrición no Rexistro Mercantil, para acreditar a capacidade de obrar, deberá presentarse escritura ou documento de constitución, estatutos ou acto fundacional, onde consten as normas polas que se regula a súa actividade, inscritos, no seu caso, no correspondente Rexistro oficial.

Cando o contratista actúe mediante representante, ou se trate dunha sociedade ou persoa xurídica, deberá achegar documento fidedigno acreditativo da existencia da representación e do ámbito das súas facultades para licitar, verificado de suficiencia (bastanteado) por quen teña facultades para elo, e declaración responsable de que dito apoderamento segue vixente. Para o caso de que o asinante da proposición teña a condición de administrador único ou solidario e dito extremo sexa comprobable coa documentación aportada, non será necesario o bastanteo.

En caso de concorrer en unión temporal de empresas, cada un dos empresarios deberá acreditar a súa capacidade de obrar e a súa solvencia económica, financeira e técnica ou profesional, coa presentación da documentación á que fan referencia os apartados anteriores. No caso de que o adxudicatario proposto sexa unha unión temporal de empresas, en caso de terse constituído como tal, poderá aportar a escritura pública de formalización da mesma, cuxa duración será coincidente coa do contrato ata a súa extinción. En caso de non aportala neste momento, deberá facelo con anterioridade a sinatura do contrato.



Os empresarios non españois de Estados membros da Comunidade Europea, deberán acreditar a súa capacidade de obrar pola súa inscrición no rexistro procedente de acordo coa lexislación do Estado onde estean establecidos, ou mediante a presentación dunha declaración xurada ou un certificado, nos termos que se establezan regulamentariamente, de acordo coas disposicións comunitarias de aplicación.

As restantes empresas estranxeiras deberán acreditar a súa capacidade de obrar mediante informe expedido pola Misión Diplomática Permanente ou Oficina Consular de España en cuxo ámbito radique o domicilio da empresa. As empresas estranxeiras, membros da comunidade europea ou non, deberán presentar declaración de someterse á xurisdición dos Xulgados e Tribunais españois de calquera orde, para todas as incidencias que de modo directo ou indirecto puidesen xurdir do contrato, con renuncia, se é o caso, ao foro xurisdiccional estranxeiro que puidese corresponder ao licitante. Así mesmo, deberán achegar informe da respectiva misión diplomática permanente española relativa a que o Estado da súa procedencia admite á súa vez a participación de empresas españolas na contratación coa Administración, en forma substancialmente análoga.

Os estranxeiros, sexan persoas físicas ou xurídicas, pertencentes ou non a Estados membros da Unión Europea que non teñan domicilio fiscal en España, deberán presentar ademais certificación expedida por autoridade competente no país de procedencia, acreditativa de atoparse ao corrente no cumprimento das correspondentes obrigas tributarias. Así mesmo, haberán de presentar certificación, tamén expedida por autoridade competente, na que se acredite que se atopen ao corrente no cumprimento das obrigas sociais que se esixan no país da súa nacionalidade.

Último recibo do Imposto sobre Actividades Económicas ou o documento de alta neste, cando esta sexa recente e non xurda aínda a obriga de pagamento. A alta deberá achegarse en todo caso cando no recibo achegado non conste o epígrafe da actividade ou no suposto de non estar obrigado ao pagamento. Esta documentación deberá estar referida ao epígrafe correspondente ás prestacións obxecto de contratación, que os faculte para o seu exercicio no ámbito territorial en que as exercen e deberá ir acompañada dunha declaración xurada de non ter causado baixa no referido/s epígrafe/s. No suposto de que o contratista estea exento do pagamento deberá acreditar tal circunstancia mediante declaración responsable.

Certificación administrativa positiva ou de estar ao corrente expedida polo órgano competente da Administración do Estado, polo que respecta ás obrigas tributarias con este último.

Certificación administrativa positiva ou de estar ao corrente expedida polo órgano competente da Administración da Deputación Provincial de Lugo, polo que acredite a circunstancia de non ter débedas tributarias en período executivo con esta (en caso de que non conste a expresa oposición do licitador, enténdese que autoriza a esta administración para a obtención do mesmo, polo mero feito de remitir a súa proposición).

Certificación administrativa positiva ou de estar ao corrente expedida pola autoridade administrativa competente que acredite estar ao corrente no cumprimento das obrigas coa Seguridade Social.

Certificación do Rexistro Mercantil ou declaración responsable de que a entidade non se atopa en concurso de acredores.

Habilitacións, autorizacións e demais documentación esixida para o exercicio da actividade, segundo o recollido no Cadro Resumo. Neste caso non se precisa.

Resgardo acreditativo da garantía definitiva. A garantía constituirase polo importe recollido no cadro resumo e na forma recollida na cláusula décima deste prego (no caso de que o contrato se divida en lotes, a empresa deberá constituír unha garantía independente para cada lote do que sexa requirida).

Documentos acreditativos da solvencia económica, financeira e técnica: Acreditarase conforme ao establecido nos artigos 74, 86 e 87 da LCSP e no Real Decreto 773/2015, do 28 de agosto, polo que se modifican determinados preceptos do RXLCAP; segundo o recollido no cadro resumo:



Solvencia económica e financeira: Deberá acreditarse de conformidade co establecido nos artigos 74 a 76 da LCSP, por algún dos seguintes medios:

Volume anual de negocios, referido ao ano de maior volume de negocios dos tres últimos concluídos. A estes efectos, o volume anual de negocios deberá ser como mínimo unha vez e media o valor anual medio do contrato:

LOTES	VOLUME ANUAL DE NEGOCIOS MÍNIMO
Lote 1 : Material informático xeral.	66.396,69 €
Lote 2: Impresora de alto rendemento	3.719,01 €
Lote 3: Material para Centro de Proceso de Datos (CPD)	4.586,78 €
Lote 4: Material para aula de extensión AVIP	44.182,76 €
Lote 5: Material para salón de actos AVIP	91.813,50 €
Lote 6: Sistema de videoconferencia sala AVIP	15.000,00 €

Aos efectos do cálculo do valor anual medio do contrato para a acreditación de solvencia non se considerarán as prórrogas, modificados ou opcións senón en exclusiva o importe equivalente a unha anualidade do contrato excluídos todos os impostos aplicables.

O volume anual de negocios do licitador ou candidato acreditarase por medio das súas contas anuais aprobadas e depositadas no Rexistro Mercantil, se o empresario estivese inscrito no devandito rexistro e, en caso contrario, polas depositadas no rexistro oficial en que deba estar inscrito. Os empresarios individuais non inscritos no Rexistro Mercantil acreditarán o seu volume anual de negocios mediante os seus libros de inventarios e contas anuais legalizados polo Rexistro Mercantil.

Patrimonio neto positivo, ao peche do último exercicio económico para o que estea vencida a obriga de aprobación de contas anuais por importe igual o superior a unidade.

Solvencia técnica ou profesional: Deberá acreditarse, de conformidade co artigo 89 da LCSP e co Real Decreto 773/2015, do 28 de agosto, polo que se modifican determinados preceptos do RXLC, polo seguinte medio:

Unha relación das principais subministracións de igual o similar natureza que as que constitúen o obxecto do contrato durante os tres últimos anos, na que se indique o importe, a data e

o destinatario, público ou privado dos mesmos. As subministracións realizadas acreditaranse mediante certificados ou visados expedidos polo órgano competente, cando o destinatario sexa unha entidade do sector público; cando o destinatario sexa un suxeito privado, mediante un certificado expedido por este ou, a falta deste certificado, mediante unha declaración do empresario acompañada dos documentos obrantes en poder do mesmo que acrediten a realización da prestación; no seu caso, estes certificados serán comunicados directamente ao órgano de contratación pola autoridade competente.

O requisito mínimo será que o importe anual acumulado no ano de maior execución sexa igual ou superior ao 70 por cento do valor anual medio do contrato, calculado como no apartado precedente:

LOTES	VOLUME ANUAL DE NEGOCIOS MÍNIMO
Lote 1 : Material informático xeral.	30.985,12 €
Lote 2: Impresora de alto rendemento	1.735,54 €
Lote 3: Material para Centro de Proceso de Datos (CPD)	2.140,50 €
Lote 4: Material para aula de extensión AVIP	20.618,62 €
Lote 5: Material para salón de actos AVIP	42.846,30 €
Lote 6: Sistema de videoconferencia sala AVIP	7.000,00 €

Non obstante, cando o contratista sexa unha empresa de nova creación, entendendo por tal aquela que teña unha antigüidade inferior a cinco anos, a solvencia técnica acreditarase por tres dos seguintes medios:

Declaración indicando o persoal técnico ou unidades técnicas, integradas ou non na empresa, participantes no contrato, especialmente aqueles encargados do control de calidade.

Descrición das instalacións técnicas, das medidas empregadas polo empresario para garantir a calidade e dos medios de estudio e investigación da empresa.

Mostras, descricións e fotografías dos produtos a subministrar, cuxa autenticidade poida certificarse a petición da entidade contratante.



Certificados expedidos polos institutos ou servizos oficiais encargados do control de calidade, de competencia recoñecida, que acrediten a conformidade de produtos perfectamente detallada mediante referencias a determinadas especificacións ou normas técnicas.

Indicación dos sistemas de xestión da cadea de subministro, incluídos os que garantan o cumprimento das Convencións fundamentais da Organización Internacional do Traballo, e de seguimento que o empresario poderá aplicar ao executar o contrato.

Documento que conteña o interlocutor responsable por parte da adxudicataria.”

A Proposta da mesa de contratación é aprobada mediante Resolución da Presidencia o día 07 de outubro de 2020 (CSV: IV7GQTRPPP6MLKXM4IXXHYSQ74).

Consta no expediente requirimento de documentación administrativa cursado a través da plataforma de contratación do sector público o día 15 de outubro de 2020.

Acredítase no expediente presentación de documentación administrativa por parte da empresa Tecesa Acústica Visual S.L. o día 23 de outubro de 2020, e por parte da empresa Herbecon Systems S.L., o día 29 de outubro de 2020, ambas dentro do prazo concedido a tales efectos.

Acta da mesa de contratación, reunida o día 03 de setembro de 2020, na que se recolle o seguinte:

“Reunida a Mesa o día de hoxe, en primeiro lugar, procedeuse ao exame da documentación presentada cos seguintes resultados:

Lote 1: Herbecón Systems S.L.

Documentos acreditativos da personalidade, capacidade do empresario e da representación (artigo 84 da LCSP e 21 RXLCAP):

O licitador presenta fotocopia do CIF da empresa e fotocopia do DNI do representante, D. Sergio Becerra Cabrera.

Achega escritura outorgada o día 28 de decembro de 2000 ante a Notario do Ilustre Colexio de Granada, D^a. Mercedes Rodríguez Paños, número 1690 de protocolo, na que figura que a sociedade ten por obxecto social – entre outras cousas- a compravenda de material informático e ofimático, suficiente para executar o obxecto do contrato.

Non é preciso bastanteo de poder, posto que o asinante da proposición ten a condición de administrador solidario da empresa e dito extremo é comprobable coa escritura aportada.

Consta recibo de pagamento do IAE, epígrafe 6592-1. Achega acreditación do de pagamento do último recibo do referido epígrafe do IAE, do Patronato de Recadación da Deputación de Málaga, e declaración de non ter causado baixa no mesmo datada o día 29 de outubro de 2020.

Aporta certificación administrativa positiva ou de estar ao corrente coas obrigas tributarias expedida pola Axencia Tributaria o día 29 de outubro de 2020.

Consultouse ao servizo de recadación da Deputación Provincial de Lugo, no relativo as débedas coa administración contratante, incorpórase certificación expedida por este servizo ao expediente.

Envía certificación administrativa que acredita estar ao corrente no cumprimento das obrigas coa Seguridade Social do día 17 de setembro de 2020.

Consta declaración responsable do día 29 de outubro de 2020 de que a entidade non se atopa en concurso de acredores.

Achega resgardo acreditativo da garantía definitiva, do 26 de outubro de 2020, incorpórase ao expediente bastanteo da Asesoría Xurídica da Deputación Provincial de Lugo.



No relativo aos documentos acreditativos da solvencia económica e financeira, achega contas anuais, depositadas no rexistro mercantil de Málaga, na que se recolle unha cifra de negocio para a anualidade 2018 e 2019 superior ao umbral mínimo esixido nos PCAP (66.396,69 euros).

No tocante á solvencia técnica achega relación das principais subministracións realizadas de igual ou similar natureza que as que constitúen o obxecto do contrato por importe superior ao umbral mínimo esixido no PCAP, acompañados de certificados de boa execución (30.985,12 euros).

Non achega documento que conteña interlocutor coa Deputación Provincial de Lugo non obstante a mesa de contratación considera suficiente o Anexo I, no que se recolle como persoa de contacto ao administrador solidario da empresa (...).

Lote 4 e 5: Tecesa Acústica Visual S.L.

Documentos acreditativos da personalidade, capacidade do empresario e da representación (artigo 84 da LCSP e 21 RXLCAP):

O licitador presenta fotocopia do CIF da empresa e fotocopia do DNI do representante, D. José María Pérez Bendaña.

Achega escritura outorgada o día 2 de maio de 2017, ante o Notario do Ilustre Colexio de Asturias D. Jesús María García Martínez, número 665 de protocolo, onde figura como obxecto social-entre outros- as actividades de elaboración de proxectos técnicos, consultoría e enxeñería de sistemas acústicos, electroacústicos, de evacuación por voz, de integración de sistemas audiovisuais, de iluminación, de maquinaria e equipamento escénico, de circuito cerrado de televisión (...)

Aporta escritura de poder outorgada ante o Notario do Ilustre Colexio de Asturias D. Jesús María García Martínez o día 02 de maio de 2017, número de protocolo 666. Non achega bastanteo de poder pola Asesoría Xurídica da Deputación Provincial de Lugo ou por quen teña facultades para elo, e declaración responsable de que dito apoderamento segue vixente.

Consta certificado de situación de alta no censo de actividades económicas da AEAT, no epígrafe 843.9, outros servizos técnicos ncop, acompañada de declaración responsable de exención do pagamento do IAE.

Aporta certificación administrativa positiva ou de estar ao corrente coas obrigas tributarias expedida pola Axencia Tributaria o día 14 de outubro de 2020.

Aporta certificación da Deputación Provincial de Lugo, do día 21 de outubro de 2020, no relativo as débedas coa administración contratante, incorpórase certificación expedida por este servizo ao expediente.

Envía certificación administrativa que acredita estar ao corrente no cumprimento das obrigas coa Seguridade Social do día 14 de outubro de 2020.

Consta declaración responsable do día 21 de outubro de 2020 de que a entidade non se atopa en concurso de acredores.

Achega resgardo acreditativo da garantía definitiva, un para o lote 4 e outro para o lote 5, bastanteados pola Abogacía do Estado. Non consta depósito da garantía definitiva na tesouraría da Deputación de Lugo.

No relativo aos documentos acreditativos da solvencia económica e financeira, achega contas anuais, na que se recolle unha cifra de negocio para a anualidade 2018 e 2019 superior ao umbral mínimo esixido nos PCAP (44.182,76 euros para o lote 4 e 91.813,50 euros para o lote 5). Non acredita depósito das contas no Rexistro mercantil correspondente.

No tocante á solvencia técnica achega relación das principais subministracións realizadas de igual ou similar natureza que as que constitúen o obxecto do contrato por importe superior ao umbral mínimo esixido no PCAP 20.618,62 € para o lote 4 e 42.846,30 € para o lote 5. Non achega certificados de boa execución.



Achega documento que contén interlocutor coa Deputación Provincial de Lugo

Tal e como recolle a cláusula 17 do PCAP, se o licitador presentara a documentación descrita nos apartados anteriores con defectos emendables, como é o caso, se concederá un prazo de tres días hábiles, co obxecto de que se proceda a súa emenda. Se o licitador non emenda ou se o fai fora de prazo, nestes casos entenderase que retirou a súa oferta, procedéndose a solicitar a mesma documentación ao licitador seguinte, pola orde en que quedaran clasificadas as ofertas. Neste suposto a Administración poderá acordar a incautación sobre a garantía definitiva dun 3% do orzamento base de licitación (IVE excluído) sen prexuízo de aplicar o establecido no art. 71.2 letra a) sobre eventuais causas de prohibición para contratar. Se a documentación presentada se axusta ao requirido o Órgano de contratación procederá á adxudicación.

A mesa de contratación, vista a documentación acorda Requerir á empresa Tecesa Acústica Visual S.L. para que, dentro do prazo de tres días hábiles, a contar dende o seguinte a aquel en que se remita o requirimento, presente a seguinte documentación:

Bastanteo de poder de D. José María Pérez Bendaña, emitido pola Asesoría Xurídica da Deputación Provincial de Lugo, ou por quen teña facultades para elo, e declaración responsable de que dito apoderamento segue vixente.

Acreditación do depósito das contas anuais no Rexistro Mercantil correspondente.

Debe achegar cando menos un certificado de boa execución por importe de 20.618,62 € para o lote 4 e 42.846,30 € para o lote 5.

Depósito dos avais constituídos en concepto de garantía definitiva -documento orixinal- na Tesouraría da Deputación Provincial de Lugo.

No tocante ao lote 1, a mesa de contratación considera cumprimentado correctamente o requirimento á mellor oferta de xeito que, por unanimidade dos seus membros, acorda propoñer que, pola Xunta de Goberno, previa fiscalización, se adopte o seguinte acordo:

Adxudicar á empresa Herbecón Systems S.L., a contratación da subministración do lote 1 do contrato de subministración para a renovación do equipamento tecnolóxico do Centro Asociado da UNED, en Lugo, por importe de 40.609,60 euros aos que se engadirán 8.528,02 euros en concepto de IVE, o que ascende a un total de 49.137,62 euros.

Consta no expediente requirimento de subsanación de documentación administrativa cursado á empresa Tecesa Acústica Visual S.L. a través da plataforma de contratación do sector público o día 10 de novembro de 2020, no tocante ao lote 4 e 5.

Acredítase no expediente presentación de documentación administrativa por parte da empresa Tecesa Acústica Visual S.L. o día 13 de novembro de 2020, dentro do prazo concedido a tales efectos. No tocante ao depósito da garantía definitiva, a empresa substitúe os avais bancarios depositados por dúas transferencias en metálico.

Reunida a mesa de contratación o día de hoxe, considérase cumprimentado correctamente o requirimento á mellor oferta de xeito que, por unanimidade dos seus membros, acorda propoñer que, pola Xunta de Goberno, previa fiscalización, se adopte o seguinte acordo:

Adxudicar á empresa Tecesa Acústica Visual S.L., a contratación da subministración dos lotes 4 e 5 do contrato de subministración para a renovación do equipamento tecnolóxico do Centro Asociado da UNED, en Lugo, polos seguintes importes:

Lote 4: 24.370,00 euros, aos que haberá que engadir 5.117,70 € en concepto de IVE (21 %), o que ascende a un total de 29.487,70 €

O licitador oferta unha garantía de 4 anos.

Lote 5: 53.208,00 euros, aos que haberá que engadir 11.173,68 € en concepto de IVE (21%), o que ascende a un total de 64.381,68 €.

O licitador oferta unha garantía de 4 anos.”



Polo que vai dito e en base ao mesmo, proponse que pola Xunta de Goberno, se adopte o seguinte acordo:

1º.- Declarar desertos os lotes 2,3 e 6 da contratación da subministración para a renovación do equipamento tecnolóxico do Centro Asociado da UNED en Lugo por non presentarse ningunha oferta.

2º.- Adxudicar á empresa Herbecón Systems S.L. a contratación da subministración do lote 1 do contrato de subministración para a renovación do equipamento tecnolóxico do Centro Asociado da UNED, en Lugo, por importe de 40.609,60 euros aos que se engadirán 8.528,02 euros en concepto de IVE, o que ascende a un total de 49.137,62 euros.

O licitador oferta unha garantía de 4 anos.

3º.- Adxudicar á empresa Tecesa Acústica Visual S.L. a contratación da subministración dos lotes 4 e 5 do contrato de subministración para a renovación do equipamento tecnolóxico do Centro Asociado da UNED, en Lugo, polos seguintes importes:

Lote 4: 24.370,00 euros, aos que haberá que engadir 5.117,70 € en concepto de IVE (21 %), o que ascende a un total de 29.487,70 €.

O licitador oferta unha garantía de 4 anos.

Lote 5: 53.208,00 euros, aos que haberá que engadir 11.173,68 € en concepto de IVE (21%), o que ascende a un total de 64.381,68 €.

O licitador oferta unha garantía de 4 anos.

4º.- Publicar no sitio web da Deputación de Lugo no menú servizos -perfil do contratante (<http://www.deputacionlugo.org/> ou www.contrataciondelestado.es), e notificar aos interesados a adxudicación de acordo co previsto nos artigos 54 e 151 do LCSP.

5º.- Instar, de conformidade co disposto no artigo 153 da LCSP, á formalización en documento administrativo da presente contratación, na data que a Administración contratante sinale, unha vez notificado o acordo.”

A Xunta de Goberno, por maioría de sete votos a favor e unha abstención (correspondente ao Sr. Deputado D. Pablo Rivera Capón, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

6.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE ACORDO INTERPRETATIVO EN RELACIÓN COAS INCIDENCIAS XURDIDAS NA XUSTIFICACIÓN DE ACTUACIÓNS INCLUÍDAS NO PLAN ÚNICO DE COOPERACIÓN COS CONCELLOS 2019.

Proposta de acordo interpretativo en relación coas incidencias xurdidas na xustificación de actuacións incluídas no Plan Único de Cooperación cos Concellos 2019 ao abeiro do programa de actividades deportivas.

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Visto o informe do Servizo de Contratación e Fomento, no que, entre outros se conteñen os seguintes extremos:

“En relación coas incidencias producidas na xustificación de actuacións incluídas polos concellos de O Incio e Triacastela, no programa de Actividades deportivas, que se traslada a este servizo a través de informe do Xefe de Servizo de Deportes, en data 17/11/2020, infórmase o seguinte:

Polo Pleno da Deputación Provincial, na sesión ordinaria que tivo lugar o 26 de febreiro de 2019 acordouse a aprobación das Bases Reguladoras do Plan Único de Cooperación cos Concellos 2019. Ditas Bases foron publicadas no BOP nº 052 do sábado 2 de marzo de 2019, fixándose nas



mesmas, o prazo do 31 de outubro de 2019 para adxudicar e formalizar, de proceder, os contratos referentes aos investimentos incluídos no Plan.

A base 3 sinala: “Con carácter xeral os concellos poderán destinar, a actividades deportivas, con cargo ao Plan único 2019 da Deputación de Lugo a cantidade que cada Concello determine, correspondentes ao exercicio natural de 2019”.

O Plan Único de Cooperación cos Concellos 2019 foi aprobado polo Pleno desta Deputación en sesión extraordinaria, en data 21/05/2019, figurando incluídas as actuacións que se sinalan.

Concello de O Incio

O concello de O Incio incluía no programa de actividade Deportivas do Plan Único 2019, as seguintes actividades:

ACTIVIDADE	AXUDA	ORZAMENTO
Deporte nas parroquias (ioga, zumba, ximansía mantemento) e xogos acuáticos	6.000,00€	6.000,00€

Segundo se indica no informe do Servizo de Deportes, no relativo á xustificación das actuacións, as accións acreditadas na conta xustificativa son as seguintes: Deporte nas parroquias, xogos acuáticos e organización de campionato de fútbolín.

Concello de Triacastela

O Concello de Triacastela incluía no programa de actividades deportivas do Plan Único 2019, as seguintes actividades:

ACTIVIDADE	AXUDA	ORZAMENTO	ANTICIPO
Trail e curso de natación	4.252,90€	4.252,90€	2.126,46€

O Concello de Triacastela, no relativo á xustificación das actuacións declara como accións acreditadas na conta xustificativa: curso de espeleoloxía e curso de natación.

Consta no expediente informe do Servizo de Deportes, no que, entre outras consideracións precisa “... vista as contas xustificativas formuladas, e vistas as actividades finalmente realizadas e que non se produciría modificación da partida orzamentaria, podería entenderse en aplicación dunha interpretación analóxica, que lle podería se de aplicación o contido e fins do acordo de Xunta de Goberno de data 21 de xuño de 2019 mencionado, tendo en conta a filosofía e obxectivos previstos nas Bases do Plan Único 2019, e que de acordo á documentación formulada pola entidade local, quedaría acreditado o cumprimento da finalidade crediticia das accións realizadas”.

O Servizo de Deportes entende que cumpriría “ ... 1.- Aceptar as contas xustificativas presentadas polos concellos do Incio e Triacastela do programa de actividades deportivas, que acredita a modificación da actividade deportiva inicialmente prevista, por outra actividade deportiva e de gasto corrente, toda vez que a incidencia producida non afectaría á consideración de accións de gasto corrente de actividades deportivas, tal como se determina nas bases. 2.- Determinar que, de producirse esta mesma circunstancia nas xustificacións presentadas por outros Concellos, que estean na mesma tesitura, esta interpretación se faga extensible a todas aquelas contas xustificativas do Plan Único 2019, sempre que non afecten á consideración de accións de gasto corrente da actividade incluída no programa”.

A Deputación ten como atribución principal a cooperación cos Concellos. As xustificacións presentadas polos Concellos, en exercicio da súa autonomía responde aos plans e programas previstos nas bases reitoras, e respectan os diferentes límites cuantitativos establecidos nas propias bases. Quere dicirse que estas actuación xustificadas, se foran proposta antes da aprobación do propio Plan, serían aceptadas. Acceder ao solicitado contribúe a efectividade da cooperación da entidade provincial cos concellos da provincia, respectando a súa autonomía, capacidade de xestión e decisión para responder ás necesidades municipais.

Tendo en conta a documentación achegada polos concellos, e o informe do Servizo de Deportes, de ser vontade desta Corporación acceder ao prantexado, o órgano que deberá adoptar o devandito acordo é a Xunta de Goberno, ao indicarse na disposición adicional quinta: “A



interpretación e a resolución das dúbidas que puidesen xurdir serán resoltas pola Xunta de Goberno desta deputación”.

O artigo 4 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público na intervención das administracións públicas, establece o principio de intervención mínima e de proporcionalidade. As administracións deben respectar a súa actuación e relacións os principios de: ... e) boa fe, confianza lexítima e lealdade institucional; ... h) Eficacia no cumprimento dos obxectivos fixados; ... k) cooperación, colaboración e coordinación entre as administracións públicas; (...).

Conclusión

Polo que va dito, informase favorablemente a aprobación das contas xustificativas relativas ao programa de actividades deportivas, presentadas polos Concellos indicados, segundo as actividades realizadas e xustificadas.

Así mesmo, de producirse esta circunstancia nas xustificacións presentadas por outros concellos, que estean nesta mesma tesitura, esta interpretación farase extensible a todas aquelas contas xustificativas do Plan Único 2019, sempre que non afecten á consideración de accións de gasto corrente da actividade incluída no programa.

A vista do anterior, proponse que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo en relación coa interpretación das bases do Plan Único 2019:

1º.- Aceptar as contas xustificativas presentadas polos concellos de O Incio e Triacastela segundo as actividades realizadas, toda vez que as incidencias detectadas non afectan á consideración de accións de gasto corrente de actividades deportivas, tal como se determina nas bases.

2º.- Determinar que, de producirse esta mesma circunstancia nas xustificacións presentadas por outros Concellos, que estean na mesma tesitura, esta interpretación se faga extensible a todas

aquelas contas xustificativas do Plan Único 2019, sempre que non afecten á consideración de accións de gasto corrente da actividade incluída no programa.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

7.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, PARA AUTORIZAR A CONTINUACIÓN DAS OBRAS MENTRES SE REDACTA A MODIFICACIÓN DO PROXECTO DE DIVERSAS OBRAS.

Proposta de aprobación, se procede, para autorizar redacción da modificación do proxecto da obra identificada como: Monforte de Lemos.- Acondicionamento LU-P-3207 "Seoane (LU-617) - Tor (LU-P-0901), P.K. 0+000 - 3+330 e vial interior Pazo de Tor.

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Visto o informe do Servizo de Contratación e Fomento, no que entre outros, se conteñen os seguintes extremos:

“Primeiro.- O proxecto da obra de Monforte de Lemos.- Acondicionamento LU-P-3207 "Seoane (LU-617) - Tor (LU-P-0901), P.K. 0+000 - 3+330 e vial interior Pazo de Tor, foi aprobado pola Xunta de Goberno de data 20/12/2019, por un importe de 604.925,00 €, dos cales 104.986,98 € son de IVE.

Segundo.- A obra foi adxudicada a empresa Aglomerados y Construcciones Valdeorras SA, por acordo da Xunta de Goberno de data 29/05/2020, no prezo de no prezo de 477.830,26 €, dos cales 82.929,22 € son de IVE; un programa de divulgación e posta en valor das obras executadas por importe de 3.000,00 € e 630,00 € de IVE e un prazo de execución de 6 meses.

Terceiro.- Con data 08/06/2020, formalizouse o correspondente contrato en documento administrativo.



Cuarto.- En data 07/07/2020, asíñase acta de comprobación de replanteo.

Quinto.- Na data do 17 de novembro de 2020, recibíuse neste Servizo de Contratación e Fomento documento de proposta para recabar a conformidade do órgano de contratación para redacción da modificación do proxecto da obra identificado na cabeceira, no que, entre outros, indica:

“(…)

motivos por los que se considera necesario proceder a la modificación así como una descripción básica de las obras a realizar según el artículo 242.5 de la vigente Ley 9/2017, de 8 de noviembre, de Contratos del Sector Público:

1) Que iniciadas las obras, se ven blandones y manchas de humedad en el firme actual, dichas patologías son ocasionadas por la rotura de una tubería de abastecimiento en mal estado que discurre bajo uno de los carriles de circulación de la carretera, por lo que se propone la ejecución de una nueva red de abastecimiento (2.700 m en tubería de polietileno 90 PN16 atm), que discurrirá por la margen izquierda de la calzada y siempre fuera de ésta. Se incluye la ejecución de tres llaves de cierre, una válvula de ventosa (en punto alto de la red) y conexiones inicial y final a red actual.

2) Que en el proyecto vigente se incluía la ejecución de un tramo en variante entre los p.k. 2+740 y 3+330. Debido a las condiciones del terreno existente, es necesario incluir una capa de geotextil de alta resistencia, con un gramaje de 200 g/m², en el fondo de excavación antes de las capas de terraplén.

3) Que en el proyecto vigente no se contemplaba la necesidad de realizar saneos de las zonas de firme deterioradas debido a la rotura de tubería de agua que discurre bajo el firme de la calzada actual, así como ejecución de drenaje subterráneo (en espina de pez) en zonas localizadas que producen blandones en superficie.

4) Que en alguno de los tramos la tubería debe discurrir por la cuneta, por lo que se incluye la ejecución de cuneta triangular revestida de hormigón, entre los p.k. 0+005 a 0+036 y 1+100 a 1+275, para evitar que en un futuro cualquier limpieza de cunetas dañe la tubería.

5) Se contempla la substitución de la capa de macadam de 10 cm y posterior doble tratamiento superficial por capa intermedia de MBC tipo AC 16 BIN B 50/70 S de 6 cm de espesor en zonas de ensanche y variante, por considerar la mejor durabilidad y ejecución de la misma.

6) En las mediciones realizadas en obra, se observa que el presente proyecto contempla un ancho de extendido de MBC sobre capa de rodadura de 8 m (superficie total de 26.640 m²), no obstante el ancho medio obtenido es de 7,30 m, lo que produce un considerable ahorro en el número de toneladas de MBC tipo AC 16 surf B 50/70 S (superficie de 24.497 m²).

7) El presente proyecto también incluye la actuación en carretera LU-617 (Titularidad de la Xunta de Galicia), en visitas a obra y viendo que la intersección de los dos viales requeriría de una actuación de mayor calado y al encontrarnos un mayor gasto debido a la tubería de abastecimiento, se determina la no actuación en la carretera LU-617.

8) Finalmente, en la actuación contemplada dentro de los viales del Pazo de Tor, una vez solicitada la preceptiva autorización a la Jefatura Territorial da Consellería de Cultura e Turismo en Lugo, se determina ejecutar los viales interiores en zahorra y actuar en un sobreecho frente a las aulas mediante un aumento de la medición de m² de pavimento con piezas irregulares de pizarra.

Conclusión

Las modificaciones antes relacionadas responden a necesidades debidamente justificadas estando presentes en todas las actuaciones el interés público. Todo ello lleva a la ejecución de una obra completa y segura, cumpliendo en todo momento lo dispuesto en el artículo 205 la Ley 9/2017, de 8 de noviembre, de Contratos del Sector Público.

A la vista de lo expuesto, este Director de Técnico solicita la preceptiva autorización administrativa para proceder a la redacción de un Proyecto Modificado del “Monforte de Lemos.- Acondicionamiento LU-P-3207 “Seoane (LU-617) – Tor (LU-P-0901”, P.K. 0+000 – 3+330 e vial interior Pazo de Tor”.

Que la tramitación del modificado exigiría la suspensión temporal parcial o total de la ejecución de las obras y ello ocasionará graves perjuicios para el interés público, ya que parte de la carretera se encuentra en la fase de explanación, en tierras, por lo que de producirse un cambio de



las condiciones meteorológicas actuales, algo previsible, podría llegar a cortarse. Actualmente también se están presentando continuas roturas en la tubería de abastecimiento por lo que tal y como establece el artículo 242.5 y el artículo 205.2.b) de la vigente Ley 9/2017, de 8 de noviembre, de Contratos del Sector Público se solicita conformidad del órgano de contratación para que las obras continúen tal y como está previsto en esta propuesta técnica, ya que el importe del modificado máximo previsto será el mismo que el precio primitivo del contrato y no excede del 20% del precio inicial del contrato contemplado en el artículo 242.5 de la Ley 9/2017, de 8 de noviembre, de Contratos del Sector Público”.

Consideracións xurídicas

Tendo en conta o previsto no artigo 97 do RD 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, (en adiante RXLCSP), que sinala “ Con carácter general, salvo lo establecido en la legislación de contratos de las Administraciones públicas para casos específicos, cuantas incidencias surjan entre la Administración y el contratista en la ejecución de un contrato por diferencias en la interpretación de lo convenido o por la necesidad de modificar las condiciones contractuales, se tramitarán mediante expediente contradictorio, que comprenderá preceptivamente las actuaciones siguientes:

Propuesta de la Administración o petición del contratista.

Audiencia del contratista e informe del servicio competente a evacuar en ambos casos en un plazo de cinco días hábiles.

Informe, en su caso, de la Asesoría Jurídica y de la Intervención, a evacuar en el mismo plazo anterior.

Resolución motivada del órgano que haya celebrado el contrato y subsiguiente notificación al contratista.

Salvo que motivos de interés público lo justifiquen o la naturaleza de las incidencias lo requiera, la tramitación de estas últimas no determinará la paralización del contrato”.

O artigo 242. 4 da Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público (en adiante LCSP), indica, en relación coa modificación dos proxectos “... Cuando el director facultativo de la obra considere necesaria una modificación del proyecto y se cumplan los requisitos que a tal efecto regula esta Ley, recabará del órgano de contratación autorización para iniciar el correspondiente expediente”

Pola súa parte o artigo 242.5 da LCSP, precisa:

“5. Cuando la tramitación de una modificación exija la suspensión temporal total de la ejecución de las obras y ello ocasione graves perjuicios para el interés público, el Ministro, si se trata de la Administración General del Estado, sus Organismos Autónomos, Entidades Gestoras y Servicios Comunes de la Seguridad Social y demás entidades públicas integrantes del sector público estatal, podrá acordar que continúen provisionalmente las mismas tal y como esté previsto en la propuesta técnica que elabore la dirección facultativa, siempre que el importe máximo previsto no supere el 20 por ciento del precio inicial del contrato, IVA excluido, y exista crédito adecuado y suficiente para su financiación.

El expediente de continuación provisional a tramitar al efecto exigirá exclusivamente la incorporación de las siguientes actuaciones:

Propuesta técnica motivada efectuada por el director facultativo de la obra, donde figure el importe aproximado de la modificación, la descripción básica de las obras a realizar y la justificación de que la modificación se encuentra en uno de los supuestos previstos en el apartado 2 del artículo 203.

Audiencia del contratista.

Conformidad del órgano de contratación.

Certificado de existencia de crédito.



Informe de la Oficina de Supervisión de Proyectos, en el caso de que en la propuesta técnica motivada se introdujeran precios nuevos. El informe deberá motivar la adecuación de los nuevos precios a los precios generales del mercado, de conformidad con lo establecido en el apartado 3 del artículo 102.

En el plazo de seis meses contados desde el acuerdo de autorización provisional deberá estar aprobado técnicamente el proyecto, y en el de ocho meses el expediente de la modificación del contrato.

Dentro del citado plazo de ocho meses se ejecutarán preferentemente, de las unidades de obra previstas, aquellas partes que no hayan de quedar posterior y definitivamente ocultas”.

Neste caso, segundo o informe técnico, en relación ao importe indica “el importe del modificado máximo previsto será el mismo que el precio primitivo del contrato”, sendo este inferior ao indicado do 20 por cento, podendo polo tanto continuar as obras.

Tendo en conta o disposto no artigo 205 da LCSP, que establece “Las modificaciones no previstas en el pliego de cláusulas administrativas particulares o que, habiendo sido previstas, no se ajusten a lo establecido en el artículo anterior, solo podrán realizarse cuando la modificación en cuestión cumpla los siguientes requisitos:

Que encuentre su justificación en alguno de los supuestos que se relacionan en el apartado segundo de este artículo.

Que se limite a introducir las variaciones estrictamente indispensables para responder a la causa objetiva que la haga necesaria.

Los supuestos que eventualmente podrían justificar una modificación no prevista, siempre y cuando esta cumpla todos los requisitos recogidos en el apartado primero de este artículo, son los siguientes:

Cuando deviniera necesario añadir obras, suministros o servicios adicionales a los inicialmente contratados, siempre y cuando se den los dos requisitos siguientes:

Que el cambio de contratista no fuera posible por razones de tipo económico o técnico, por ejemplo que obligara al órgano de contratación a adquirir obras, servicios o suministros con características técnicas diferentes a los inicialmente contratados, cuando estas diferencias den lugar a incompatibilidades o a dificultades técnicas de uso o de mantenimiento que resulten desproporcionadas; y, asimismo, que el cambio de contratista generara inconvenientes significativos o un aumento sustancial de costes para el órgano de contratación.

En ningún caso se considerará un inconveniente significativo la necesidad de celebrar una nueva licitación para permitir el cambio de contratista.

Que la modificación del contrato implique una alteración en su cuantía que no exceda, aislada o conjuntamente con otras modificaciones acordadas conforme a este artículo, del 50 por ciento de su precio inicial, IVA excluido. (...)”.

No informe da Dirección técnica, indicase o suposto acaecido para a modificación, así como relativo aos requisitos recollidos no apartado b) do artigo 205.2.

No que atinxe as especialidades procedementais sinaladas no artigo 207 da LCSP, a proposta para a modificación aparece aceptada polo contratista, de modo que se pode entender cumprido o trámite de audiencia.

En todo caso e consonte ao establecido polo Artigo 206 da LCSP, “... las modificaciones acordadas por el órgano de contratación serán obligatorias para los contratistas cuando impliquen, aislada o conjuntamente, una alteración en su cuantía que no exceda del 20 por ciento del precio inicial del contrato, IVA excluído.

Cuando de acuerdo con lo dispuesto en el apartado anterior la modificación no resulte obligatoria para el contratista, la misma solo será acordada por el órgano de contratación previa



conformidad por escrito del mismo, resolviéndose el contrato, en caso contrario, de conformidad con lo establecido en la letra g) del apartado 1 del artículo 211”.

Non obstante, segundo o informe da Dirección Técnica, nesta caso non supera o 20%, xa que indica “... el importe del modificado máximo previsto será el mismo que el precio primitivo del contrato...”

Tratándose dun contrato de obras, debe atenderse ao establecido no artigo 242 da LCSP, que sinala “...Cuando las modificaciones supongan la introducción de unidades de obra no previstas en el proyecto o cuyas características difieran de las fijadas en este, y no sea necesario realizar una nueva licitación, los precios aplicables a las mismas serán fijados por la Administración, previa audiencia del contratista por plazo mínimo de tres días hábiles. Cuando el contratista no aceptase los precios fijados, el órgano de contratación podrá contratarlas con otro empresario en los mismos precios que hubiese fijado, ejecutarlas directamente u optar por la resolución del contrato conforme al artículo 211 de esta Ley”.Este trámite coñecese como acta de prezos contraditorios.

Que de acordo co establecido no artigo 242.5 da LCSP, reproducido, cando a tramitación do modificado esixa a suspensión temporal parcial ou total da execución das obras e elo ocasionará graves prexuízos para o interese público, poderase acordar que continúen provisionalmente as mesmas, sempre que o importe máximo previsto non supere o 20% do prezo inicial do contrato, IVE excluído, e exista crédito adecuado e suficiente para a súa financiación.

Neste caso, segundo o informe técnico, indica que non supón incremento.

A modificación do contrato conlevará o reaxuste da garantía nos termos establecidos no artigo 109.2 da LCSP que a estes efectos establece a obriga do reaxuste das garantías naqueles supostos de modificación do contrato con variación do seu prezo, para que aquela (a garantía) garde proporción co novo prezo modificado.

A modificación do contrato pode levar a un aumento do prazo, prevíndose este reaxuste no Artigo 162 do RD 1098/2001 do 12 de outubro (RXLCAP).

Tendo en conta que o PCAP reitor do contrato establece na súa cláusula 3 “O órgano de contratación que actúa en nome da Deputación provincial de Lugo é o que figura no apartado B do cadro resumo (Xunta de Goberno).

O mencionado órgano ten facultade para adxudicar o correspondente contrato e, en consecuencia, ostenta as prerrogativas de interpretar, resolver as dúbidas que ofrezca o seu cumprimento, modificalo por razóns de interese público, acordar a súa resolución e determinar os efectos desta, con suxeición á normativa aplicable. Os acordos que a este respecto dite serán executivos e poñen fin a vía administrativa, sen prexuízo do dereito do contratista á súa impugnación en vía administrativa e/ou xurisdiccional, nos termos que se indican. O órgano competente para resolver sobre o asunto é a Xunta de Goberno, atendendo ademais ao establecido no artigo 54 do Regulamento orgánico, da Deputación Provincial de Lugo, publicado no BOP nº 202 de 03 de setembro de 2020.

Conclusión

En atención ás consideracións expostas e atendendo á xustificación da proposta para recabar a conformidade do órgano de contratación para a continuación provisional das obras mentres se redacta a modificación do proxecto, efectuada pola dirección da obra, infórmase favorablemente a continuación provisional das obras mentres se redacta a modificación do proxecto da obra Monforte de Lemos.- Acondicionamento LU-P-3207 "Seoane (LU-617) - Tor (LU-P-0901), P.K. 0+000 - 3+330 e vial interior Pazo de Tor, entendendo o que subscribe, que procede que polo órgano de contratación se adopte resolución neste sentido.

Á vista do anterior, propónse que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

Aprobar a continuación provisional das obras mentres se redacta a modificación do proxecto da obra Monforte de Lemos.- Acondicionamento LU-P-3207 "Seoane (LU-617) - Tor (LU-P-0901), P.K. 0+000 - 3+330 e vial interior Pazo de Tor.”



A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

8.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE MODIFICACIÓN/SUBSTITUCIÓN DE INVERTEMENTOS INCLUIDOS NO PLAN ÚNICO 2020.

Primeiro.- *Proposta de aprobación, se procede, en relación co escrito da Alcaldía do Concello de Triacastela, solicitando modificación/substitución de investimentos incluídos no Plan Único de Cooperación cos Concellos 2020.*

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor.

“Visto o informe do Servizo de Contratación e Fomento, no que, entre outros se conteñen os seguintes extremos:

“En relación co escrito da Alcaldía do Concello de Triacastela no que solicita a modificación/substitución de investimentos incluídos no Plan Único de Cooperación cos Concellos 2020, infórmase o seguinte:

Polo Pleno da Deputación Provincial, na sesión extraordinaria que tivo lugar o 02/04/2020 acordouse a aprobación das Bases Reguladoras do Plan Único de Cooperación cos Concellos 2020. Ditas Bases foron publicadas no BOP do 03/04/2020.

Nas devanditas bases estableceuse que o prazo para a adxudicación das obras, ou o acordo da súa execución por administración, e a formalización dos contratos, de proceder, debería de ser adoptado na data límite do 30 de novembro de 2020. Non obstante este prazo poderá ser prorrogado por unha única vez, mediante acordo da Xunta de Goberno, a solicitude do Concello, na que especificará e xustificará os motivos e indicará o prazo solicitado, que non poderá superar o 30 de xuño de 2021.

O Plan Único de Cooperación cos Concellos 2020 foi aprobado polo Pleno desta Deputación en sesión ordinaria celebrada en data 28/07/2020, figurando incluídos os investimentos para os que solicita modificación:

CONCELLO	Nº	INVESTIMENTO	ACHEGA CONCELLO	ACHEGA DEPUTACIÓN	TOTAL
TRIACASTELA	304	RECONSTRUCCIÓN DE PONTE NO ACCESO AO NÚCLEO DE A Balsa	8.804,20 €	30.373,18 €	39.177,38 €

A Alcaldía do Concello de Triacastela a través de escrito de data 20/11/2020 solicita:

A modificación/substitución do investimento incluído inicialmente no Plan Único 2020, concretamente o investimento indicado, aos que acompaña a xustificación dos motivos da modificación, que en síntese indica “.... por erro non se desglosou o custo dos honorarios...” polo que deseguido se indica, co orzamento que se sinala, documentación e proxecto da nova actuación solicitada.

CONCELLO	Nº	INVESTIMENTO	ACHEGA CONCELLO	ACHEGA DEPUTACIÓN	TOTAL
TRIACASTELA	304	RECONSTRUCCIÓN DE PONTE NO ACCESO AO NÚCLEO DE A Balsa, INCLÚIDO HONORARIOS	8.804,20 €	30.373,18 €	39.177,38 €

A base 16, indica que “...motivadamente poderá solicitar a modificación ou substitución do investimento, respectando en todo caso a mesma finalidade e por conseguinte o programa de gasto no que se incluíu o investimento (aplicación orzamentaria), séndolle igualmente aplicables os prazos de execución e xustificación fixados nestas bases. Se tendo en conta o anterior, ou outra circunstancia sobrevida, debidamente motivada, xurdira a necesidade de modificar ou substituír un investimento inicialmente incluído por outro, dita modificación/substitución será solicitada polo Concello con anterioridade ao vencemento do prazo outorgado para a adxudicación do mesmo, achegando o novo proxecto e desglose do seu financiamento, e someterase a aprobación da Xunta de Goberno da Deputación, dando conta ao Pleno na seguinte sesión ordinaria. Debe respectarse a finalidade, e dicir a mesma aplicación orzamentaria”.

A Deputación ten como atribución principal a cooperación cos Concellos. A proposta formulada polo Concello, en exercicio da súa autonomía responde aos plans e programas previstos nas bases reitoras, e respectan os diferentes límites cuantitativos establecidos nas propias bases.



Quere dicirse que estas actuacións, se foran propostas antes da aprobación do propio Plan, serían aceptadas. Acceder ao solicitado contribúe a efectividade da cooperación da entidade provincial cos concellos da provincia, respectando a súa autonomía, capacidade de xestión e decisión para responder ás necesidades municipais.

O artigo 4 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, indica que as administracións públicas deben aplicar os principios de proporcionalidade e elixir a medida menos restritiva, como principios no desenvolvemento da actividade administrativa.

En relación coa adxudicación dos investimentos, toda vez que se trata do mesmo investimento, unicamente se inclúen os honorarios que non estaban nomeados pero si incluídos no importe total, non procede a fixación de novo prazo de adxudicación, agás a posible prórroga que o concello puidera solicitar.

Ademais, na base 20 establécese que os investimentos deberán estar terminados na data límite do 30 de setembro de 2021, e a documentación xustificativa da súa execución deberá remitirse á Deputación antes do 15 de outubro de 2021, estando, polo tanto, en prazo para presentación de dita xustificación.

Tendo en conta a solicitude e xustificación exposta polo concello, incorporadas ao expediente, de ser vontade desta Corporación acceder ao solicitado, o órgano que deberá adoptar o devandito acordo, segundo as bases (base 17) do Plan Único 2020, é a Xunta de Goberno.

Polo que vai dito, informase favorablemente a modificación/substitución do investimento relativo ao Concello de Triacastela que se sinala, e que queda incluído no Plan Único 2020.

A vista do anterior, esta Presidencia, propón que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

1º.- Acceder ao solicitado pola Alcaldía do Concello de Triacastela, e en consecuencia, aprobar a modificación/substitución do investimento relativo ao Concello indicado, e quedando o

Plan Único de Cooperación cos Concellos 2020 modificado no investimento do concello indicado, nos seguintes termos:

CONCELLO	Nº	INVESTIMENTO	ACHEGA CONCELLO	ACHEGA DEPUTACIÓN	TOTAL
TRIACASTELA	304	RECONSTRUCCIÓN DE PONTE NO ACCESO AO NÚCLEO DE A Balsa, INCLUÍDO HONORARIOS	8.804,20 €	30.373,18 €	39.177,38 €

2º.- Someter esta modificación do Plan Único 2019 a información pública de acordo co establecido no artigo 32.4 do RDL 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local.

3º.- Dar conta, do presente acordo, ao Pleno na seguinte sesión ordinaria.

4º.- Dar traslado do presente ao Concello solicitante para o seu coñecemento, significándolle que os investimentos deberán de estar adxudicados, executados e xustificados nas datas que se indican nas bases reguladoras, ou prórrogas concedidas ao efecto.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

Segundo.- *Proposta de aprobación, se procede, en relación co escrito da Alcaldía do Concello de Ribadeo, solicitando modificación/substitución de investimentos incluídos no Plan Único de Cooperación cos Concellos 2020.*

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Visto o informe do Servizo de Contratación e Fomento, no que, entre outros se conteñen os seguintes extremos:

“En relación co escrito da Alcaldía do Concello de Ribadeo no que solicita a modificación/substitución de investimentos incluídos no Plan Único de Cooperación cos Concellos 2020, infórmase o seguinte:



Polo Pleno da Deputación Provincial, na sesión extraordinaria que tivo lugar o 02/04/2020 acordouse a aprobación das Bases Reguladoras do Plan Único de Cooperación cos Concellos 2020. Ditas Bases foron publicadas no BOP do 03/04/2020.

Nas devanditas bases estableceuse que o prazo para a adxudicación das obras, ou o acordo da súa execución por administración, e a formalización dos contratos, de proceder, debería de ser adoptado na data límite do 30 de novembro de 2020. Non obstante este prazo poderá ser prorrogado por unha única vez, mediante acordo da Xunta de Goberno, a solicitude do Concello, na que especificará e xustificará os motivos e indicará o prazo solicitado, que non poderá superar o 30 de xuño de 2021.

O Plan Único de Cooperación cos Concellos 2020 foi aprobado polo Pleno desta Deputación en sesión ordinaria celebrada en data 28/07/2020, figurando incluídos os investimentos para os que solicita modificación:

CONCELLO	Nº	INVESTIMENTO	ACHEGA CONCELLO	ACHEGA DEPUTACIÓN	TOTAL
RIBADEO	252	SANEAMENTO E PAVIMENTACIÓN ENTRE O VALADO E O CAMPO DE SAN LOURENZO (VILAFRAMIL) E SEGUNDA FASE DO SANEAMENTO DE CINXE (A DEVESA)	45.440,15 €	49.540,00 €	94.980,15 €

A Alcaldía do Concello de Ribadeo a través de escrito de data 17/11/2020 solicita:

A modificación/substitución do investimento incluído inicialmente no Plan Único 2020, concretamente o investimento indicado aos que acompaña a xustificación dos motivos da modificación, que en síntese indica “... por mor das autorizacións sectoriais, que supuxo un incremento de 3.870,05 €...”, polo que deseguido se indica, co orzamento que se sinala, documentación e proxecto da nova actuación solicitada.

CONCELLO	Nº	INVESTIMENTO	ACHEGA CONCELLO	ACHEGA DEPUTACIÓN	TOTAL
RIBADEO	252	MODIFICADO SANEAMENTO E PAVIMENTACIÓN ENTRE O VALADO E O CAMPO DE SAN LOURENZO (VILAFRAMIL) E SEGUNDA FASE DO SANEAMENTO DE CINXE (A DEVESA)	48.870,05 €	49.540,00 €	98.410,05 €

A base 16, indica que “... motivadamente poderá solicitar a modificación ou substitución do investimento, respectando en todo caso a mesma finalidade e por conseguinte o programa de

gasto no que se incluíu o investimento (aplicación orzamentaria), séndolle igualmente aplicables os prazos de execución e xustificación fixados nestas bases. Se tendo en conta o anterior, ou outra circunstancia sobrevida, debidamente motivada, xurdira a necesidade de modificar ou substituír un investimento inicialmente incluído por outro, dita modificación/substitución será solicitada polo Concello con anterioridade ao vencemento do prazo outorgado para a adxudicación do mesmo, achegando o novo proxecto e desglose do seu financiamento, e someterase a aprobación da Xunta de Goberno da Deputación, dando conta ao Pleno na seguinte sesión ordinaria. Debe respectarse a finalidade, e dicir a mesma aplicación orzamentaria”.

A base 17, indica que “... se para a execución dos investimentos xorde a necesidade de modificar o proxecto de obra, o concello deberá tramitar o correspondente expediente (...) que deberá ser aprobado polo Concello e pola Xunta de Goberno da Deputación.

Así mesmo tamén sinala “... calquera incremento que se derive de modificación de contrato, ... deberá ser financiado integramente polo Concello, salvo aquelas modificacións, (...) que se produzan na execución de contratos en cuxa licitación se produciran baixas imputables á achega da Deputación, en cuxo caso poderán ser imputables á achega da Deputación ata o importe inicial comprometido, previa solicitude do Concello e aprobación pola Xunta de Goberno da Deputación”.

A Deputación ten como atribución principal a cooperación cos Concellos. A proposta formulada polo Concello, en exercicio da súa autonomía responde aos plans e programas previstos nas bases reitoras, e respectan os diferentes límites cuantitativos establecidos nas propias bases. Quere dicirse que estas actuacións, se foran propostas antes da aprobación do propio Plan, serían aceptadas. Acceder ao solicitado contribúe a efectividade da cooperación da entidade provincial cos concellos da provincia, respectando a súa autonomía, capacidade de xestión e decisión para responder ás necesidades municipais.

O artigo 4 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, indica que as administracións públicas deben aplicar os principios de proporcionalidade e elixir a medida menos restritiva, como principios no desenvolvemento da actividade administrativa.



En relación coa adxudicación dos investimentos, estarase aos prazos fixados nas bases ou concesión de prórrogas no seu caso.

Ademais, na base 20 establécese que os investimentos deberán estar terminados na data límite do 30 de setembro de 2021, e a documentación xustificativa da súa execución deberá remitirse á Deputación antes do 15 de outubro de 2021, estando, polo tanto, en prazo para presentación de dita xustificación.

Tendo en conta a solicitude e xustificación exposta polo concello, incorporadas ao expediente, de ser vontade desta Corporación acceder ao solicitado, o órgano que deberá adoptar o devandito acordo, segundo as bases (base 17) do Plan Único 2020, é a Xunta de Goberno.

Polo que vai dito, informase favorablemente a modificación/substitución do investimento relativo ao Concello de Ribadeo que se sinala, quedando así incluído no Plan Único 2020.

A vista do anterior, esta Presidencia, propón que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

1º.- Acceder ao solicitado pola Alcaldía do Concello de Ribadeo, e en consecuencia, aprobar a modificación/substitución do investimento relativo ao Concello indicado, e quedando o Plan Único de Cooperación cos Concellos 2020 modificado no investimento do concello indicado, nos seguintes termos:

CONCELLO	Nº	INVESTIMENTO	ACHEGA CONCELLO	ACHEGA DEPUTACIÓN	TOTAL
RIBADEO	252	MODIFICADO SANEAMENTO E PAVIMENTACIÓN ENTRE O VALADO E O CAMPO DE SAN LORENZO (VILAFRAMIL) E SEGUNDA FASE DO SANEAMENTO DE CINXE (A DEVESA)	48.870,05 €	49.540,00 €	98.410,05 €

2º.- Someter esta modificación do Plan Único 2019 a información pública de acordo co establecido no artigo 32.4 do RDL 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local.

3º.- Dar conta, do presente acordo, ao Pleno na seguinte sesión ordinaria.

4º.- Dar traslado do presente ao Concello solicitante para o seu coñecemento, significándolle que os investimentos deberán de estar adxudicados, executados e xustificados nas datas que se indican nas bases reguladoras, ou prórrogas concedidas ao efecto.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

9.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE APLICACIÓN DE REMANENTES DO PLAN ÚNICO 2020.

Primeiro.- *Escrito do Concello de Sober, solicitando a aplicación de remanentes producidos na adxudicación do investimento 290 do Plan Único de Cooperación cos Concellos 2020.*

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Visto o informe do Servizo de Contratación e Fomento, no que, entre outros se conteñen os seguintes extremos:

“En relación co escrito da Alcaldía do Concello de Sober, no que solicita a aplicación de remanentes producidos na adxudicación de investimentos (290) no Plan Único de Cooperación cos Concellos 2019, infórmase o seguinte:

Polo Pleno da Deputación Provincial, na sesión extraordinaria que tivo lugar o 02/04/2020 acordouse a aprobación das Bases Reguladoras do Plan Único de Cooperación cos Concellos 2020. Ditas Bases foron publicadas no BOP do 03/04/2020.

Nas devanditas bases, concretamente na base 11, establécese “...Os aforros producidos ou baixas obtidas nas licitacións poderán ser investidas por cada concello, por unha soa vez, na mesma finalidade, e sempre que non supoña modificación orzamentaria (e dicir, con cargo ao mesmo



programa de gasto que o investimento /actuación onde se producira a baixa), previa proposta do Concello nos termos que se indican:

Os Concellos poderán solicitar os remanentes, baixas ou aforros producidos nas licitacións dos investimentos unha única vez, distinguidos segundo a finalidade (aplicación orzamentaria).

Establécese como prazo máximo para solicitude de remanentes o 30 de xuño de 2021, data a partir da cal non se concederá a aplicación de remanentes.

Coa solicitude deberán achegar proxecto ou memoria valorada, segundo proceda, así como indicación do financiamento do investimento.

Aos investimentos financiados con cargo a remanentes será de aplicación tanto o deber de achegar certificado de adxudicación ou acordo de execución pola propia administración (anexo III ou anexo IV) e declaración responsable das coordenadas UTM onde se colocará o cartel como todo o relativo á xustificación.

Os investimentos financiados con cargo a remanentes serán executados e xustificados nos mesmos prazos que os inicialmente incluídos no plan, e dicir, executaranse antes do 30 de setembro de 2021 e xustificaranse antes do 15 de outubro de 2021, sendo de aplicación tamén o mesmo réxime de prórrogas.

...”

O Plan Único de Cooperación cos Concellos 2019 foi aprobado polo Pleno desta Deputación en sesión ordinaria, en data 28/07/2020, figurando incluídas as obras que se sinalan e das cales se produce aforro ou remanente na adxudicación.

O Concello de Sober presentou Anexo III de obras incluídas no plan único, expresando os importes de baixas ou aforros que se indican a continuación, e en relación coas aplicacións orzamentarias detalladas pola intervención, e que se sinalan seguidamente:

CONCELLO	Nº	IDENTIFICACIÓN /DESCRIPCIÓN	APLICACIÓN ORZAMENTARIA DIPUTACIÓN	REMANENTE ACHEGA DEPUTACIÓN
SOBER	290	PAVIMENTACIÓN DE ACCESOS EN CANAVAL, CAMPORRAIRO, O ROXO, A VACARIZA, LIÑARAN, A PAIXON, SUAIREXA, BARANTES, CARBOEIRO, MOURENTAN, O OUTEIRO, VILACHÁ, ABANANTE, AMANDI, SAN TIRSO, AS POZAS, AS GÁNDARAS E PINOL, INCLUÍDO HONORARIOS	1531.76201	25.358,38€

Por escrito de data 13/11/2020 o concello solicita a aplicación destas baixas, nas seguinte actuacións relacionadas; constatándose que a aplicación dos remanentes se destina á mesma finalidade que as actuacións inicialmente propostas e nas que se ten producido a baixa respectiva, polos importes e financiamento que se indican:

CONCELLO	Nº	IDENTIFICACIÓN /DESCRIPCIÓN	APLICACIÓN ORZAMENTARIA DIPUTACIÓN	ACHEGA CONCELLO	ACHEGA DEPUTACIÓN	TOTAL INVESTIMENTO
SOBER	REM	PAVIMENTACIÓN DE ACCESOS EN CIMADEVILA (BOLMENTE) E EN SANXIS, INCLUÍDO HONORARIOS	1531.76201	--	25.358,38€	25.358,38€

Tendo en conta a solicitude do sinalado concello, de ser vontade desta Corporación acceder ao solicitado, o órgano que deberá adoptar o devandito acordo é a Xunta de Goberno desta Deputación, de conformidade co establecido na base 11 das do Plan Único 2020, “...Os investimentos/actuacións así financiados, con cargo aos aforros ou baixas de licitación, someteranse a aprobación da Xunta de Goberno da Deputación Provincial, unha vez recibida no seu completo a proposta municipal.

Conclusión

Polo que va dito, infórmase favorablemente a financiación dos investimentos identificados, polos importes indicados, con cargo aos aforros ou remanentes producidos na adxudicación de investimentos incluídos inicialmente polo Concello de Sober, no Plan Único 2020.

A vista do anterior, propónse que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

1º.- Acceder ao solicitado pola Alcaldía do Concello de Sober incluír como investimentos financiados con cargo aos remanentes producidos na adxudicación dos inicialmente incluídos, o investimento que deseguido se indica, debendo estar executado e xustificado nos prazos indicados inicialmente nas bases, co financiamento que se detalla:



CONCELLO	Nº	IDENTIFICACIÓN /DESCRIPCIÓN	APLICACIÓN ORZAMENTARIA DIPUTACIÓN	ACHEGA CONCELLO	ACHEGA DEPUTACIÓN	TOTAL INVERSIÓN
SOBER	REM	PAVIMENTACIÓN DE ACCESOS EN CIMADEVILA (BOLMENTE) E EN SANXIS, INCLUIDO HONORARIOS	1531.76201	--	25.358,38€	25.358,38€

2º.- Dar traslado da presente ao Concello indicado para ao seu coñecemento e aos efectos expresados.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

Segundo.- *Escrito do Concello de Alfoz, solicitando a aplicación de remanentes producidos na adxudicación dos investimentos (nº 5) do Plan Único de Cooperación cos Concellos 2020.*

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Visto o informe do Servizo de Contratación e Fomento, no que, entre outros se conteñen os seguintes extremos:

“En relación co escrito da Alcaldía do Concello de Alfoz, no que solicita a aplicación de remanentes producidos na adxudicación de investimentos (Nº 5) no Plan Único de Cooperación cos Concellos 2019, infórmase o seguinte:

Polo Pleno da Deputación Provincial, na sesión extraordinaria que tivo lugar o 02/04/2020 acordouse a aprobación das Bases Reguladoras do Plan Único de Cooperación cos Concellos 2020. Ditas Bases foron publicadas no BOP do 03/04/2020.

Nas devanditas bases, concretamente na base 11, establécese “...Os aforros producidos ou baixas obtidas nas licitacións poderán ser investidas por cada concello, por unha soa vez, na mesma finalidade, e sempre que non supoña modificación orzamentaria (e dicir, con cargo ao mesmo programa de gasto que o investimento /actuación onde se producira a baixa), previa proposta do Concello nos termos que se indican:

Os Concellos poderán solicitar os remanentes, baixas ou aforros producidos nas licitacións dos investimentos unha única vez, distinguidos segundo a finalidade (aplicación orzamentaria).

Establécese como prazo máximo para solicitude de remanentes o 30 de xuño de 2021, data a partir da cal non se concederá a aplicación de remanentes.

Coa solicitude deberán achegar proxecto ou memoria valorada, segundo proceda, así como indicación do financiamento do investimento.

Aos investimentos financiados con cargo a remanentes será de aplicación tanto o deber de achegar certificado de adxudicación ou acordo de execución pola propia administración (anexo III ou anexo IV) e declaración responsable das coordenadas UTM onde se colocará o cartel como todo o relativo á xustificación.

Os investimentos financiados con cargo a remanentes serán executados e xustificados nos mesmos prazos que os inicialmente incluídos no plan, e dicir, executaranse antes do 30 de setembro de 2021 e xustificaranse antes do 15 de outubro de 2021, sendo de aplicación tamén o mesmo réxime de prórrogas. ...”

O Plan Único de Cooperación cos Concellos 2019 foi aprobado polo Pleno desta Deputación en sesión ordinaria, en data 28/07/2020, figurando incluídas as obras que se sinalan e das cales se produce aforro ou remanente na adxudicación.

O Concello de Alfoz presentou Anexo III de obras incluídas no Plan Único, expresando os importes de baixas ou aforros que se indican a continuación, e en relación coas aplicacións orzamentarias detalladas pola intervención, e que se sinalan seguidamente:

CONCELLO	Nº	IDENTIFICACIÓN /DESCRIPCIÓN	APLICACIÓN ORZAMENTARIA DIPUTACIÓN	REMANENTE ACHEGA DEPUTACIÓN
ALFOZ	5	PAVIMENTACIÓN ACCESOS ANXERIZ, A SEARA, O CARBALLAL, A GRELA, A MARTILLA, AS CAMPELAS, ABELEDO E LOUREIRO, INCLÚIDO HONORARIOS	1531.76201	18.530,07€



Por escrito con RE de data 18/11/2020 o concello solicita a aplicación destas baixas, nas seguinte actuacións relacionadas; constatándose que a aplicación dos remanentes se destina á mesma finalidade que as actuacións inicialmente propostas e nas que se ten producido a baixa respectiva, polos importes e financiamento que se indican:

CONCELLO	Nº	IDENTIFICACIÓN /DESCRIPCIÓN	APLICACIÓN ORZAMENTARIA DIPUTACIÓN	ACHEGA CONCELLO	ACHEGA DEPUTACIÓN	TOTAL INVESTIMENTO
ALFOZ	REM	PAVIMENTACIÓN DE ACCESOS NO NÚCLEO DE PRESABOA, ACCESO O MUIÑO DAMIÁN E DE O REIRADO A LU-152	15312.76201	--	18.530,07€	18.530,07€

Tendo en conta a solicitude do sinalado concello, de ser vontade desta Corporación acceder ao solicitado, o órgano que deberá adoptar o devandito acordo é a Xunta de Goberno desta Deputación, de conformidade co establecido na base 11 das do Plan Único 2020, “...Os investimentos/actuacións así financiados, con cargo aos aforros ou baixas de licitación, someteranse a aprobación da Xunta de Goberno da Deputación Provincial, unha vez recibida no seu completo a proposta municipal.

Conclusión

Polo que va dito, infórmase favorablemente a financiación dos investimentos identificados, polos importes indicados, con cargo aos aforros ou remanentes producidos na adxudicación de investimentos incluídos inicialmente polo Concello de Alfoz, no Plan Único 2020.

A vista do anterior, proponse que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

1º.- Acceder ao solicitado pola Alcaldía do Concello de Alfoz e incluír como investimentos financiados con cargo aos remanentes producidos na adxudicación dos inicialmente incluídos, o investimento que deseguido se indica, debendo estar executado e xustificado nos prazos indicados inicialmente nas bases, co financiamento que se detalla:

CONCELLO	Nº	IDENTIFICACIÓN /DESCRIPCIÓN	APLICACIÓN ORZAMENTARIA DIPUTACIÓN	ACHEGA CONCELLO	ACHEGA DEPUTACIÓN	TOTAL INVESTIMENTO
ALFOZ	REM	PAVIMENTACIÓN DE ACCESOS NO NÚCLEO DE PRESABOA, ACCESO O MUIÑO DAMIÁN E DE O REIRADO A LU-152	15312.76201	--	18.530,07€	18.530,07€

2º.- Dar traslado da presente ao Concello indicado para ao seu coñecemento e aos efectos expresados.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

10.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE CONVENIOS E MODIFICACIÓN DE CONVENIOS INTERADMINISTRATIVOS.

Primeiro.- *Proposta relativa ao convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de Ribadeo para a “Construción de edificio multiusos en Cedofeita” (anualidades 2020 e 2021).*

Logo de ver a proposta da Sra. Deputada Delegada da Área de Cultura, Patrimonio Histórico Artístico e Normalización Lingüística, do seguinte teor:

“Consta diversa documentación incorporada ao expediente e o informe do servizo de Cultura que se transcribe:

“En relación co escrito, presentado por don Fernando Suárez Barcia, en nome e representación do Concello de Ribadeo, con data 09/11/2020 mediante o cal solicita unha achega económica no marco dunha relación interadministrativa de cooperación (público-público) para a realización conxunta polo Concello de Ribadeo e a Deputación Provincial de Lugo dunha actividade na que conflúen os respectivos títulos competenciais para o fin común de “Construción de Edificio Multiusos en Cedofeita”, procede emitir o seguinte informe:

Fundamentos xurídicos

A relación interadministrativa de cooperación (público-público) que se pretende coa formalización do convenio para a “Construción de Edificio Multiusos en Cedofeita” enmárcase no escenario dunha colaboración institucional cunha vontade e fins compartidos, de conformidade co



precisado nas estipulacións do mesmo e referentes á súa vixencia e natureza xurídica, atendendo ao previsto no artigo 47.1 da Lei 40/2015, do 1 de outubro.

O artigo 47 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público en adiante LRXSP), sinala a definición de convenios, establecendo que “son convenios os acordos con efectos xurídicos adoptados polas Administracións Públicas, os organismos públicos e entidades de dereito público vinculados ou dependentes ou as Universidades públicas ente si ou con suxeitos de dereito privado para un fin común.

Este mesmo artigo 47 sinala os tipos de convenios, ao establecer que “Os convenios que subscriban as Administracións Públicas, os organismos públicos e as entidades de dereito público vinculados ou dependentes e as universidades públicas, deberán corresponder a algún dos seguintes tipos:

Convenios inter-administrativos, asinados entre dúas ou mais Administracións públicas, ou ben entre dous ou mais organismos públicos ou entidades de dereito público vinculadas ou dependentes de distintas administracións públicas... (...).”

Neste caso estamos ante un convenio interadministrativo. As normas deste capítulo da Lei 40/2015, do 1 de outubro, non se aplican ás encomendas de xestión, nin tampouco aos acordos de terminación convencional dos procedementos administrativos (art. 48. 9 da LRXSP).

O artigo 111 do Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das Disposicións legais vixentes en materia de réxime local recolle que: “As entidades locais poderán concertar os contratos, pactos ou condicións que teñan por conveniente, sempre que non sexan contrarios aos intereses público, ao ordenamento xurídico e aos principios de boa transparencia, e deberán cumprilos a teor dos mesmos, sen prexuízo das prerrogativas establecidas no seu caso en favor de ditas entidades”.

A Memoria explicativa e xustificadora da solicitude sinala que os fins comúns de subscripción do convenio interadministrativo se refiren á execución das obras necesarias para a construción dun edificio multiusos, que requiren a previa demolición dunha antiga Escola

parroquial existente no mesmo lugar que se atopa en estado ruinoso, co fin de evitar a despoboación e de fixar a poboación na zona, mediante a programación de actividades culturais nun espazo habilitado ao efecto, que contribúa a dinamizar e facer atractivo vivir no rural.

En canto á necesidade e oportunidade deste convenio, destaca a localización desta infraestrutura na parroquia de Cedofeita, do interior da comarca da Mariña Oriental, e que está situada no rural. A creación dun espazo novo daríalle un forte impulso á oferta cultural nesta comunidade, que goza de certo dinamismo a través de xuntanzas semanais xeradas arredor da asociación de veciños e veciñas. Así mesmo, serviría de polo atraente da veciñanza das parroquias de Covelas e Arante, e reforzaría unha parte importante do territorio do interior de Ribadeo con repercusión en, aproximadamente, 600 habitantes.

En relación ao seu impacto económico, a construción deste edificio multiusos posibilitará a mellora na oferta cultural desta zona, o cal suporá a mobilización da poboación que demanda este tipo de actividades culturais e unha revalorización do rural como ámbito no que estas se poden desenvolver.

Efectivamente, da lectura do Convenio Interadministrativo de actuación a subscribir entre a Excma. Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Ribadeo, resulta que o seu contido compatibiliza coas competencias do ente provincial en canto aos fins e competencias da Deputación Provincial, fundamentalmente a que se menciona no artigo 36 apartado d) da LBRL, que se refire á cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito. No mesmo senso tamén se pronuncia o artigo 109 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, reguladora da administración local de Galicia, ao sinalar que serán competencias propias da Deputación as que baixo este concepto lles atribúan as Leis, considerando como competencia propia da Deputación, en calquera caso e entre outras, a mencionada no apartado d) en xeral, o fomento e a administración dos intereses peculiares da provincia.

O presente convenio ten natureza administrativa e non lle é de aplicación a Lei de contratos do sector público á vista do disposto no artigo 6 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do



Sector Público, pola que se traspón ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014.

Así mesmo, no artigo 31.1 desta Lei, relativo á potestade de autoorganización e sistemas de cooperación pública vertical e horizontal, establécese que:

“As entidades pertencentes ao sector público poderán cooperar entre si dalgunha das seguintes formas, sen que o resultado desa cooperación poida calificarse de contractual:

(...) b) Mediante sistemas de cooperación horizontal entre entidades pertencentes ao sector público, previa celebración dos correspondentes convenios, nas condicións e cos límites que se establecen no apartado 1 do artigo 6. (...)”.

Nestes supostos de cooperación entre administracións públicas, con contraprestacións entre os beneficiarios ou que as administracións que os subscriben ostentan competencias compartidas de execución, non é de aplicación a lexislación xeral de subvencións, consonte ao establecido no art. 2.4 do RD 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Subvencións, aínda que se toma como marco de referencia na xustificación dos gastos realizados.

En canto ao órgano competente para a aprobación do convenio, resulta de aplicación o artigo 59.18 do Regulamento orgánico da Excma. Deputación Provincial, publicado no BOP nº 202, de data 3 de setembro de 2020, que sinala que lle corresponde á Xunta de Goberno aprobar convenios de colaboración con outras entidades locais, organismos e administracións públicas, nos mesmos termos e condicións que os sinalados para a determinación da competencia en contratación, sempre que a devandita competencia non lle sexa atribuída ao presidente/a; e tendo en conta o establecido no artigo 118.1 Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público, que fixa o importe dos contratos menores nunha contía inferior a 15.000,00 €, trátase dunha atribución que corresponde á Xunta de Goberno da Deputación, atendendo ao importe económico do Convenio.

A Deputación de Lugo efectuará unha achega de 90.000,00 € para afrontar os gastos que se deriven da execución deste convenio e o cumprimento dos seus fins. O Concello de Ribadeo, de

acordo co orzamento previsto, comprométese a realizar unha achega económica de 49.088,85 €; e, así mesmo, asumirá o importe que reste e resulte necesario para dar cumprimento ao fin común perseguido.

O investimento prográmase como un gasto plurianual e, polo tanto, o financiamento da anualidade 2021 queda supeditado á dispoñibilidade orzamentaria e ao cumprimento do principio de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, de acordo co seguinte desglose:

ANUALIDADE	ACHEGA DEPUTACIÓN	ACHEGA CONCELLO	TOTAL
2020	60.000,00 €	39.127,28 €	99.127,28 €
2021	30.000,00 €	9.961,57 €	39.961,57 €
TOTAL	90.000,00 €	49.088,85 €	139.088,85 €

Considerando os antecedentes expostos, á vista da documentación achegada, e no seu caso dos informes que procedan, infórmase favorablemente: a aprobación do Convenio Interadministrativo de Cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de Ribadeo para a execución dos fins comúns consistentes en cooperar na “Construción de Edificio Multiusos en Cedofeita” (anualidades 2020 e 2021). É todo canto procede informar, con sometemento a calquera outro criterio mellor fundado en dereito.”

Por todo o anteriormente exposto, proponse que pola Xunta de Goberno se adopte a seguinte resolución:

1º.- Aprobar o texto do “Convenio Interadministrativo de Cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de Ribadeo para a execución dos fins comúns consistentes en cooperar na “Construción de Edificio Multiusos en Cedofeita” (anualidades 2020 e 2021) por importe total de 139.088,85 €.

2º.- Aprobar o gasto plurianual de 90.000,00 €, que se distribúe en: 60.000,00 €, con cargo á aplicación orzamentaria 3340.76200 do vixente orzamento da Deputación Provincial de Lugo para o ano 2020, así como 30.000,00 € con cargo á mesma aplicación orzamentaria do orzamento para o ano 2021, co compromiso de incluír nos orzamentos de 2021 de 30.000,00 €, supeditado á



disponibilidade orzamentaria e ao cumprimento do principio de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, a favor do Concello de Ribadeo, para sufragar os gastos derivados da “Construción de Edificio Multiusos en Cedofeita”.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

Segundo.- *Convenio da subvención directa excepcional outorgada pola Excm. Deputación Provincial de Lugo á entidade Federación de Asociaciones de Comercio de la Confederación Provincial de Empresarios de Lugo para colaborar no financiamento dos gastos derivados da actuación “Este Nadal Máis Preto de Ti. Comercio de Lugo Seguro, Nadal Seguro” na anualidade 2020.*

Logo de ver a proposta do Sr. Deputado Delegado da Área de Promoción Económica e Social, do seguinte teor:

“Resultando que no expediente relativo ao convenio da subvención directa de carácter excepcional a conceder á Federación de Asociacións de Comercio da Confederación Provincial de Empresarios de Lugo, co obxecto de colaborar no financiamento dos gastos derivados da actuación consistente en “Este Nadal máis preto de ti. Comercio de Lugo seguro, Nadal seguro”, polo importe de 52.000,00 €, constan entre outros, os documentos que se detallan a continuación:

Proposta emitida pola Unidade Administrativa Xestora que acredita a existencia de motivación suficiente, de concorrencia das razóns que habilitan a utilización deste procedemento excepcional.

Existencia de convenio que instrumenta a subvención antes mencionada.

Certificado do beneficiario de non estar incurso en ningunha das prohibicións previstas nos apartados 2 e 3 do artigo 13 da LXS, e demais normativa de aplicación, nos termos que se establecen nas Bases de Execución do Orzamento 2020.

Informe da Unidade administrativa xestora no que se manifesta que, segundo os datos que están no seu poder, o beneficiario reúne todos os requisitos para optar á subvención.

Informe favorable do Servizo de Contratación e Fomento sobre o texto do Convenio.

Informe favorable da Secretaría sobre o texto do Convenio.

Informe de fiscalización limitada previa do expediente, emitido pola Intervención Xeral e cuxo resultado é de conformidade.

A actuación que se pretende encaixa dentro da Liña 4.1.c: Fomento da Promoción Económica e Social da provincia de Lugo, da Área de Promoción Económica e Social, do PES (2020 -2022) aprobado por resolución de Presidencia, do 2 de abril de 2020, xa que na mesma se recollen os obxectivos de impulsar a promoción económica e o apoio a actividades enfocadas á mellora da competitividade, á eficiencia e ao desenvolvemento empresarial do territorio, asentando as bases do futuro da provincia.

O órgano competente para a aprobación do gasto, concesión desta subvención e aprobación do convenio no que se instrumenta é a Xunta de Goberno, en base ao establecido na base 24.4 das Bases de Execución do Orzamento Provincial para o ano 2020, que indican que o órgano competente para o outorgamento de subvencións de concesión directa de carácter excepcional é o Presidente, sempre que o seu importe sexa inferior a 15.000,00€ de xeito individual, e sendo a Xunta de Goberno para importes individuais superiores.

No presente caso, trátase dunha actividade englobada dentro da competencia da Deputación, que se refire á colaboración co beneficiario para o financiamento dos gastos derivados da actuación “Este Nadal máis preto de ti. Comercio de Lugo seguro, Nadal seguro”. O obxecto que se persegue é a dinamización económica e o desenvolvemento empresarial mediante o mantemento do comercio de proximidade e o incremento da súa produtividade e competitividade a un sector que constitúe o motor económico da nosa provincia.



Por todo o anteriormente exposto, proponse que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte Acordo:

1º.- Aprobado a excepcionalidade e otorgar a subvención directa de carácter excepcional, por importe de 52.000 €, a favor da Federación de Asociacións de Comercio da Confederación Provincial de Empresarios de Lugo, para sufragar os gastos derivados da actuación “Este Nadal máis preto de ti. Comercio de Lugo seguro, Nadal seguro”, na anualidade 2020, subvención incluída na liña 4.1.c: Fomento da Promoción Económica e Social da provincia de Lugo, da Área de Promoción Económica e Social, do Plan Estratéxico de Subvencións vixente da Deputación Provincial de Lugo.

2º.- Aprobado o gasto polo importe total de 52.000€, con cargo á aplicación orzamentaria 4330.489.11 do vixente orzamento da Deputación Provincial de Lugo para o ano 2020 a favor de Federación de Asociacións de Comercio da Confederación Provincial de Empresarios de Lugo, para sufragar os gastos derivados da actuación “Este Nadal máis preto de ti. Comercio de Lugo seguro, Nadal seguro “na anualidade 2020.

3º.- Aprobado o convenio a través do que se instrumenta a citada subvención e que se incorpora ao expediente.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

11.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO GASTO REFERENTE A SERVIZOS E/OU SUBMINISTRACIÓNS DE MATERIAL NON INVENTARIABLE.

Primeiro.- *Recoñecemento da obriga e pago da factura correspondente a Repsol Lubricantes y Especialidades, S.A.*

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Visto o informe de data 24/11/2020, emitido polo Servizo de Contratación e Fomento, xunto co expediente da súa razón, que na parte súa bastante sinala: “(...)

Trasladouse dende a Intervención Provincial a este Servizo, factura polo concepto e importe que de seguido se detallan:

ACREDOR	Nº FACTURA	DATA DE EMISIÓN	REXISTRO DE FACTURAS		CONCEPTO E Nº DE EXPEDIENTE DO GTM	IMPORTE DA FACTURA	IMPORTE SEN CONTRATO
			DATA DE ENTRADA	NÚMERO			
Repsol Lubricantes y Especialidades, S.A.	0041084659	30/09/2020	04/10/2020	2020/3191	Subministración ao Parque Móbil, no mes de setembro do 2020, de 173.060 kgs. de emulsión asfáltica para a reparación de vías. 2020/FAC_01/002611	47.743,79 €	37.574,86 €
TOTAL						47.743,79 €	37.574,86 €

Visto que consta:

A propia factura con entrada no Rexistro de Facturas.

Dilixencia do Parque Móbil, de data 21/10/2020, de que as subministracións están verificadas, precisando o “conforme” coas cantidades e o prezo, e na que consta a conformidade da Presidencia.

Declaración responsable asinada en data 20/10/2020, polo representante de Repsol Lubricantes y Especialidades, S.A., en modelo normalizado, de que dita entidade ten plena capacidade de obrar e dispón de habilitación profesional necesaria para realizar as prestacións, de que non se atopa incurso na prohibición de contratar, de estar ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias e coa seguridade social, de non ter débedas con esta Deputación, e de atoparse de alta no Imposto de Actividades Económicas nunha actividade acorde ás prestacións desenvolvidas, comprometéndose a manter o cumprimento das anteriores obrigas durante todo o procedemento, e a comunicar calquera variación nas mesmas.

Memoria xustificativa de data 29/10/2020, explicitando as razóns polas que se incumpriu o procedemento administrativo, e xustificando a necesidade de realización das prestacións, emitida dende o Parque Móbil.



Informe do Servizo de Contratación e Fomento, de data 30/10/2020, no que consta a xustificación da necesidade de realización das prestacións, por parte do órgano de contratación.

Resolución da Presidencia, de data 17/11/2020, levantando o reparo de Intervención e os seus efectos suspensivos, e aprobando o recoñecemento e liquidación de obrigas e ordenación do pago, da parte da factura (10.168,93 €) que está incluída no contrato co nº de expediente EXP007SU20-ABO.

Na proposta de decreto de data 06/11/2020, sobre discrepancias en relación co recoñecemento de obrigas do ano 2020 con nota de reparo do art. 216.2.c) do TRLRFL, reflíctense os seguintes antecedentes:

“(…)

“Informe de intervención

Asunto: Recoñecemento de obrigas do ano 2020, con nota de reparo do artigo 216.2.c) do TRLRFL, por omisión de requisitos e trámites esenciais:

O obxecto do presente informe refírese á factura que seguidamente se relaciona:

EMPRESA	Nº FACTURA	DATA	IMPORTE DA FACTURA	IMPORTE SEN CONTRATO	CONCEPTO	APLICACIÓN	ADO
Repsol Lubricantes y Especialidades, S.A.	0041084659	30/09/2020	47.743,79	37.574,86	Subministración ao Parque Móbil, no mes de setembro do 2020, de 173.060 kgs. de emulsión asfáltica para a reparación de vías. 2020/FAC01/2611	9201.210	92020/6847
47.743,79 € (10.168,93 € CON CARGO AO NOVO CONTRATO + 37.574,86 € FORA CONTRATO)							
SUMA			47.743,79	37.574,86			

Logo de ver a factura debidamente conformada, e informe do Servizo de Parque Móbil e do Servizo de Contratación e Fomento, que achegan ca factura, e así como efectuada a comprobación por parte desta Intervención de que a mesma non consta aprobada na contabilidade Provincial.

A que subscribe, en exercicio da función de fiscalización do artigo 4.1.a) do R.D. 128/2018, do 16 de marzo, polo que se regula o réxime Xurídico dos Funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional, emite o seguinte informe:

Existe consignación adecuada e suficiente no vixente Orzamento Xeral nas aplicacións que se indican na relación anterior, polo importe total de 37.574,86 euros.

Segundo o artigo 214 do RD Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (en adiante TRLRFL), a función interventora ten por obxecto entre outros, fiscalizar todos os actos das entidades locais que dean lugar ao recoñecemento e liquidación de obrigas e gastos de contido económico e os pagos que de aqueles se deriven, co fin de que a xestión se axuste ás disposicións aplicables en cada caso.

Polo exposto, e segundo os artigos 215 a 217 TRLRFL, artigos 14 e 15 do RD 424/2017, de 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do Sector Público Local (en adiante RD 424/2017), e base nº 36 de execución do orzamento, a que subscribe pon de manifesto nota de reparo de acordo co disposto no artigo 216.2.c) do TRLRFL, con efectos suspensivos, por desconformidade na tramitación dos gastos que se reflicten nas facturas obxecto de informe, en canto supoñen gastos realizados sen os trámites de consignación orzamentaria previa, aínda que a teñen, sen fiscalización previa e omitir outros requisitos e trámites esenciais dos procedementos de contratación ao non ter cobertura como contrato menor por ser gastos periódicos e repetitivos de duración superior ao ano e por superar as contías do contrato menor, incumprindo o artigo 29.8 e 118 da Lei 9/2017 do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, en consecuencia, falta procedemento de contratación e aplicación das regras contidas na citada normativa contractual, ase como incumprimento da normativa orzamentaria por carecer da autorización e compromiso previo ao recoñecemento ou liquidación da obriga, segundo os artigos 184 do TRLRFL, 54, 56 e 58 do RD 500/90 do 2 de abril, polo tanto incumprindo requisitos esenciais ós efectos do artigo 216.2.c) do TRLRFL, tal como recolle a base 36 de execución do orzamento 2020, considerando requisitos ou trámites esenciais os extremos a verificar en réxime de requisitos básicos e adicionais aprobados polo Pleno, en aplicación do artigo 13 do Rd 424/2017.



Segundo o artigo 217 do TRLRFL e 14 e 15 do Rd 424/2017, cando o órgano ao que afecte o reparo non este de acordo con este, plantexará ó Presidente da entidade local unha discrepancia no prazo de 15 días, esta deberá ser motivada, por escrito, con cita dos preceptos legais en que sustente o seu criterio.

Resolta a discrepancia poderase continuar coa tramitación do expediente, deixando constancia en todo caso, da adecuación ao criterio fixado na resolución correspondente ou, no seu caso, á motivación para a non aplicación dos criterios establecidos polo órgano de control. A resolución da discrepancia e indelegable, deberá recaer no prazo de 15 días, sendo executiva.

Infórmase, por recomendación do Consello de Contas, no relativo ás consecuencias e responsabilidades das autoridades e persoal ao servizo das Administracións Públicas, que derivan da realización de gastos sen consignación orzamentaria e da vulneración total ou parcial do procedemento de contratación, a aplicación do disposto na Disposición Adicional 28 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público “Responsabilidade das autoridades e do persoal ao servizo das Administracións Públicas”, e artigos 28 e 30 da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, sobre infraccións e sancións.

De acordo co artigo 218.3 do TRLRFL o órgano interventor remitirá anualmente ao Tribunal de Contas todas as resolucións e acordos adoptados polo Presidente da Entidade Local e polo Pleno contrarios ós reparos formulados.”

“Informe da unidade xestora relativo ao informe de intervención de data 3 de novembro de 2020, sobre recoñecemento de obrigacións con nota de reparo do art. 216.2.c) do TRLRFL.

En relación coas facturas seguintes:

ACREDORES	Nº FACTURA	DATA	IMPORTE	APLICACIÓN
REPSOL LUBRICANTES Y ESPECIALIDADES, S.A.	0041084659	30/09/20	37.574,86 sen contrato 10.168,93 Contrato	9201.210
SUMA			47.743,79	

Procede informar:

Son certos os datos expresados no informe emitido pola Intervención Provincial de data 3 de novembro de 2020.

Non obstante os motivos polos cales se realizaron os subministros son os seguintes:

Dado que rematou o contrato coa empresa Repsol Lubricantes y Especialidades, S.A. para subministro de emulsión asfáltica para o Parque Móbil o pasado 5 de febreiro, estando xa en trámite un novo contrato que entrou en vigor o 25 de setembro, ademáis da necesidade urxente do subministro para a reparación das vías, e que no caso de non realizarse o dito subministro, os equipos de rego deste Parque Móbil se verían obrigados a parar, con todo o que elo conleva, procede a validación de parte da factura.

O período do aludido subministro foi setembro de 2020.

A cantidade a aboar á empresa ascende a 47.743,79 euros (IVE incluído).

Garantías: Debido ás características da prestación realizada, non procede a existencia de garantía.

A valoración corresponde ás estritamente necesarias para a prestación do subministro, e os prezos aplicados son os habituais do mercado.

A unidade administrativa, ao ser un gasto de imputación ao orzamento do exercicio do ano 2020, informa de que non existe impedimento ou limitación algunha a esta aplicación do gasto en relación coas restantes necesidades e atención da partida durante todo o ano en curso.

En base ao exposto proponse:

O levantamento do reparo valorado pola Intervención Provincial en data 3 de novembro de 2020 e o aboamento da factura 0041084659.



Así mesmo, consta informe de fiscalización de intervención, co resultado de conformidade, polo importe total (é dicir, 10.168,93 €) imputado ao contrato de subministración de emulsión asfáltica para o Parque Móbil Provincial (EXP007SU20-ABO).”

Consideracións

Levantado o reparo, o recoñecemento da obriga facturada debería tramitarse por este procedemento específico, establecido nas bases de execución do orzamento para situacións ou eventualidades, como a que nos ocupa.

Xa que existen unhas prestacións cuxa necesidade foi xustificada pola unidade xestora e das que consta a súa realización e que resulta fonte de obrigas a doutrina do enriquecemento inxusto, aplicada de xeito pacífico en materia contractual en supostos de prestacións realizadas en semellantes supostos ós analizados, isto é, derivadas aquelas de contratos cuxo prazo de duración rematou (cítanse a título de exemplo a STS de 30-10-1989, RJ 1989, 7396; e Sentenza 203/2011 do 3 de marzo do TSXG, JUR/2011/156734).

Entendemos aplicable dita figura ó ter percibido esta administración vantaxe derivada da entrega dunha cousa ou a recepción dun servizo; e producíndose ao mesmo tempo un empobrecemento do terceiro, que pretende a satisfacción ou contraprestación recíproca, constando así mesmo documentada a efectiva realización dunha subministración ou prestación dun servizo.

A estes efectos, reiterar, que no expediente están xustificadas por empregados públicos as prestacións.

En calquera caso, o Servizo de Contratación e Fomento é alleo ás decisións que motivaron as prestacións, sinalando mediante a presente o procedemento a seguir cando se dan situacións como as que nos ocupan e o órgano competente.

Compre recordar ó centro xestor dando traslado do acordo que se adopte con respecto a presente, que se deben minimizar os supostos nos que se incorre na irregularidade que motiva o

reparo que unha vez levantado conserva os efectos previstos na base 20.4 de execución do orzamento desta deputación para o ano 2020.

A factura relacionada neste informe, é obxecto de tramitación, aplicando analóxicamente (artigo 4.1 do Código Civil) a Base de Execución Nº 20 e concordantes do Orzamento desta Deputación para o ano 2020.

A competencia para a súa aprobación corresponderá á Xunta de Goberno dentro da Deputación Provincial que resulta ser o órgano de contratación, unha vez levantado o reparo suspensivo da Intervención Provincial formulado consonte ao establecido no artigo 216.2.c do TRLFL, en aplicación do artigo 217.1 do mesmo texto legal.

Dita atribución competencial, se produce considerando o carácter anual das prestacións, o carácter repetitivo das mesmas, e por superar as contías do contrato menor, polo que a factura non é susceptible de tramitarse como contrato menor, unido a que as prestacións que reflicte (as realizadas dende o 01/09/2020 ata o 24/09/2020), se corresponden con procedementos de licitación naquela época en fase de adxudicación/ou sen formalizar o contrato ou a acta de inicio, cuxa competencia é da Xunta de Goberno.

Neste senso, o Regulamento Orgánico da Deputación Provincial de Lugo, publicado no B.O.P. de Lugo Nº 202 do 3 de setembro de 2020, establece no artigo 59 as atribucións da Xunta de Goberno, adxudicar todos os contratos de obras, servizos, subministracións e xestión de servizos públicos, especiais e privados, de contía superior á determinada para contratos menores e cuxa competencia non estea reservada ao Pleno da Corporación.

Así mesmo a competencia sobre contratos alcanzará á aprobación do gasto, a interpretación, modificación, suspensión e a súa resolución, agás cando se trate de indemnizacións cuxa competencia lle corresponderá ao órgano orixinariamente competente.

Conclusión



Por todo o exposto, coas matizacións e consideracións formuladas ao longo deste informe, existindo consignación orzamentaria axeitada e suficiente consonte co informe de intervención invocado, para facer fronte ao gasto proposto, tratándose dun gasto realizado no exercicio orzamentario de 2020, e xustificado por analoxía ós requisitos fixados na Base 20 das BEO de aplicación, considerando a interdicción do enriquecemento inxusto, poderase tomar acordo pola Xunta de Goberno, de aprobación das prestacións executadas propias dun contrato administrativo de subministración, o recoñecemento da obriga e o pagamento da seguinte factura, en virtude do principio do enriquecemento inxusto:

ACREDOR	Nº FACTURA	DATA DE EMISIÓN	CONCEPTO	IMPORTE DA FACTURA	IMPORTE SEN CONTRATO
Repsol Lubricantes y Especialidades, S.A.	0041084659	30/09/2020	Subministración ao Parque Móbil, no mes de setembro do 2020, de 173.060 kgs. de emulsión asfáltica para a reparación de vías.	47.743,79 €	37.574,86 €
TOTAL				47.743,79 €	37.574,86 €

Así mesmo, darase traslado deste acordo, ó Centro Xestor.

(...).”

Por canto antecede, proponse que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

1º.- Aprobación das prestacións executadas, propias dun contrato administrativo de subministración, recoñecer a obriga e o pagamento da seguinte factura emitida por Repsol Lubricantes y Especialidades, S.A.:

Nº 0041084659 de data 30/09/2020, correspondente á subministración ao Parque Móbil, no mes de setembro do 2020, de 173.060 kgs. de emulsión asfáltica para a reparación de vías, dun importe total de 47.743,79 € (dos cales 37.574,86 € son sen contrato).

2º.- Dar traslado deste acordo ó centro xestor.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

Segundo.- *Recoñecemento da obriga e pago das facturas correspondentes a Aira, S. Coop. Galega.*

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Visto o informe de data 24/11/2020, emitido polo Servizo de Contratación e Fomento, xunto co expediente da súa razón, que na parte súa bastante sinala:

“(…)

Trasládáronse dende a Intervención Provincial a este Servizo, facturas polos conceptos e importes que de seguido se detallan:

ACREDOR	Nº FACTURA	DATA DE EMISIÓN	REXISTRO DE FACTURAS		CONCEPTO E Nº DE EXPEDIENTE DO GTM	IMPORTE DA FACTURA	IMPORTE SEN CONTRATO
			DATA DE ENTRADA	NÚMERO			
Aira, S. Coop. Galega	20-4 18830	28/04/2020	04/05/2020	2020/1430	Subministración de penso no mes de marzo do 2020, para a alimentación dos animais da Granxa Gayoso Castro. 2020/FAC_01/000644	17.976,28 € (16.342,07 € + 1.634,21 € en concepto de I.V.E.)	13.339,68 € (12.126,98 € + 1.212,70 € en concepto de I.V.E.)
Aira, S. Coop. Galega	20-8 21978	28/08/2020	28/08/2020	2020/2753	Subministración de penso no mes de agosto do 2020, para a alimentación dos animais da Granxa Gayoso Castro. 2020/FAC_01/002170	12.082,93 € (10.984,48 € + 1.098,45 € en concepto de I.V.E.)	9.490,35 € (8.627,59 € + 862,76 € en concepto de I.V.E.)
Aira, S. Coop. Galega	20-9 24400	30/09/2020	01/10/2020	2020/3151	Subministración de penso no mes de setembro do 2020, para a alimentación dos animais da Granxa Gayoso Castro. 2020/FAC_01/002564	16.537,09 € (15.033,72 € + 1.503,37 € en concepto de I.V.E.)	14.337,47 € (13.034,06 € + 1.303,41 € en concepto de I.V.E.)
TOTAL						46.596,30 €	37.167,50 €

Visto que consta:

As propias facturas con entrada no Rexistro de Facturas.

Dilixencia da Granxa Gayoso Castro, para cada unha das facturas (de data 17/06/2020 para a factura Nº 20-4 18830, de data 09/09/2020 para a factura Nº 20-8 21978, e de data 01/10/2020 para a factura 20-9 24400), de que as subministracións están verificadas, precisando o conforme coas cantidades e os prezos, constando nas mesmas, a conformidade do Deputado Delegado da Área de Recursos Sostibles.



Declaración responsable asinada en data 26/10/2020, polo representante de Aira, S. Coop. Galega, en modelo normalizado, de que dita entidade ten plena capacidade de obrar e dispón de habilitación profesional necesaria para realizar as prestacións, de que non se atopa incurso na prohibición de contratar, de estar ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias e coa seguridade social, de non ter débedas con esta Deputación, e de atoparse de alta no Imposto de Actividades Económicas nunha actividade acorde ás prestacións desenvolvidas, comprometéndose a manter o cumprimento das anteriores obrigas durante todo o procedemento, e a comunicar calquera variación nas mesmas.

Memoria xustificativa para cada unha das facturas relacionadas, todas elas de data 26/10/2020, explicitando as razóns polas que se incumpriu o procedemento administrativo, e xustificando a necesidade de realización das prestacións, emitidas polo Director da Granxa Gayoso Castro.

Informe do Servizo de Contratación e Fomento, de data 29/10/2020, no que consta a xustificación da necesidade por parte do órgano de contratación, e a conformidade do Deputado Delegado da Área de Recursos Sostibles.

Resolución da Presidencia de data 18/11/2020, levantando o reparo de Intervención e os seus efectos suspensivos, e aprobando o recoñecemento e liquidación de obrigas e ordenación do pago da parte das facturas, que está incluída no contrato por un importe total de 9.428,80 € (dos que 4.636,60 € corresponden á factura Nº 20-4 18830, 2.592,58 € corresponden á factura Nº 20-8 21978, e 2.199,62 € corresponden á factura Nº 20-9 24400).

Na proposta de decreto sobre discrepancias, de data 13/11/2020, en relación co recoñecemento de obrigas do ano 2020 con nota de reparo do art. 216.2.c) do TRLRFL, reflíctense os seguintes antecedentes: “(...)

“Informe de intervención

Asunto: Recoñecemento de obrigas do ano 2020, con nota de reparo do artigo 216.2.c) do TRLRFL, por omisión de requisitos e trámites esenciais:

O obxecto do presente informe refírese ás facturas da empresa Aira, S. Coop. Galega que seguidamente se relacionan:

Nº FACTURA	DATA FACTURA	IMPORTE DA FACTURA	IMPORTE SEN CONTRATO	CONCEPTO	APLICACIÓN	O
20-4 18830 GTM 20/FAC01/644	28/04/2020	17.976,28 (16.342,07 + 1.634,21 IVE deducible).	13.339,68 (12.126,98 + 1.212,70 IVE deducible)	Subministración de penso no mes de marzo do 2020, para a alimentación dos animais da Granxa Gayoso Castro.	4120.22113	92020/3484
20-8 21978 GTM 20/FAC01/2170	28/08/2020	12.082,93 (10.984,48 + 1.098,45 IVE deducible).	9.490,35 (8.627,59 + 862,76 IVE deducible)	Subministración de penso no mes de agosto do 2020, para a alimentación dos animais da Granxa Gayoso Castro.	4120.2211355	92020/5290
20-9 24400 GTM 20/FAC01/2564	30/09/2020	16.537,09 (15.033,72 + 1.503,37 IVE deducible).	14.337,47 (13.034,06 + 1.303,41 IVE deducible)	Subministración de penso no mes de setembro do 2020, para a alimentación dos animais da Granxa Gayoso Castro.	4120.22113	92020/6646
SUMA		46.596,30	37.167,50			

Logo de ver as facturas debidamente conformadas, e informe do Director da Granxa Provincial Gayoso Castro e do Servizo de Contratación e Fomento, que achegan cas facturas, e así como efectuada a comprobación por parte desta Intervención de que as mesmas non constan aprobadas na contabilidade Provincial.

A que subscribe, en exercicio da función de fiscalización do artigo 4.1.a) do R.D. 128/2018, do 16 de marzo, polo que se regula o réxime Xurídico dos Funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional, emite o seguinte informe:

Existe consignación adecuada e suficiente no vixente Orzamento Xeral nas aplicacións que se indican na relación anterior, polo importe total de 37.167,50 €.

Segundo o artigo 214 do RD Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (en adiante TRLRFL), a función interventora ten por obxecto entre outros, fiscalizar todos os actos das entidades locais que dean lugar ao recoñecemento e liquidación de obrigas e gastos de contido económico e os pagos que de aqueles se deriven, co fin de que a xestión se axuste ás disposicións aplicables en cada caso.

Polo exposto, e segundo os artigos 215 a 217 TRLRFL, artigos 14 e 15 do RD 424/2017, de 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do Sector Público Local (en adiante RD 424/2017), e base nº 36 de execución do orzamento, a que subscribe pon de manifesto nota de reparo de acordo co disposto no artigo 216.2.c) do TRLRFL, con efectos



suspensivos, por desconformidade na tramitación dos gastos que se reflicten nas facturas obxecto de informe, en canto supoñen gastos realizados sen os trámites de consignación orzamentaria previa, aínda que a teñen, sen fiscalización previa e omitir outros requisitos e trámites esenciais dos procedementos de contratación ao non ter cobertura como contrato menor por ser gastos periódicos e repetitivos de duración superior ao ano e por superar as contías do contrato menor, incumprindo o artigo 29.8 e 118 da Lei 9/2017 do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, en consecuencia, falta procedemento de contratación e aplicación das regras contidas na citada normativa contractual, ase como incumprimento da normativa orzamentaria por carecer da autorización e compromiso previo ao recoñecemento ou liquidación da obriga, segundo os artigos 184 do TRLRFL, 54, 56 e 58 do RD 500/90 do 2 de abril, polo tanto incumprindo requisitos esenciais ós efectos do artigo 216.2.c) do TRLRFL, tal como recolle a base 36 de execución do orzamento 2020, considerando requisitos ou trámites esenciais os extremos a verificar en réxeme de requisitos básicos e adicionais aprobados polo Pleno, en aplicación do artigo 13 do Rd 424/2017.

Segundo o artigo 217 do TRLRFL e 14 e 15 do Rd 424/2017, cando o órgano ao que afecte o reparo non este de acordo con este, plantexará ó Presidente da entidade local unha discrepancia no prazo de 15 días, esta deberá ser motivada, por escrito, con cita dos preceptos legais en que sustente o seu criterio.

Resolta a discrepancia poderase continuar coa tramitación do expediente, deixando constancia en todo caso, da adecuación ao criterio fixado na resolución correspondente ou, no seu caso, á motivación para a non aplicación dos criterios establecidos polo órgano de control. A resolución da discrepancia e indelegable, deberá recaer no prazo de 15 días, sendo executiva.

Infórmase, por recomendación do Consello de Contas, no relativo ás consecuencias e responsabilidades das autoridades e persoal ao servizo das Administracións Públicas, que derivan da realización de gastos sen consignación orzamentaria e da vulneración total ou parcial do procedemento de contratación, a aplicación do disposto na Disposición Adicional 28 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público “Responsabilidade das autoridades e do persoal ao servizo das Administracións Públicas”, e artigos 28 e 30 da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, sobre infraccións e sancións.

De acordo co artigo 218.3 do TRLRFL o órgano interventor remitirá anualmente ao Tribunal de Contas todas as resolucións e acordos adoptados polo Presidente da Entidade Local e polo Pleno contrarios ós reparos formulados.”

“Informe da unidade xestora relativo ao informe de intervención de data 10 de novembro do 2020, sobre recoñecemento de obrigas con nota de reparo do art. 216.2.c) do TRLRFL.

En relación coas facturas seguintes:

Nº FACTURA	DATA	IMPORTE	IMPORTE SEN CONTRATO	CONCEPTO	APLICACIÓN	O
20-4 18830 GTM 2020/FAC-01/000644	28/04/2020	17.976,28 (16.342,07 + 1.634,21 IVE deducible).	13.339,68 (12.126,98 + 1.212,70 IVE deducible)	Subministración de penso no mes de marzo do 2020, para a alimentación dos animais da Granxa Gayoso Castro.	4120.22113	92020/3484
20-8 21978 GTM 2020/FAC-01/002170	28/08/2020	12.082,93 (10.984,48 + 1.098,45 IVE deducible).	9.490,35 (8.627,59 + 862,76 IVE deducible)	Subministración de penso no mes de agosto do 2020, para a alimentación dos animais da Granxa Gayoso Castro.	4120.2211355	92020/5290
20-9 24400 GTM 2020/FAC-01/002564	30/09/2020	16.537,09 (15.033,72 + 1.503,37 IVE deducible).	14.337,47 (13.034,06 + 1.303,41 IVE deducible)	Subministración de penso no mes de setembro do 2020, para a alimentación dos animais da Granxa Gayoso Castro.	4120.22113	92020/6646
SUMA		46.596,30	37.167,50			

Procede informar:

Son certos os datos expresados no informe emitido pola Intervención Provincial de data 10 de novembro de 2020.

Non obstante os motivos polos cales se realizaron as prestacións son os seguintes:

As subministracións eran absolutamente imprescindibles para garantir que os animais de Granxa Gayoso Castro tivesen unha correcta alimentación e así garantir a súa produción e crecemento e cumprir coas normas de Benestar animal nas explotacións.

O período de realización da subministración foi nos meses de marzo, agosto e setembro de 2020.

A cantidade a aboar á empresa ascende a 46.596,30 euros (IVE incluído).



Debido ás características da prestación realizada, non procede a existencia de garantía.

A valoración corresponde ás unidades estritamente necesarias para a subministración, e os prezos aplicados son os habituais do mercado, e son os que figuran no contrato de subministro.

A unidade administrativa, ao ser un gasto de imputación ao orzamento do exercicio do ano 2020, informa de que non existe impedimento ou limitación algunha a esta aplicación do gasto en relación coas restantes necesidades e atención da partida durante todo o ano en curso.

Así mesmo, consta informe de fiscalización de intervención, para cada unha das facturas, co resultado de conformidade, polos importes totais de 4.636,60 € (factura Nº 20-4 18830), 2.592,58 € (factura Nº 20-8 21978), e 2.199,62 € (factura Nº 20-9 24400), imputados ao contrato de subministración de penso composto para a alimentación dos animais da Granxa Gayoso Castro (EXP0017SU19-ABO).”

Consideracións

Levantado o reparo, o recoñecemento das obrigas facturadas debería tramitarse por este procedemento específico, establecido nas bases de execución do orzamento para situacións ou eventualidades, como a que nos ocupa.

Xa que existen unhas prestacións cuxa necesidade foi xustificada pola unidade xestora e das que consta a súa realización e que resulta fonte de obrigas a doutrina do enriquecemento inxusto, aplicada de xeito pacífico en materia contractual en supostos de prestacións realizadas en semellantes supostos ós analizados, isto é, derivadas aquelas de contratos cuxo prazo de duración rematou (cítanse a título de exemplo a STS de 30-10-1989, RJ 1989, 7396; e Sentenza 203/2011 do 3 de marzo do TSXG, JUR/2011/156734).

Entendemos aplicable dita figura ó ter percibido esta administración vantaxe derivada da entrega dunha cousa ou a recepción dun servizo; e producíndose ao mesmo tempo un

empobrecemento do terceiro, que pretende a satisfacción ou contraprestación recíproca, constando así mesmo documentada a efectiva realización dunha subministración ou prestación dun servizo.

A estes efectos, reiterar, que no expediente están xustificadas por empregados públicos as prestacións.

En calquera caso, o Servizo de Contratación e Fomento é alleo ás decisións que motivaron as prestacións, sinalando mediante a presente o procedemento a seguir cando se dan situacións como as que nos ocupan e o órgano competente.

Compre recordar ó centro xestor dando traslado do acordo que se adopte con respecto a presente, que se deben minimizar os supostos nos que se incorre na irregularidade que motiva o reparo que unha vez levantado conserva os efectos previstos na base 20.4 de execución do orzamento desta deputación para o ano 2020.

As tres facturas relacionadas neste informe, son obxecto de tramitación, aplicando analóxicamente (artigo 4.1 do Código Civil) a Base de Execución Nº 20 e concordantes do Orzamento desta Deputación para o ano 2020.

A competencia para a súa aprobación corresponderá á Xunta de Goberno dentro da Deputación Provincial que resulta ser o órgano de contratación, unha vez levantado o reparo suspensivo da Intervención Provincial formulado consonte ao establecido no artigo 216.2.c do TRLFL, en aplicación do artigo 217.1 do mesmo texto legal.

Dita atribución competencial, se produce considerando o carácter anual das prestacións, o carácter repetitivo das mesmas, e por superar as contías do contrato menor, polo que as facturas non son susceptibles de tramitarse como contrato menor, unido a que as prestacións que reflicten se corresponden con procedementos de licitación, cuxa competencia é da Xunta de Goberno.

Neste senso, o Regulamento Orgánico da Deputación Provincial de Lugo, publicado no B.O.P. de Lugo Nº 202 do 3 de setembro de 2020, establece no artigo 59 as atribucións da Xunta de



Goberno, adxudicar todos os contratos de obras, servizos, subministracións e xestión de servizos públicos, especiais e privados, de contía superior á determinada para contratos menores e cuxa competencia non estea reservada ao Pleno da Corporación.

Así mesmo a competencia sobre contratos alcanzará a aprobación do gasto, a interpretación, modificación, suspensión e a súa resolución, agás cando se trate de indemnizacións cuxa competencia lle corresponderá ao órgano orixinariamente competente.

Conclusión

Por todo o exposto, coas matizacións e consideracións formuladas ao longo deste informe, existindo consignación orzamentaria axeitada e suficiente consonte co informe de intervención invocado, para facer fronte aos gastos propostos, tratándose de gastos realizados no exercicio orzamentario de 2020, e xustificados por analogía ós requisitos fixados na Base 20 das BEO de aplicación, considerando a interdicción do enriquecemento inxusto, poderase tomar acordo pola Xunta de Goberno, de aprobación das prestacións executadas propias dun contrato administrativo de subministración, o recoñecemento das obrigas e o pagamento das seguintes facturas, en virtude do principio do enriquecemento inxusto:

ACREDOR	Nº FACTURA	DATA DE EMISIÓN	CONCEPTO	IMPORTE DA FACTURA	IMPORTE SEN CONTRATO
Aira, S. Coop. Galega	20-4 18830	28/04/2020	Subministración de penso no mes de marzo do 2020, para a alimentación dos animais da Granxa Gayoso Castro.	17.976,28 € (16.342,07 € + 1.634,21 € en concepto de I.V.E.)	13.339,68 € (12.126,98 € + 1.212,70 € en concepto de I.V.E.)
Aira, S. Coop. Galega	20-8 21978	28/08/2020	Subministración de penso no mes de agosto do 2020, para a alimentación dos animais da Granxa Gayoso Castro.	12.082,93 € (10.984,48 € + 1.098,45 € en concepto de I.V.E.)	9.490,35 € (8.627,59 € + 862,76 € en concepto de I.V.E.)
Aira, S. Coop. Galega	20-9 24400	30/09/2020	Subministración de penso no mes de setembro do 2020, para a alimentación dos animais da Granxa Gayoso Castro.	16.537,09 € (15.033,72 € + 1.503,37 € en concepto de I.V.E.)	14.337,47 € (13.034,06 € + 1.303,41 € en concepto de I.V.E.)
TOTAL				46.596,30 €	37.167,50 €

Así mesmo, darase traslado deste acordo, ó Centro Xestor.

(...).”

Por canto antecede, propónse que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

1º.- Aprobar as prestacións executadas, propias dun contrato administrativo de subministración, recoñecer as obrigas e o pagamento das seguintes facturas emitidas por Aira, S. Coop. Galega, por un importe total de 46.596,30 € (dos cales 37.167,50 € son sen contrato):

Nº 20-4 18830 de data 28/04/2020, correspondente á subministración de penso no mes de marzo do 2020, para a alimentación dos animais da Granxa Gayoso Castro, dun importe total de 17.976,28 € (dos cales 13.339,68 € son sen contrato).

Nº 20-8 21978 de data 28/08/2020, correspondente á subministración de penso no mes de agosto do 2020, para a alimentación dos animais da Granxa Gayoso Castro, dun importe total de 12.082,93 € (dos cales 9.490,35 € son sen contrato).

Nº 20-9 24400 de data 30/09/2020, correspondente á subministración de penso no mes de setembro do 2020, para a alimentación dos animais da Granxa Gayoso Castro, dun importe total de 16.537,09 € (dos cales 14.337,47 € son sen contrato).

2º.- Dar traslado deste acordo ó centro xestor.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

Terceiro.- *Recoñecemento da obriga e pago da factura correspondente a Talleres Dekavol, S.L.*

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor.

“Visto o informe de data 24/11/2020, emitido polo Servizo de Contratación e Fomento, xunto co expediente da súa razón, que na parte súa bastante sinala:

“(…)



Trasládouse dende a Intervención Provincial a este Servizo, factura polo concepto e importes que de seguido se detallan:

ACREDOR	Nº FACTURA	DATA DE EMISIÓN	REXISTRO XERAL		CONCEPTO E Nº DE EXPEDIENTE DO GTM	IMPORTE DA FACTURA
			DATA DE ENTRADA	NÚMERO		
Talleres Dekavol, S.L.	F-255/20	28/02/2020	13/03/2020	2020RPE005008	Mantemento dun vehículo do Parque Móbil, realizado no mes de febreiro do 2020. 2020/FAC_01/000446	188,68 €
TOTAL						188,68 €

Visto que consta:

A propia factura con entrada no Rexistro Xeral e con dilixencia do Parque Móbil, de data 23/03/2020, de que as subministracións están verificadas, precisando o “conforme” coas cantidades e cos prezos, e conformada pola Presidencia.

Declaración responsable asinada en data 29/10/2020, polo representante de Talleres Dekavol, S.L., en modelo normalizado, de que dita entidade ten plena capacidade de obrar e dispón de habilitación profesional necesaria para realizar as prestacións, de que non se atopa incurso na prohibición de contratar, de estar ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias e coa seguridade social, de non ter débedas con esta Deputación, e de atoparse de alta no Imposto de Actividades Económicas nunha actividade acorde ás prestacións desenvolvidas, comprometéndose a manter o cumprimento das anteriores obrigas durante todo o procedemento, e a comunicar calquera variación nas mesmas.

Memoria xustificativa de data 23/03/2020, explicitando as razóns polas que se incumpriu o procedemento administrativo, e xustificando a necesidade de realización das prestacións, emitida dende o Parque Móbil.

Informe – Proposta do Servizo de Contratación e Fomento, de data 30/10/2020, no que consta a xustificación da necesidade de realización das prestacións, por parte do órgano de contratación.

Resolución da Presidencia de data 19/11/2020, levantando o reparo de Intervención e os seus efectos suspensivos.

Na proposta de decreto de data 11/11/2020, sobre discrepancias en relación co recoñecemento de obrigas do ano 2020 con nota de reparo do art. 216.2.c) do TRLRFL, reflíctense os seguintes antecedentes:

“(…)

“Informe de intervención

Asunto: Recoñecemento de obrigas do ano 2020, con nota de reparo do artigo 216.2.c) do TRLRFL, por omisión de requisitos e trámites esenciais:

O obxecto do presente informe refírese á factura da empresa Talleres Dekavol, S.L. que seguidamente se relaciona:

Nº FACTURA	DATA	IMPORTE	CONCEPTO	APLICACIÓN	ADO
F-255/20 GTM 2020/FAC01/446	28/02/2020	188,68	Mantemento dun vehículo do Parque Móbil, realizado no mes de febreiro de 2020.	9201.214	92020/2683
SUMA		188,68			

Logo de ver a factura debidamente conformada, e informe do Parque Móbil, e do Servizo de Contratación e Fomento, que achegan ca factura, e así como efectuada a comprobación por parte desta Intervención de que a mesma non consta aprobada na contabilidade Provincial.

A que subscribe, en exercicio da función de fiscalización do artigo 4.1.a) do R.D. 128/2018, do 16 de marzo, polo que se regula o réxime Xurídico dos Funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional, emite o seguinte informe:

Existe consignación adecuada e suficiente no vixente Orzamento Xeral na aplicación que se indica na relación anterior, polo importe total de 188,68 euros.



Segundo o artigo 214 do RD Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (en adiante TRLRFL), a función interventora ten por obxecto entre outros, fiscalizar todos os actos das entidades locais que dean lugar ao recoñecemento e liquidación de obrigas e gastos de contido económico e os pagos que de aqueles se deriven, co fin de que a xestión se axuste ás disposicións aplicables en cada caso.

B/29 GTM 2020/FAC01/1613	02/07/2020	141,36+29,69 (IVE deducible)	Subministracións de desinfectante e materiais para a sala de muxidora da Granxa Gayoso Castro	4120.22111	92020/3919
SUMA		171,05			

Logo de ver a factura debidamente conformada, e informe do Director da Granxa Provincial, e do Servizo de Contratación e Fomento, que achegan ca factura, e así como efectuada a

comprobación por parte desta Intervención de que as mesmas non constan aprobadas na contabilidade Provincial.

A que subscribe, en exercicio da función de fiscalización do artigo 4.1.a) do R.D.128/2018, do 16 de marzo, polo que se regula o réxime Xurídico dos Funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional, emite o seguinte informe:

Existe consignación adecuada e suficiente no vixente Orzamento Xeral na aplicación que se indican na relación anterior, polo importe total de 171,05€.

Segundo o artigo 214 do RD Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, (en adiante TRLRFL), a función interventora ten por obxecto entre outros, fiscalizar todos os actos das entidades locais que dean lugar ao recoñecemento e liquidación de obrigas e gastos de contido económico e os pagos que de aqueles se deriven, co fin de que a xestión se axuste ás disposicións aplicables en cada caso.

Polo exposto, e segundo os artigos 215 a 217 TRLRFL, artigos 14 e 15 do RD 424/2017, de 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do Sector Público Local, (en adiante RD 424/2017), e base no 36 de execución do orzamento, a que subscribe pon de manifesto nota de reparo de acordo co disposto no artigo 216.2.c) do TRLRFL, con efectos suspensivos, por desconformidade na tramitación dos gastos que se reflicten nas facturas obxecto de informe, en canto supoñen gastos realizados sen os trámites de consignación orzamentaria previa, aínda que a teñen, sen fiscalización previa e omitir outros requisitos e trámites esenciais dos procedementos de contratación ao non ter cobertura como contrato menor por ser gastos periódicos e repetitivos de duración superior ao ano, incumprindo o artigo 29.8 da Lei 9/2017 do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, en consecuencia, falta procedemento de contratación e aplicación das regras contidas na citada normativa contractual, ase como incumprimento da normativa orzamentaria por carecer da autorización e compromiso previo ao recoñecemento ou liquidación da obriga, segundo os artigos 184 do TRLRFL, 54, 56 e 58 do RD500/90 do 2 de abril, polo tanto incumprindo requisitos esenciais os efectos do artigo 216.2.c) do TRLRFL, tal como recolle a base 36 de execución do orzamento 2020, considerando requisitos ou tramites esenciais os



extremos a verificar en réxeme de requisitos básicos e adicionais aprobados polo Pleno, en aplicación do artigo 13 do Rd 424/2017.

Segundo o artigo 217 do TRLRFL e 14 e 15 do Rd 424/2017, cando o órgano ao que afecte o reparo non este de acordo con este, plantexará ó Presidente da entidade local unha discrepancia no prazo de 15 días, esta deberá ser motivada, por escrito, con cita dos preceptos legais en que sustente o seu criterio.

Resolta a discrepancia poderase continuar coa tramitación do expediente, deixando constancia en todo caso, da adecuación ao criterio fixado na resolución correspondente o, no seu caso, á motivación para a non aplicación dos criterios establecidos polo órgano de control. A resolución da discrepancia e indelegable, deberá recaer no prazo de 15 días, sendo executiva.

Infórmase, por recomendación do Consello de Contas, no relativo as consecuencias e responsabilidades das autoridades e persoal ao servizo das Administracións Públicas, que derivan da realización de gastos sen consignación orzamentaria e da vulneración total ou parcial do procedemento de contratación, a aplicación do disposto na Disposición Adicional 28 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público “Responsabilidade das autoridades e do persoal ao servizo das Administracións Públicas” e artigos 28 e 30 da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso a información pública e bo goberno, sobre infraccións e sancións.

De acordo co artigo 218.3 do TRLRFL o órgano interventor remitirá anualmente ao Tribunal de Contas todas as resolucións e acordos adoptados polo Presidente da Entidade Local e polo Pleno contrarios os reparos formulados.”

No punto segundo:

“Informe da unidade xestora relativo ao informe de intervención de data 5 de novembro de 2020, sobre recoñecemento de obrigas con nota de reparo do art. 216.2.c) do TRLRFL.

En relación coas facturas seguintes:

Nº FACTURA	DATA DE EMISIÓN	IMPORTE	CONCEPTO	APLICACIÓN	ADO
B/29 GTM 2020/FAC01/1613	02/07/2020	141,36+29,69 (IVE deducible)	Subministracións de desinfectante e materiais para a sala de muxidora da Granxa Gayoso Castro	4120.22111	92020/3919
SUMA		171,05			

Procede informar:

Son certos os datos expresados no informe emitido pola Intervención Provincial de data 5 de novembro de 2020.

Non obstante os motivos polos cales se realizaron as prestacións son os seguintes:

As subministracións eran absolutamente imprescindibles para garantir a correcta hixiene e funcionamento da sala de muxido de Granja Gayoso Castro e a obtención do leite en condicións axeitadas para o consumo.

O período de realización da subministración foi xuño de 2020.

A cantidade a aboar á empresa ascende a 171,05 (IVE incluído).

Debido ás características da prestación realizada, non procede a existencia de garantía.

A valoración corresponde ás unidades estritamente necesarias para a prestación do servizo, e os prezos aplicados son os habituais do mercado.

A unidade administrativa, ao ser un gasto de imputación ao orzamento do exercicio do ano 2020, informa de que non existe impedimento ou limitación algunha a esta aplicación do gasto en relación coas restantes necesidades e atención da partida durante todo o ano en curso.”

Consideracións



Levantado o reparo, o recoñecemento das obrigas facturadas debería continuar a tramitación do procedemento correspondente segundo o establecido nas bases de execución do orzamento para situacións ou eventualidades, como a que nos ocupa.

Xa que existe unha prestación cuxa necesidade foi xustificada pola unidade xestora e da que consta a súa realización e que resulta fonte de obrigas a doutrina do enriquecemento inxusto, aplicada de xeito pacífico en materia contractual en supostos de prestacións realizadas en semellantes supostos ós analizados, isto é, derivadas aquelas de contratos cuxo prazo de duración rematou (cítanse a título de exemplo a STS de 30-10-1989, RJ 1989, 7396; e Sentenza 203/2011 do 3 de marzo do TSXG, JUR/2011/156734).

Entendemos aplicable dita figura ó ter percibido esta administración vantaxe derivada da entrega dunha cousa ou a recepción dun servizo; e producíndose ao mesmo tempo un empobrecemento do terceiro, que pretende a satisfacción ou contraprestación recíproca, constando asimesmo documentada a efectiva realización dunha subministración ou prestación dun servizo.

A estes efectos, reiterar, que no expediente están xustificadas por empregados públicos as prestacións e as condicións nas que se desenvolven.

En calquera caso, o Servizo de Contratación e Fomento é alleo ás decisións que motivaron as prestacións na condicións descritas, sinalando mediante a presente o procedemento a seguir cando se dan situacións como as que nos ocupan e o órgano competente.

Compre recordar ó centro xestor dando traslado do acordo que se adopte con respecto a presente, que se deben minimizar os supostos nos que se incorre na irregularidade que motiva o reparo que unha vez levantado conserva os efectos previstos na base 20.4 de execución do orzamento desta Deputación para o ano 2020.

A factura relacionada neste informe, é obxecto de tramitación, aplicando analóxicamente (artigo 4.1 do Código Civil) a Base de Execución No 20 e concordantes do Orzamento desta Deputación para o ano 2020, coas mesmas condicións económicas e prestacións que no último contrato.

A competencia para a súa aprobación corresponderá á Xunta de Goberno dentro da Deputación Provincial que resulta ser o órgano de contratación, unha vez levantados os reparos suspensivos da Intervención Provincial formulados consonte ao establecido no artigo 216.2.c do TRLFL, en aplicación do artigo 217.1 do mesmo texto legal.

Dita atribución competencial, se produce considerando o carácter anual das prestacións e o carácter repetitivo das mesmas, as facturas non son susceptibles de tramitarse como contrato menor, unido a que as prestacións que reflicten se corresponden con procedementos de licitación naquela época en fase de adxudicación/ou sen formalizar o contrato ou a acta de inicio, cuxa competencia é da Xunta de Goberno.

Neste senso, o Regulamento Orgánico da Deputación Provincial de Lugo, publicado no B.O.P. de Lugo No 202 do 3 de setembro de 2020, establece no artigo 59 as atribucións da Xunta de Goberno, Adxudicar todos os contratos de obras, servizos, subministracións e xestión de servizos públicos, especiais e privados, de contía superior á determinada para contratos menores e cuxa competencia non estea reservada ao Pleno da Corporación.

Así mesmo a competencia sobre contratos alcanzará a aprobación do gasto, a interpretación, modificación, suspensión e a súa resolución, agás cando se trate de indemnizacións cuxa competencia lle corresponderá ao órgano orixinariamente competente.

Conclusión

Por todo o exposto, coas matizacións e consideracións formuladas ao longo deste informe, existindo saldo dispoñible no exercicio de referencia segundo o xa mencionado informe do Servizo de Contabilidade e Contas, e existindo consignación orzamentaria axeitada e suficiente consonte co informe de intervención invocado, para facer fronte aos gastos propostos, tratándose de gastos realizados no exercicio orzamentario de 2020, e xustificados por analoxía os requisitos fixados na Base 20 das BEO de aplicación, considerando a interdicción do enriquecemento inxusto, poderase tomar acordo pola Xunta de Goberno, de aprobación das prestacións executadas propias dun



contrato administrativo de subministros, o recoñecemento das obrigas e o pagamento da seguinte factura, en virtude do principio do enriquecemento inxusto:

Nº FACTURA	DATA DE EMISIÓN	IMPORTE	CONCEPTO	APLICACIÓN	ADO
B/29 GTM 2020/FAC01/1613	02/07/2020	141,36+29,69 (IVE deducible)	Subministracións de desinfectante e materiais para a sala de muidora da Granxa Gayoso Castro	4120.22111	92020/3919
SUMA		171,05			

Así mesmo, darase traslado deste acordo, ó Centro Xestor.

Por canto antecede, propónse que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

1º.- Aprobación das prestacións executadas, propias dun contrato administrativo de subministros, recoñecer as obrigas e o pagamento da seguinte factura emitida por Talleres Fernando Rivas, por un importe total de 171,05€.

Nº FACTURA	DATA DE EMISIÓN	IMPORTE	CONCEPTO	APLICACIÓN	ADO
B/29 GTM 2020/FAC01/1613	02/07/2020	141,36+29,69 (IVE deducible)	Subministracións de desinfectante e materiais para a sala de muidora da Granxa Gayoso Castro	4120.22111	92020/3919
SUMA		171,05			

2º.- Dar traslado deste acordo á unidade xestora.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

12.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA CONTA XUSTIFICATIVA DA SUBVENCIÓN OUTORGADA DENTRO DO PROGRAMA DE APOIO AO SECTOR AGROGANDEIRO NA PROVINCIA DE LUGO, ANO 2019 “RECUPERACIÓN E INCORPORACIÓN DE TERRAS PARA POSTA EN PRODUCCIÓN DE RECURSOS AGROGANDEIROS”; EXPEDIENTE SUBAGR-2019/033.

Logo de ver a proposta do Sr. Deputado Delegado da Área de Cooperación e Asistencia aos Concellos, do seguinte teor:

“Con data 6 de marzo de 2020 a Xunta de Goberno acordou estimar a solicitude tramitada co número de expediente SUBAGR-2019/033, correspondente á sociedade Traloagro, S.L. (Friol), destinada a incorporación de terras para a súa posta en produción, cunha superficie de 16,8038 Has, concedéndolle unha subvención por importe de 8.401,90 €, incluída no Programa de apoio ao sector agrícola e/o gandeiro na provincia de Lugo, ano 2019, Recuperación e incorporación de terras para a posta en produción de recursos agrícolas e/o gandeiros.

A sociedade Traloagro, S.L., presentou en forma e prazo a conta xustificativa correspondente á devandita subvención de acordo coas bases reguladoras destas subvencións aprobadas o 3 de maio de 2019.

Sobre a conta xustificativa (a parte efectiva da actuación é de 12,6327 Has, o que supón un 75,18% da subvención concedida), emitíronse informes técnicos favorables, acerca do grado de cumprimento dos fins para o que se concedeu a subvención, a adecuación dos gastos realizados e a documentación presentada polo beneficiario, pola súa parte, Intervención fiscalizou de conformidade a mesma.

Polo anteriormente exposto, propónse á Xunta de Goberno a adopción do seguinte acordo:

Aprobar a conta xunto coa documentación xustificativa da subvención outorgada con data 6 de marzo de 2020 por acordo da Xunta de Goberno, a favor da sociedade Traloagro, S.C., tramitada co número de expediente SUBAGR-2019/033, destinada á “Incorporación de terras para a súa posta en produción” por un importe de 6.316,35 €, así como o aboamento da mesma.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

13.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA CONTA XUSTIFICATIVA DA SUBVENCIÓN OUTORGADA DENTRO DO PROGRAMA DE APOIO AO SECTOR AGROGANDEIRO NA PROVINCIA DE LUGO, ANO 2019



“RECUPERACIÓN E INCORPORACIÓN DE TERRAS PARA POSTA EN PRODUCCIÓN DE RECURSOS AGROGANDEIROS”; EXPEDIENTE SUBAGR-2019/036.

Logo de ver a proposta do Sr. Deputado Delegado da Área de Cooperación e Asistencia aos Concellos, do seguinte teor:

“Con data 6 de marzo de 2020 a Xunta de Goberno acordou estimar a solicitude tramitada co número de expediente SUBAGR-2019/036, correspondente a Felipe Pena Montero (Guitiriz), destinada a incorporación de terras para a súa posta en produción, cunha superficie de 6,8004 Has, concedéndolle unha subvención por importe de 3.400,20 €, incluída no Programa de apoio ao sector agrícola e/o gandeiro na provincia de Lugo, ano 2019, Recuperación e incorporación de terras para a posta en produción de recursos agrícolas e/o gandeiros.

Felipe Pena Montero, presentou en forma e prazo a conta xustificativa correspondente á devandita subvención de acordo coas bases reguladoras destas subvencións aprobadas o 3 de maio de 2019.

Sobre a conta xustificativa (a parte efectiva da actuación é de 6,4792 Ha que supón un 95,28 % da subvención concedida), emitíronse informes técnicos favorables, acerca do grado de cumprimento dos fins para o que se concedeu a subvención, a adecuación dos gastos realizados e a documentación presentada polo beneficiario, pola súa parte, Intervención fiscalizou de conformidade a mesma.

Polo anteriormente exposto, propónse á Xunta de Goberno a adopción do seguinte acordo:

Aprobar a conta xunto coa documentación xustificativa da subvención outorgada con data 6 de marzo de 2020 por acordo da Xunta de Goberno, a favor de Felipe Pena Montero, tramitada co número de expediente SUBAGR-2019/036, destinada á “Incorporación de terras para a súa posta en produción” por un importe de 3.239,60 €, así como o aboamento da mesma.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

14.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA CONTA XUSTIFICATIVA DA SUBVENCIÓN OUTORGADA DENTRO DO PROGRAMA DE APOIO AO SECTOR AGROGANDEIRO NA PROVINCIA DE LUGO, ANO 2019 “RECUPERACIÓN E INCORPORACIÓN DE TERRAS PARA POSTA EN PRODUCCIÓN DE RECURSOS AGROGANDEIROS”; EXPEDIENTE SUBAGR-2019/053.

Logo de ver a proposta do Sr. Deputado Delegado da Área de Cooperación e Asistencia aos Concellos, do seguinte teor:

“Con data 6 de marzo de 2020 a Xunta de Goberno acordou estimar a solicitude tramitada co número de expediente SUBAGR-2019/053, correspondente á sociedade SAT Villamayor de Negral (Guntín), destinada á incorporación de terras para a súa posta en produción, cunha superficie de 1,8884 Has, concedéndolle unha subvención por importe de 944,20 €, incluída no Programa de apoio ao sector agrícola e/o gandeiro na provincia de Lugo, ano 2019, Recuperación e incorporación de terras para a posta en produción de recursos agrícolas e/o gandeiros.

A sociedade SAT Villamayor de Negral, presentou en forma e prazo a conta xustificativa correspondente á devandita subvención de acordo coas bases reguladoras destas subvencións aprobadas o 3 de maio de 2019.

Sobre a conta xustificativa emitíronse informes técnicos favorables, acerca do grado de cumprimento dos fins para o que se concedeu a subvención, a adecuación dos gastos realizados e a documentación presentada polo beneficiario, pola súa parte, Intervención fiscalizou de conformidade a mesma.

Polo anteriormente exposto, propónse á Xunta de Goberno a adopción do seguinte acordo:

Aprobar a conta xunto coa documentación xustificativa da subvención outorgada con data 6 de marzo de 2020 por acordo da Xunta de Goberno, a favor da Sociedade SAT Villamayor de Negral, tramitada co número de expediente SUBAGR-2019/053, destinada á “Incorporación de



terras para a súa posta en produción” por un importe de 944,20 €, así como o aboamento da mesma.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

15.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA CONTA XUSTIFICATIVA DA SUBVENCIÓN OUTORGADA DENTRO DO PROGRAMA DE APOIO AO SECTOR AGROGANDEIRO NA PROVINCIA DE LUGO, ANO 2019 “RECUPERACIÓN E INCORPORACIÓN DE TERRAS PARA POSTA EN PRODUCCIÓN DE RECURSOS AGROGANDEIROS”; EXPEDIENTE SUBAGR-2019/063.

Logo de ver a proposta do Sr. Deputado Delegado da Área de Cooperación e Asistencia aos Concellos, do seguinte teor:

“Con data 6 de marzo de 2020 a Xunta de Goberno acordou estimar a solicitude tramitada co número de expediente SUBAGR-2019/063, correspondente á sociedade civil Ganadería Abuín Corredoira, S.C. (Friol), destinada a incorporación de terras para a súa posta en produción, cunha superficie de 4,23 Has, concedéndolle unha subvención por importe de 2.115,00 €, incluída no Programa de apoio ao sector agrícola e/o gandeiro na provincia de Lugo, ano 2019, Recuperación e incorporación de terras para a posta en produción de recursos agrícolas e/o gandeiros.

A sociedade civil Ganadería Abuín Corredoira, S.C., presentou en forma e prazo a conta xustificativa correspondente á devandita subvención de acordo coas bases reguladoras destas subvencións aprobadas o 3 de maio de 2019.

Sobre a conta xustificativa emitíronse informes técnicos favorables, acerca do grado de cumprimento dos fins para o que se concedeu a subvención, a adecuación dos gastos realizados e a documentación presentada polo beneficiario, pola súa parte, Intervención fiscalizou de conformidade a mesma.

Polo anteriormente exposto, propónse á Xunta de Goberno a adopción do seguinte acordo:

Aprobar a conta xunto coa documentación xustificativa da subvención outorgada con data 6 de marzo de 2020 por acordo da Xunta de Goberno, a favor da Sociedade civil Ganadería Abuín Corredoira, S.C., tramitada co número de expediente SUBAGR-2019/063, destinada á “Incorporación de terras para a súa posta en produción” por un importe de 2.115,00 €, así como o aboamento da mesma.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

16.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA CONTA XUSTIFICATIVA DA SUBVENCIÓN OUTORGADA DENTRO DO PROGRAMA DE APOIO AO SECTOR AGROGANDEIRO NA PROVINCIA DE LUGO, ANO 2019 “RECUPERACIÓN E INCORPORACIÓN DE TERRAS PARA POSTA EN PRODUCCIÓN DE RECURSOS AGROGANDEIROS”; EXPEDIENTE SUBAGR-2019/081.

Logo de ver a proposta do Sr. Deputado Delegado da Área de Cooperación e Asistencia aos Concellos, do seguinte teor:

“Con data 6 de marzo de 2020 a Xunta de Goberno acordou estimar a solicitude tramitada co número de expediente SUBAGR-2019/081, correspondente á sociedade civil Casa Grande de Randolfe, S.C. (Chantada), destinada a incorporación de terras para a súa posta en produción, cunha superficie de 4,79 Has, concedéndolle unha subvención por importe de 2.395,00 €, incluída no Programa de apoio ao sector agrícola e/o gandeiro na provincia de Lugo, ano 2019, Recuperación e incorporación de terras para a posta en produción de recursos agrícolas e/o gandeiros.

A sociedade civil Casa Grande de Randolfe, S.C., presentou en forma e prazo a conta xustificativa correspondente á devandita subvención de acordo coas bases reguladoras destas subvencións aprobadas o 3 de maio de 2019.



Sobre a conta xustificativa emitíronse informes técnicos favorables, acerca do grado de cumprimento dos fins para o que se concedeu a subvención, a adecuación dos gastos realizados e a documentación presentada polo beneficiario, pola súa parte, Intervención fiscalizou de conformidade a mesma.

Polo anteriormente exposto, propónse á Xunta de Goberno a adopción do seguinte acordo:

Aprobar a conta xunto coa documentación xustificativa da subvención outorgada con data 6 de marzo de 2020 por acordo da Xunta de Goberno, a favor da Sociedade civil Casa Grande de Randolfe, S.C., tramitada co número de expediente SUBAGR-2019/081, destinada á “Incorporación de terras para a súa posta en produción” por un importe de 2.395,00 €, así como o aboamento da mesma.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

17.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA CONTA XUSTIFICATIVA DA SUBVENCIÓN OUTORGADA DENTRO DO PROGRAMA DE APOIO AO SECTOR AGROGANDEIRO NA PROVINCIA DE LUGO, ANO 2019 “RECUPERACIÓN E INCORPORACIÓN DE TERRAS PARA POSTA EN PRODUCCIÓN DE RECURSOS AGROGANDEIROS”; EXPEDIENTE SUBAGR-2019/087.

Logo de ver a proposta do Sr. Deputado Delegado da Área de Cooperación e Asistencia aos Concellos, do seguinte teor:

“Con data 6 de marzo de 2020 a Xunta de Goberno acordou estimar a solicitude tramitada co número de expediente SUBAGR-2019/087, correspondente á sociedade civil Casa do Relax, S.C. (Chantada), destinada á incorporación de terras para a súa posta en produción, cunha superficie de 8,52 Has, concedéndolle unha subvención por importe de 4.260,00 €, incluída no Programa de apoio ao sector agrícola e/o gandeiro na provincia de Lugo, ano 2019, Recuperación e incorporación de terras para a posta en produción de recursos agrícolas e/o gandeiros.

A sociedade civil Casa do Relax, S.C., presentou en forma e prazo a conta xustificativa correspondente á devandita subvención de acordo coas bases reguladoras destas subvencións aprobadas o 3 de maio de 2019.

Sobre a conta xustificativa emitíronse informes técnicos favorables, acerca do grado de cumprimento dos fins para o que se concedeu a subvención, a adecuación dos gastos realizados e a documentación presentada polo beneficiario, pola súa parte, Intervención fiscalizou de conformidade a mesma.

Polo anteriormente exposto, propónse á Xunta de Goberno a adopción do seguinte acordo:

Aprobar a conta xunto coa documentación xustificativa da subvención outorgada con data 6 de marzo de 2020 por acordo da Xunta de Goberno, a favor da Sociedade civil Casa do Relax, S.C., tramitada co número de expediente SUBAGR-2019/087, destinada á “Incorporación de terras para a súa posta en produción” por un importe de 4.260,00 €, así como o aboamento da mesma.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

18.- PROPOSTA PARA DEIXAR SEN EFECTO A APROBACIÓN DA SUBVENCIÓN OUTORGADA DENTRO DO PROGRAMA DE APOIO AO SECTOR AGROGANDEIRO NA PROVINCIA DE LUGO, ANO 2019 “RECUPERACIÓN E INCORPORACIÓN DE TERRAS PARA POSTA EN PRODUCCIÓN DE RECURSOS AGROGANDEIROS”; EXPEDIENTE SUBAGR-2019/021.

Logo de ver a proposta do Sr. Deputado Delegado da Área de Cooperación e Asistencia aos Concellos, do seguinte teor:

“Tendo en conta que a Xunta de Goberno, en sesión ordinaria celebrada o día vinte e tres de outubro de dous mil vinte, acordou prestar aprobación a conta xunto coa documentación



xustificativa da subvención outorgada dentro do programa de apoio ao sector agrícola e/o gandeiro na provincia de Lugo, ano 2019 “Recuperación e incorporación de terras para posta en produción de recursos agrícolas e/o gandeiros” a favor de Marta Carballo Álvarez, tramitada co número de expediente SUBAGR-2019/021, destinada á “Incorporación de terras para a súa posta en produción” por un importe de 1.000,00 €, así como o aboamento da mesma.

Sobre a conta xustificativa emitíronse informes técnicos favorables, acerca do grado de cumprimento dos fins para o que se concedeu a subvención, a adecuación dos gastos realizados e a documentación presentada polo beneficiario, pola súa parte, Intervención solicitou emendar a documentación.

Polo anteriormente exposto, propónse á Xunta de Goberno a adopción do seguinte acordo:

Deixar sen efecto a aprobación, en sesión ordinaria celebrada o día vinte e tres de outubro de dous mil vinte, da conta xunto coa documentación xustificativa da subvención outorgada dentro do programa de apoio ao sector agrícola e/o gandeiro na provincia de Lugo, ano 2019 “recuperación e incorporación de terras para posta en produción de recursos agrícolas e/o gandeiros” a favor de Marta Carballo Álvarez, tramitada co número de expediente SUBAGR-2019/021, destinada á “Incorporación de terras para a súa posta en produción” por un importe de 1.000,00 €, así como o aboamento da mesma; para o obxecto de emendar a documentación solicitada por Intervención.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

19.- PROPOSTA PARA DEIXAR SEN EFECTO A APROBACIÓN DA SUBVENCIÓN OUTORGADA DENTRO DO PROGRAMA DE APOIO AO SECTOR AGROGANDEIRO NA PROVINCIA DE LUGO, ANO 2019 “RECUPERACIÓN E INCORPORACIÓN DE TERRAS PARA POSTA EN PRODUCCIÓN DE RECURSOS AGROGANDEIROS”; EXPEDIENTE SUBAGR-2019/069.

Logo de ver a proposta do Sr. Deputado Delegado da Área de Cooperación e Asistencia aos Concellos, do seguinte teor:

“Tendo en conta que a Xunta de Goberno, en sesión ordinaria celebrada o día vinte e tres de outubro de dous mil vinte, acordou prestar aprobación a conta xunto coa documentación xustificativa da subvención outorgada dentro do programa de apoio ao sector agrícola e/o gandeiro na provincia de Lugo, ano 2019 “Recuperación e incorporación de terras para posta en produción de recursos agrícolas e/o gandeiros” a favor de Amparo Corredoira Pereira, tramitada co número de expediente SUBAGR-2019/069, destinada á “Incorporación de terras para a súa posta en produción” por un importe de 1.110,00 €, así como o aboamento da mesma.

Sobre a conta xustificativa emitíronse informes técnicos favorables, acerca do grado de cumprimento dos fins para o que se concedeu a subvención, a adecuación dos gastos realizados e a documentación presentada polo beneficiario, pola súa parte, Intervención solicitou emendar a documentación.

Polo anteriormente exposto, propónse á Xunta de Goberno a adopción do seguinte acordo:

Deixar sen efecto a aprobación, en sesión ordinaria celebrada o día vinte e tres de outubro de dous mil vinte, da conta xunto coa documentación xustificativa da subvención outorgada dentro do programa de apoio ao sector agrícola e/o gandeiro na provincia de Lugo, ano 2019 “recuperación e incorporación de terras para posta en produción de recursos agrícolas e/o gandeiros” a favor de Amparo Corredoira Pereira, tramitada co número de expediente SUBAGR-2019/069, destinada á “Incorporación de terras para a súa posta en produción” por un importe de 1.110,00 €, así como o aboamento da mesma; para o obxecto de emendar a documentación solicitada por Intervención.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.



20.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO INICIO DO PROCEDEMENTO DE REINTEGRO DE SUBVENCÍONS DENTRO DO PROGRAMA BEN EMPREGADO IV.

Logo de ver a proposta do Sr. Deputado Delegado da Área de Promoción Económica e Social, do seguinte teor.

“Considerando que con data 8 de setembro do 2017 a Deputación de Lugo aprobou as bases para a concesión de subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, do programa de fomento de emprego da provincia de Lugo, Ben empregado IV Fase I. As devanditas bases, así como a súa convocatoria foron publicadas no Boletín da provincia de Lugo (BOP) o 25 de setembro de 2017 con N° 221.

Considerando que con data 29 de decembro de 2017 aprobouse en Xunta de Goberno as listaxes das entidades beneficiarias - reserva, entidades excluídas e perfís, publicándose no BOP N° 001 de data 2 de xaneiro de 2018.

Considerando que con data 2 de febreiro de 2018 apróbanse en Xunta de Goberno as bases da fase II do programa publicándose o extracto da convocatoria no BOP do 3 de febreiro de 2018, a cal recolle o procedemento de selección dos desempregados beneficiarios.

Considerando que con data 6 de abril de 2018 noméanse os membros da Comisión de Valoración do programa Ben empregado IV para o proceso de selección.

Considerando que con data 15 de maio do 2018 publícase o Anexo II, relativo a resolución da asignación do traballador ás empresas incluídas no mesmo, entre as cales se atopa a entidade con código A-17-30448 e razón social Mª Isabel Fernández Prado.

Considerando que na data do parágrafo anterior realízase unha xornada informativa onde se comunica ás entidades os datos relativos aos traballadores seleccionados para cada unha delas. Desde este momento, as entidades están obrigadas a contratar o candidato nun prazo de 5 días na modalidade contractual e pola xornada laboral establecida na solicitude. Por outra banda e de

acordo a base 6 das bases que regulan a selección do persoal os desempregados beneficiarios disporán dun prazo de dez días para a súa aceptación ou renuncia (segundo o Anexo IV), no caso de que os beneficiarios non comuniquen a renuncia no prazo entenderase como aceptado.

Considerando que con data 5 de xuño de 2018 aprobase o Decreto polo que se dita resolución declarativa autorizando á coordinadora do programa Ben Empregado D. Julia Vázquez Silvarrey como responsable para a autorización previa, por parte da Deputación, dos traballadores das entidades beneficiarias, rexeitados durante o período de proba, logo de motivar e xustificar documentalmente as súas causas (segundo a base 6 do programa Ben EmpregadoIV).

Considerando que a entidade beneficiaria, atendendo á modalidade contractual e á xornada laboral establecidos na solicitude, da de alta e/ou de baixa ós traballadores seleccionados segundo se recolle no seguinte cadro:

TRABALLADOR	DATA CONTRATACIÓN	DATA DE BAIXA	MOTIVO
De la Torre Rodríguez, Cristina	23/05/2018	02/07/2018	Non supera período de proba (Autoriz.02/07/18)
Valcarcel López, Alejandro			Imposible contactar
Almonte Arias, Álvaro Luis		03/08/2018	Renuncia
Fernández González, Víctor Manuel		14/08/2018	Renuncia
Fernández Varela, Yolanda			Imposible contactar
Valcarcel Pereiro, Sara		22/08/2018	Renuncia
Vázquez Botana, Mª Luz		29/08/2018	Renuncia
Fernández Río, Orlando	04/09/2018	06/09/2018	Non supera período de proba (Autoriz.06/09/18)

Considerando que con data 6 de setembro de 2018 a entidade beneficiaria queda sen candidatos na listaxe de reserva, e de acordo á Base 6 do Programa Ben empregado IV fase II “Para o caso daqueles postos de traballo que queden desertos, en canto a candidatos, por falta de perfil axeitado e/ou por falta de solicitudes, a Deputación de Lugo utilizará un mecanismo mais áxil para a localización dos mesmos, a través da creación dunha Bolsa de emprego”. Dende o momento da publicación do Anexo II, as entidades están obrigadas a contratar o candidato nun prazo de 5 días na modalidade contractual e pola xornada laboral establecida na solicitude.

Publicouse ó Anexo II da entidade beneficiaria nas datas e cos resultados seguintes:



DATA PUBLICACIÓN ANEXO II /COMUNICACIÓN	TRABALLADOR	DATA DE CONTRATACIÓN	DATA DE BAIXA	MOTIVO
09/10/2018	Fernández González, Ana María		22/10/2018	Renuncia
09/10/2018	Falconi Maura		22/10/2018	Renuncia
15/11/2018	Moure García, María José		21/11/2018	Renuncia
17/12/2018	Vázquez Ursino, María Celeste	20/12/2018	31/12/2018	Baixa voluntaria
15/02/2019	Ruiz Fernández, Yolanda	19/02/2019		

Considerando que unha vez comprobada e verificada a documentación aportada pola entidade e requirida na base 16 do programa Ben Empregado IV Fase I, a efectos de xustificación, emítese resolución da presidencia relativa ao pago do primeiro anticipo.

Considerando que de acordo a base 16 do programa Ben empregado IV fase I, a efectos de xustificación:

No prazo máximo de dous meses contados dende a data prevista para o remate do período subvencionado debe presentar ante a Deputación de Lugo a conta xustificativa. Unha vez aprobada aboarase, se é o caso, o 20% restante da subvención concedida. Dita conta xustificativa conterà a seguinte documentación:

Memoria resumo das actividades desenvolvidas polo traballador con data e sinatura do representante.

Cadro resumo de retribucións do período subvencionado, (Anexo XIII).

Copias compulsadas ou cotexadas de boletíns de cotización á seguridade social modelos TC1 (Recibo de liquidación de cotizacións) e TC2(relación nominal de traballadores), pagados, así como o informe de vida laboral da entidade do período subvencionado. No caso de dispor varias contas de cotización, debera incluír un informe de vida laboral para cada unha delas.

Copias compulsadas ou cotexadas de nóminas mensuais.

Copias compulsadas ou cotexadas do impreso da liquidación nominal do Modelo 111 do IRPF do período subvencionado pagados.

Declaración responsable de que a subvención outorgada empregouse na súa totalidade para o mesmo fin para o que foi concedida, axustándose os termos do programa. (Anexo XII).

Declaración responsable de non ser debedor por resolución de procedemento de reintegro, declaración responsable de relación detallada das subvencións/axudas obtidas de outras administracións públicas ou entidades privadas para o mesmo fin ou se é o caso declaración de non ter outras subvencións públicas ou privadas para o mesmo fin. (Anexo IX).

Declaración responsable, cumprimento normativa minimis:(Anexo X).

Certificación de conta bancaria expedida pola entidade á que se transferirá o importe da subvención que puidera concederse.

No caso de non executarse a totalidade da cantidade aboada en concepto de anticipo, presentarase a documentación xustificativa do reintegro da parte non executada na conta da Deputación:ESO4-2080-0163-85-311000****. De non cumprirse esta obrigaón, procederá o reintegro da cantidade percibida en non executada e a esixencia do xuro de mora correspondente dende o momento do pagamento da achega ata a data na que se acorde a procedencia de reintegro, ou ata a data na que o debedor ingrese o reintegro se é anterior a esta.

Así mesmo é preciso aclarar que:

A entidade beneficiaria cumpriu co compromiso de enviar por correo electrónico á dirección area.emplo@deputacionlugo.org, nos 10 primeiros días de cada mes, a nómina e xustificante de pago do/s traballador/es correspondentes ao mes vencido.

As cantidades que figuran no Anexo XIII que se achega na conta xustificativa, respectan os mínimos establecidos no Anexo VIII da solicitude. Así mesmo, os conceptos computados, tanto os referidos a conceptos salariais (salario, complementos,...) coma a cotización empresarial da seguridade social, foron revisados por este servizo, sendo considerados conceptos subvencionables.



Os conceptos “Plus festivos y domingo” “Complemento Personal Abs.” que aparecen nas nóminas dos traballadores, fan referencia a conceptos recollidos no convenio regulador da actividade e polo tanto son gastos subvencionables.

A nómina do mes de maio de 2018 de Dona Cristina de la Torre Rodríguez calculase por unha cantidade inferior á indicada pola entidade no Anexo de solicitude, dito erro subsanase na nómina de xuño co concepto “Diferencia nómina maio”.

O concepto que aparece nos Recibos de liquidación de cotizacións dos meses de xuño e xullo de 2018 fan referencia a unha formación recibida pola traballadora Dona Cristina de la Torre Rodríguez. Achéganse facturas desta formación.

O concepto “Parte proporcional vacaciones” da nómina de setembro de 2018 de Don Orlando Fernández Río, fai referencia a vacacións desfrutadas polo traballador, polo tanto forman parte da cantidade subvencionada.

As nóminas dos meses de maio e decembro de 2018 dos traballadores Dona Cristina de la Torre Rodríguez e Dona María Celeste Vázquez Ursino abónanse mediante ingreso efectivo, como este método de pago non é xustificable os salarios dos traballadores non se consideran como gasto subvencionado e non se inclúen no Anexo XIII.

A modalidade contractual establecida durante o período subvencionable é a de Indefinido a xornada completa, co código de contrato 100.

Finalizado o período subvencionable a traballadora Dona Yolanda Ruíz Fernández non continúa de alta na entidade.

Que esta entidade non foi beneficiaria do Programa Ben Empregado en anteriores edicións.

Considerando que entre o cuarto e quinto mes de alta do traballador realizouse un control e verificación por parte da Deputación de Lugo a entidade beneficiaria, para asegurar e velar polo cumprimento das esixencias declaradas, así como o bo entendemento entre as partes.

Considerando que a partir do último mes de alta do traballador realízase un control e verificación, por parte desta unidade administrativa, do cumprimento das esixencias declaradas así como da documentación obrigatoria aportada, sendo revisada a validez das sinaturas electrónicas por este servizo, observándose que non existen razóns en contra para que, en aplicación de todo o exposto, se aprobe a conta xustificativa da entidade A-17-30448 M^a Isabel Fernández Prado para o período subvencionado.

Considerando que en relación a conta xustificativa da subvención concedida á entidade beneficiaria, dentro da liña A do programa, respecta os límites establecidos na Base 6 da fase I do programa, en canto a custes subvencionables, a porcentaxe de financiación e contía por grupo de cotización, chegando a xustificar menos dos custes salariais totais calculados no momento da solicitude, debido a que só tivo traballador durante 250 días, respectando en todo caso o salario establecido, debendo regularizar a cantidade da subvención aos custes xustificados tal e como se recolle nos cadros que se inclúen neste informe. Respectando, en todo caso, a porcentaxe do 50% que lle corresponde por pertencer á liña A.

Considerando que con data 22 de setembro de 2020 remítese informe por parte desta sección sinalando que a xuízo da que informa e á vista da documentación presentada dentro do prazo establecido, considéranse cumpridos os fins para os que se concedeu a subvención, a adecuación dos gastos realizados a estes e a corrección da documentación presentada. Polo tanto, atendendo ó importe total da subvención concedida (9.000,00€), considérase procedente que se verifique dende o servizo de Intervención a cantidade a ingresar por parte da empresa e se tramite a aprobación da documentación xustificativa (11.552,06€) e o ingreso da subvención polo importe que foi anticipado e non xustificado, é dicir mil catrocentos vintetrés euros con noventa e sete céntimos (1.423,97€); así mesmo compre regularizar a subvención concedida para 365 días de 9.000,00€ xa que o período de contrato foi de 250 días e o período subvencionado remata o 31 de agosto de 2019, tal e como se especifica nos cadros seguintes:



IMP. MÁX. SOLICITUDE	IMP. MÁX. POR LIÑA	IMPORTE XUSTIFICADO	SUBV. REGULARIZADA 250DÍAS
18.000,00€	9.000,00€	11.552,06€	6.164,38€

ENTIDADE	SUBV. REGULARIZADA	IMPORTE ANTICIPO	IMPORTE XUSTIFICADO	A INGRESAR
Mª Isabel Fernández Prado	6.164,38€	7.200,00€	11.552,06€	1.423,97€

TRABALLADOR	PERÍODO	TOTAL DÍAS	TOTAL XUSTIFICADO
De la Torre Rodríguez, Cristina	23/05/18 a 02/07/18	41	1.735,71€
Fernández Río, Orlando	04/09/18 a 06/09/18	3	131,68€
Vázquez Ursino, Mª Celeste	20/12/18 a 31/12/18	12	143,03€
Ruiz Fernández, Yolanda	19/02/19 a 31/08/19	194	9.541,64€
Total		250	11.552,06€

Considerando que con data 13 de outubro de 2020 o servizo de Intervención remite un informe no que fai constar a súa conformidade co importe a reintegrar que foi anticipado e non xustificado, é dicir, mil catrocentos vinte e tres euros con noventa e sete céntimos (1.423,97€).

Considerando que con data 20 de outubro de 2020 remítese requirimento solicitándolle á entidade beneficiaria documentación xustificativa do reintegro da parte non executada, de conformidade co artigo 72.2 g) do Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e ao disposto na Base 16 do Programa.

Comunicándolle, así mesmo, que a entidade beneficiaria dispón dun prazo de 15 días hábiles a contar dende o día seguinte a recepción da presente comunicación para remitir a Sección de Promoción Económica e Emprego a documentación ata completar a conta xustificativa, advertíndolle que de non cumprir co mesmo se lle declarará decaído no seu dereito ao trámite correspondente (art. 73.3 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas) e procederase o inicio do procedemento de reintegro das cantidades percibidas non executadas, así como a esixencia dos xuros de mora correspondentes, en aplicación das Bases 18 e 19 da Fase I do Programa. A entidade recolle a notificación con data 27 de outubro de 2020.

Considerando que no prazo outorgado de 15 días hábiles (ata o 17 de novembro de 2020) a entidade beneficiaria non presenta a documentación requirida.

Considerando que segundo se recolle na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia no seu artigo 33.1 c) Causas de reintegro:

“(…)

1. Tamén procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia do xuro de demora correspondente desde o momento do pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro, nos seguintes casos:

c) Incumprimento da obriga de xustificación ou a xustificación insuficiente, nos termos establecidos no artigo 28 desta lei, e se é o caso nas normas reguladoras da subvención.

(…)”

Considerando que segundo se recolle no artigo 42 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS), será o órgano concedente o competente para esixir o reintegro da subvención mediante a resolución do procedemento de reintegro, neste caso a competencia recae na Xunta de Goberno da Deputación de Lugo.

Polo exposto anteriormente, atendendo ó estipulado na Base 15 e 16 do programa de fomento do emprego da provincia de Lugo – Ben Empregado IV, no artigo 28 c) da Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación Provincial de Lugo, do artigo 33.1 c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, así como no artigo 37.1 c), 41 e 42 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, no artigo 94 do Real decreto 887/2006, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, xeral de subvencións e de acordo ó contido no título IV, Capítulo IV da Lei 39/2015 de 1 de outubro do Procedemento administrativo común e das administracións publicas na tramitación deste procedemento, ante o posible “Incumprimento da obriga de



xustificación ou a xustificación insuficiente, nos termos establecidos no artigo 28 desta lei, e se é o caso nas normas reguladoras da subvención”, proponse a esta Xunta de Goberno acorde:

1º.- O inicio do procedemento de reintegro á entidade A-17-30448 Mª Isabel Fernández Prado polo importe anticipado e non xustificado 1.423,97€, debido a un posible incumprimento do artigo 33.1 c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, ó observase un posible incumprimento das obrigas de xustificación ou a xustificación insuficiente ao ó non presentarse a documentación xustificativa do reintegro da parte non executada, tal e como se indica na base 16 do programa de fomento do emprego da provincia de Lugo – Ben Empregado IV.

2º.- A apertura do trámite de audiencia ao interesado, dentro do cal porase de manifesto o contido do expediente elaborado pola Área de Promoción Económica e Social, para que no prazo dos 15 días hábiles seguintes a recepción da notificación do presente acordo, poidan alegar e presentar os documentos e xustificacións que estimen pertinentes.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

21.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO ENCARGO AO MEDIO PROPIO PERSONIFICADO E SERVIZO TÉCNICO A EMPRESA DE TRANSFORMACIÓN AGRARIA, S.A., S.M.E., M.P. (TRAGSA).

Logo de ver a proposta da Sra. Deputada Delegada da Área de Medio Rural e do Mar e Mocidade, do seguinte teor.

“Asunto: Aprobación, se procede, do encargo ao medio propio personificado e servizo técnico, Empresa de Transformación Agraria, S.A., S.M.E., M.P. (TRAGSA), para a realización das obras de adaptación de espazos lúdicos ao aire libre na provincia de Lugo, para a creación, mantemento e xestión dos equipamentos dirixidos á mocidade.

En relación coa providencia da deputada delegada da Área de Medio Rural e do Mar, e Mocidade, do 17 de novembro de 2020, pola que solicitou o inicio do procedemento de encargo ao

medio propio personificado e servizo técnico, Empresa de Transformación Agraria, S.A., S.M.E., M.P. (TRAGSA), para a realización das obras de adaptación de espazos lúdicos ao aire libre na provincia de Lugo, para a creación, mantemento, e xestión dos equipamentos dirixidos á mocidade, nun prazo máximo de 4 meses a contar dende a data de formalización do encargo, dende aquela Área emitíuse informe, o mesmo 17 de novembro de 2020, do seguinte tenor:

“Antecedentes

Primeiro.- Dona Mayra García Bermúdez, don Fernando Suárez Barcia, e dona Ana Belén Ermida Igrexas, en nome e representación dos Concellos de Trabada, Ribadeo e Barreiros, respectivamente, presentaron no Rexistro telemático desta entidade, os días 27 e 28 de outubro de 2020 escritos mediante os cales solicitan a formalización de relacións interadministrativas de cooperación para a realización conxunta, coa Deputación Provincial de Lugo, de actividades, nas que conflúen os respectivos títulos competenciais, para o fin común de “Creación, mantemento e xestión de equipamentos dirixidos á mocidade”, nos respectivos termos municipais.

Segundo.- Sendo que as ditas solicitudes gardaban identidade substancial, dende a Área de Medio Rural e do Mar, e Mocidade, ao abeiro do disposto no artigo 57 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, e en cumprimento dos principios establecidos nas letras d), i, e j) do artigo 3 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público, dispuxo a acumulación dos procedementos que daban trámite a aquelas.

Terceiro.- En consecuencia, a Xunta de Goberno prestou aprobación, o 13 de novembro de 2020: ao texto do convenio interadministrativo de cooperación a subscribir entre a Deputación Provincial de Lugo e os Concellos de Trabada, Ribadeo e Barreiros, para a realización conxunta dunha actividade, na que conflúen os respectivos títulos competenciais, para o fin común de “Creación, mantemento e xestión de equipamentos dirixidos á mocidade”, nos respectivos termos municipais, por importe total de 94.943,70 €, dos que: 90.776,26 € serán a cargo da Deputación Provincial de Lugo; 899,75 € serán a cargo do Concello de Trabada; 2.255,84 € serán a cargo do Concello de Ribadeo; e 1.011,85 € serán a cargo do Concello de Barreiros; así como ao gasto, por



importe de 90.776,26 €, con cargo á aplicación orzamentaria 3342.65009 do Orzamento Xeral Provincial para o exercicio 2020. Dito convenio asinouse entre as partes o 17 de novembro de 2020.

Cuarto.- A deputada delegada da Área de Medio Rural e do Mar, e Mocidade, ditou Providencia, o 17 de novembro de 2020, solicitando o inicio do procedemento de encargo ao medio propio Empresa de Transformación Agraria, S.A., S.M.E., M.P. (TRAGSA), para a realización das obras de adaptación de espazos lúdicos ao aire libre na provincia de Lugo, para a creación, mantemento, e xestión dos equipamentos dirixidos á mocidade, nun prazo máximo de 4 meses a contar dende a data de formalización do encargo.

A estes antecedentes sonlles de aplicación as seguintes

Consideracións legais e técnicas

Normativa aplicable

Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se transponen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (en adiante, LCSP).

Real Decreto 69/2019, do 15 de febreiro, polo que se desenvolve o réxime xurídico la Empresa de Transformación Agraria, S.A., S.M.E., M.P. (TRAGSA) e da súa filial Tecnoloxías e Servizos Agrarios S.A., S.M.E., M.P. (TRAGSATEC).

Os encargos a medios propios personificados e servizos técnicos, en xeral

Consonte ao artigo 31 da LCSP, relativo á potestade de auto organización e sistemas de cooperación pública vertical e horizontal:

1. As entidades pertencentes ao sector público poderán cooperar entre si de algunha das seguintes formas, sen que o resultado desta cooperación poida cualificarse de contractual:

a) Mediante sistemas de cooperación vertical consistentes no uso de medios propios personificados no sentido e cos límites establecidos no artigo 32 para os poderes adxudicadores (...), no exercicio da súa potestade de auto organización, mediante o oportuno acordo de encargo.
(...).

Os amentados encargos dos poderes adxudicadores a medios propios personificados e servizos técnicos regúlanse no artigo 32 do mesmo texto legal. Segundo o apartado primeiro do dito artigo:

Os poderes adxudicadores poderán organizarse executando de maneira directa prestacións propias dos contratos de obras, subministros, servizos, concesión de obras e concesión de servizos, a cambio dunha compensación tarifaria, valéndose de outra persoa xurídica distinta a eles, xa sexa de dereito público ou de dereito privado, previo encargo a esta, con suxeición ao disposto neste artigo, sempre e cando a persoa xurídica que utilicen mereza a cualificación xurídica de medio propio personificado respecto deles de conformidade co disposto nos tres apartados seguintes, e sen prexuízo dos requisitos establecidos para os medios propios do ámbito estatal na Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público.

O encargo que cumpra ditos requisitos non terá a consideración de contrato.

Polo tanto, os poderes adxudicadores (condición que ostenta a Deputación Provincial de Lugo ex artigo 3.3.a) da LCSP) poden encargar de forma directa, a entidades que teñan atribuída a condición de medio propio personificado dos mesmos, a realización de determinadas prestacións, sen que ao acto ou negocio xurídico en virtude do cal se realiza tal encargo lle sexan de aplicación as normas que regulan a contratación do sector público, aínda cando as prestacións que son obxecto do mesmo sexan as propias dos contratos administrativos.

Sendo isto así, para que dita excepción sexa aplicable é necesario que os entes, organismos ou entidades de dereito público ou privado aos que se encargue a execución da actuación de que se trate teñan atribuída a condición de medio propio personificado do ente que fai o encargo.

A cualificación xurídica de medio propio personificado está regulada, con carácter xeral, nos apartados 2, 3 e 4 do amentado artigo 32 da LCSP e, ademais, no artigo 86 da Lei 40/2015, do



1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público (no que aos medios propios do ámbito estatal se refire).

Os encargos ao medio propio personificado e servizo técnico “Empresa de Transformación Agraria, S.A., S.M.E., M.P.” (TRAGSA) e á súa filial “Tecnoloxías e Servizos Agrarios S.A., S.M.E., M.P.” (TRAGSATEC)

Con todo, no caso que nos ocupa, o réxime xurídico de TRAGSA (que inclúe a regulación da cualificación de medio propio personificado da mesma con respecto ás Deputacións Provinciais) atópase na disposición adicional vixésima cuarta da LCSP, desenvolvida a través do Real Decreto 69/2019, do 15 de febreiro, polo que se desenvolve o réxime xurídico da Empresa de Transformación Agraria, S.A., S.M.E., M.P. (TRAGSA) e da súa filial Tecnoloxías e Servizos Agrarios S.A., S.M.E., M.P. (TRAGSATEC) - en adiante, RD TRAGSA-.

O artigo 2 do dito Real Decreto sinala nos seus apartados 1 e 2 que:

1. De acordo co establecido na disposición adicional vixésima cuarta da Lei 9/2017, do 8 de novembro, TRAGSA e TRAGSATEC terán a consideración de medio propio personificado e servizo técnico (...) das deputacións provinciais (...), sempre que se cumpran os requisitos establecidos no artigo 32.2.d).2º da Lei 9/2017, do 8 de novembro, e nas letras a) e b) do apartado 4 do mesmo artigo.

2. As listadas administracións públicas deberán participar no capital social de TRAGSA mediante a adquisición de accións cuxo alleamento será autorizado polo Ministerio de Facenda a iniciativa do Ministro de Agricultura, Pesca e Alimentación (...).

No que aos requisitos do apartado 1 recentemente transcrito se refire, consonte ao artigo 32.2.d).2º da LCSP:

2. Terán a consideración de medio propio personificado respecto de unha única entidade concreta do sector público aquelas persoas xurídicas, de dereito público ou de dereito privado, que cumpran todos e cada un dos requisitos que se establecen a continuación:

(...).

2º Verificación pola entidade pública de que dependa o ente que vaia a ser medio propio, de que conta con medios persoais e materiais apropiados para a realización dos encargos de conformidade co seu obxecto social.

No expediente no que se integra este informe consta certificado emitido por Emilio José Pardo Álvarez, xerente provincial de TRAGSA, no que se pon de manifesto que para a execución do encargo “Obras de adaptación de espazos lúdicos ao aire libre na provincia de Lugo, para a creación, mantemento e xestión dos equipamentos dirixidos á mocidade”, a empresa dispón de estrutura e medios suficientes para responsabilizarse da organización e xestión dos traballos que desenvolva, así como da súa calidade técnica, de acordo ao artigo 49 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración Xeral do sector público autonómico de Galicia, e ao artigo 32 da LCSP.

Así mesmo, certifícase no dito documento que, de acordo co artigo 32.7.b) da LCSP, o importe das prestacións parciais que o medio propio poida contratar con terceiros non excederá do 50 % da contía do encargo, sendo a porcentaxe estimada para o encargo dun 25 %.

Polo tanto, estimo cumprido o primeiro requisito dos establecidos no apartado 1 do antes citado artigo 2 do RD TRAGSA.

En canto aos seguintes requisitos alí dispostos, consonte ás letras a) e b) do apartado 4 do artigo 32 da LCSP:

Terán a consideración de medio propio personificado respecto de dous ou máis poderes adxudicadores que sexan independentes entre si aquelas persoas xurídicas, de dereito público ou de dereito privado, que cumpran todos e cada un dos requisitos que se establecen a continuación:

a) Que os poderes adxudicadores que poidan conferirlle encargo exerzan sobre o ente destinatario do mesmo un control conxunto análogo ao que ostentarían sobre os seus propios servizos ou unidades.

(...).



b) Que máis do 80 por cento das actividades do ente destinatario do encargo se leven a cabo no exercicio dos cometidos que lle foran confiados polos poderes adxudicadores que o controlan ou por outras persoas xurídicas controladas polo mesmos poderes adxudicadores. (...).
(...).

Ao efecto de considerar cumpridos estes requisitos, adquire relevancia o informe da Xunta Consultiva de Contratación Pública do Estado do 9 de maio de 2019 (expediente 15/17), no que, partindo da normativa vixente e da relevante xurisprudencia do Tribunal de Xustiza da Unión Europea, se abordan con carácter xeral un bo número das cuestións que formulan o cumprimento daqueles.

Entre as cuestións alí tratadas está a referente ao cumprimento do requisito do control análogo conxunto, aspecto sobre o cal sinálase que resulta imprescindible que cada Administración Pública participe no capital social do medio propio conxunto derivado da necesidade de asegurar a efectividade deste control (apartado 3 do citado informe), con referencia á Sentenza do TJUE Econord, apartado 33, e aos previos informes 2/12, apartado 7, e 24/12, apartado 6) da mesma Xunta Consultiva.

Aplicando o argumento á cuestión obxecto deste informe significa que para que cada unha das Administracións Públicas mencionadas na Disposición Adicional 24ª da LCSP, entre elas as deputacións provinciais, poida utilizar a TRAGSA como medio propio personificado, realizando os correspondentes encargos, ten que participar no seu capital social.

Así, segundo se recoñece no dito informe:

(...) Sendo requisito imprescindible que cada Administración Pública participe no capital social do medio propio conxunto (Sentenza Econord, apartado 33, e Informes 2/12, apartado 7, e 24/12, apartado 6, desta Xunta Consultiva, non cabe considerar en abstracto a esixencia de un porcentaxe de capital mínimo para cada un dos entes que controlan o medio propio. Nin a Directiva nin a LCSP conteñen previsión algunha ao respecto (...).

Isto implica que é posible que unha entidade que ten unha participación moi pequena poida, non obstante, conferir encargos obrigatorios no seo deste control conxunto (...).

En definitiva, respecto á consideración de TRAGSA como medio propio da Deputación como consecuencia da adquisición dunha acción cabe concluír que a consideración de medio propio de unha entidade depende en boa medida da finalidade coa que se integra no capital de unha entidade que é medio propio, así como das circunstancias de exercicio dos dereitos que confiren as participacións no capital do medio propio, e non tanto da porcentaxe de participación.

Por outra banda, a análise do cumprimento do requisito do exercicio da parte esencial da actividade de TRAGSA para os poderes adxudicadores que a controlan, cuantificado nun 80 %, deberá realizarse computando os encargos que lle foran confiados polos poderes adxudicadores que o controlan ou por outras persoas xurídicas controladas polos mesmos poderes adxudicadores, no por cada un deles de forma illada ou independente.

Cumpríndose, pois, estes requisitos, mediante resolución da Presidencia do 13 de decembro de 2019, aprobouse a “adquisición pola Deputación de Lugo dunha acción do capital social da Empresa de Transformación Agraria, S.A., S.M.E., M.P., (TRAGSA), de forma que esta pasaría a ter a consideración de medio propio personificado da Deputación”, e dispúxose que o referido contrato se adxudicase mediante procedemento de adxudicación directa á Dirección Xeral de Patrimonio do Estado, tendo en conta as peculiaridades da necesidade a satisfacer e a especial idoneidade do ben, escriturándose a compra da amentada acción o 17 de decembro de 2019, ante a Notaria de Madrid, dona María de las Mercedes Pérez Herreza.

Obxecto do encargo ao medio propio personificado e servizo técnico TRAGSA

Con todo, tendo a Empresa de Transformación Agraria, S.A., S.M.E., M.P. (TRAGSA), a consideración de medio propio personificado da Deputación Provincial de Lugo, cómpre ter en conta, tamén, o obxecto do encargo, na tarefa de comprobación de que este se axusta ás prescricións legais.

A estes efectos hai que traer a colación o disposto no artigo 3.1 do RD TRAGSA, segundo o cal:



As entidades sinaladas no artigo 2.1 poderán conferir encargos a TRAGSA ou á súa filial TRAGSATEC sobre os traballos e actividades que, atopándose dentro do marco funcional dos apartados 1, 4 e 5 da disposición adicional vixésima cuarta da Lei 9/2017, do 8 de novembro, e do obxecto social das mesmas, precisen para o exercicio das súas competencias e funcións, así como os que resulten complementarios ou accesorios, de acordo co réxime establecido neste real decreto.

Neste senso, e no que ao marco funcional de TRAGSA se refire, o encargo obxecto deste informe refírese á execución de actuacións para realizar obras de adaptación de espazos lúdicos ao aire libre na provincia de Lugo, para a creación, mantemento, e xestión dos equipamentos dirixidos á mocidade.

As áreas de xogo ao aire libre achegan moitas cousas á nosa mocidade. A principal é que lles proporcionan diversión. Pero tamén fomentan o seu desenvolvemento, o cal é primordial en función de tres piares fundamentais: o desenvolvemento cognitivo, o físico e o social. Por elo, é fundamental e necesario fomentar máis o aprendizaxe de estes tres piares a través das áreas de xogo.

E é que durante os anos de xogo, na etapa escolar, os nenos comezan a desenvolver as súas habilidades motrices, fortes e fluídas. Estas habilidades están baseadas na súa coordinación, resistencia, equilibrio e capacidades físicas, que irán variando e cambiando co tempo ata chegar á idade adulta.

As ditas habilidades motoras serán moi útiles para o desenvolvemento físico dos mozos. Isto débese a que ten un papel importante nos xogos. Estes, á súa vez, permiten á mocidade unha correcta socialización, xa que os xogos facilitan o compañeirismo e fomentan as relacións con outros rapaces.

As habilidades motoras dos mozos aumentan durante a etapa escolar considerablemente debido á combinación da maduración cerebral, a motivación e a práctica. Isto débese a que a maioría dos xogos e actividades que se realizan neste período van acompañados dun importante movemento físico.

A actividade física, como se dixo, é un pilar fundamental para o desenvolvemento completo dos nosos rapaces, polo que os xogos presentes nos nosos parques están deseñados e desenvolvidos para que aqueles adquiran un bo estado físico á vez que xogan e se socializan co resto da mocidade.

Actualmente, cada vez é máis común observar como hai mozos que non acoden ás áreas de xogo ao aire libre debido a que están xogando con dispositivos electrónicos. Isto é un grave erro, xa que estes deben facer exercicio e socializar, o que será moi importante para o seu crecemento e desenvolvemento no día de mañá.

Por elo é moi relevante que dende as Administracións se poña todo o empeño en fomentar hábitos de vida saudables para a mocidade, o que se pode conseguir, sen dúbida, a través da posta á súa disposición de espazos e equipamentos que os atraian ao xogo activo, á socialización.

Pois ben, consonte ao apartado 4 da disposición adicional vixésima cuarta da LCSP:

TRAGSA e a súa filial TRAGSATEC prestarán, por encargo das entidades do sector público dos que son medios propios personificados, as seguintes funcións:

(...). Igualmente poderán levar a cabo a realización de todo tipo de actuacións para a mellora dos servizos e recursos públicos, sempre e cando non impliquen o exercicio de autoridade inherente aos poderes públicos.

Nos mesmos termos se pronuncia o artigo 2 dos Estatutos de TRAGSA, segundo o cal:

(...).

Constitúe o obxecto social as actividades seguintes:

(...) Igualmente poderán levar a cabo a realización de todo tipo de actuacións para a mellora dos servizos e recursos públicos, sempre e cando non impliquen o exercicio de autoridade inherente aos poderes públicos, (...).

Parece claro, pois, que a execución de actuacións para realizar obras de adaptación de espazos lúdicos ao aire libre na provincia de Lugo, para a creación, mantemento, e xestión dos equipamentos dirixidos á mocidade, está directamente relacionado coa mellora dos servizos e



recursos públicos e que, ademais, as ditas actuacións non implican o exercicio de autoridade; tendo encaixe no marco funcional do medio propio personificado e servizo técnico TRAGSA.

No que se refire ao exercicio das competencias propias da entidade que realiza o encargo (neste caso, a Deputación Provincial de Lugo), consonte ao disposto no artigo 34 da Lei 6/2012, do 19 de xuño, de mocidade de Galicia, relativo ás competencias da Administración local na materia, establece que:

No marco dos principios contemplados no artigo 2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, de bases do réxime local, e de conformidade co establecido na lexislación de Galicia en materia de réxime local, as entidades da Administración local poderán asumir as seguintes competencias en materia de mocidade:

(...).

c) A creación, mantemento e xestión das actividades, servizos e equipamentos dirixidos á mocidade que se estimasen necesarios para garantir unha política integral de mocidade.

(...).

As deputacións provinciais, de conformidade co previsto na normativa de réxime local, proporcionarán apoio económico, técnico e xurídico aos concellos na execucións das súas competencias.

Para maior abastanza, dispón o artigo 36.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, que:

Son competencias propias da Deputación ou entidade equivalente as que lle atribúan neste concepto as leis do Estado e das Comunidades Autónomas nos diferentes sectores da acción pública e, en todo caso, as seguintes:

(...).

b) A asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica ao Municipios, especialmente os de menor capacidade económica e de xestión. (...).

(...).

d) A cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito.

(...).

Tendo en conta as consideracións feitas nos apartados III e IV deste informe, non podemos máis que concluír en que a Empresa de Transformación Agraria, S.A., S.M.E., M.P., (TRAGSA) ten a consideración de medio propio personificado da Deputación Provincial de Lugo, e que o obxecto do encargo pretendido se adapta ao establecido na normativa de aplicación.

E é que, en palabras do Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuais, na súa Resolución nº 1106/2019, do 7 de outubro de 2019:

(...).

Da lectura do antes citado artigo 86 da LRXSP (...) resulta que este habilita dúas vías ás entidades do Sector Público a efectos de obter a declaración de medio propio e servizo técnico, tal e como establece o apartado 3 do mesmo precepto.

A primeira delas, prevista no artigo, prevista no apartado 1, require cumprir “as condicións e requisitos establecidos no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público”, cuxo incumprimento non foi alegado pola recorrente.

A segunda vía, alternativa á anterior, atópase prevista no apartado 2 e esixe que para que unha entidade do Sector Público sexa considerada medio propio acredite “dispoñer de medios suficientes e idóneos” así como ou ben constituír “unha opción máis eficiente que a contratación pública e resulta sustentable e eficaz, aplicando criterios de rentabilidade económica”, ou ben resultar “necesario por razóns de seguridade pública ou de urxencia na necesidade de dispoñer dos bens ou servizos subministrados polo medio propio ou servizo técnico”. Estes requisitos son os que a recorrente considera que non concorren no encargo formalizado a favor de TRAGSATEC.

Agora ben, ao contrario do que afirma a recorrente, o artigo 86 LRXSP non se refire aos requisitos de cada encargo singular a un medio propio, senón que contempla os requisitos necesarios para a creación dun medio propio. A declaración de medio propio e servizo técnico é previa á formalización dun encargo individualizado, sendo requisito “sine qua non” para esta última. (...).



O medio propio personificado e servizo técnico TRAGSA nas relacións de cooperación entre Administracións Públicas ou entidades do sector público

Por outra banda, segundo se dispón no artigo 5 do RD TRAGSA:

TRAGSA e a súa filial TRAGSATEC, en virtude da súa condición de medios propios personificados e servizos técnicos, poderán ser achegadas polas administracións públicas nas súas relacións de cooperación con outras administracións ou entidades do sector público.

Esta relación de cooperación instrumentarase a través dun convenio entre as entidades participantes que especificará o interese público común que xustifique a subscrición do convenio, as actuacións a desenvolver e a achega de cada unha das partes.

Pois ben, con carácter previo ao inicio do procedemento de encargo aquí analizado, tal e como quedou exposto no antecedente terceiro deste informe, a Xunta de Goberno desta Deputación Provincial de Lugo prestou aprobación, o 13 de novembro de 2020: ao texto do convenio interadministrativo de cooperación a subscribir entre a Deputación Provincial de Lugo e os Concellos de Trabada, Ribadeo e Barreiros, para a realización conxunta dunha actividade, na que conflúen os respectivos títulos competenciais, para o fin común de “Creación, mantemento e xestión de equipamentos dirixidos á mocidade”, nos respectivos termos municipais, por importe total de 94.943,70 €, dos que: 90.776,26 € serán a cargo da Deputación Provincial de Lugo; 899,75 € serán a cargo do Concello de Trabada; 2.255,84 € serán a cargo do Concello de Ribadeo; e 1.011,85 € serán a cargo do Concello de Barreiros; así como ao gasto, por importe de 90.776,26 €, con cargo á aplicación orzamentaria 3342.65009 do Orzamento Xeral Provincial para o exercicio 2020. Dito convenio asinouse entre as partes o 17 de novembro de 2020.

Preparación e formalización do encargo

No ámbito procedemental, cómpre ter en conta o establecido no artigo 10 do amentado RD TRAGSA, segundo o cal:

As actuacións obrigatorias que lles sexan encargadas a TRAGSA ou á súa filial TRAGSATEC polos poderes adxudicadores estarán definidas, segundo os casos, en proxectos, memorias, pregos ou outros documentos técnicos e valoradas no seu correspondente orzamento, (...).

Con carácter previo á formalización do encargo e a súa comunicación a TRAGSA ou TRAGSATEC, o poder adxudicador deberá ter aprobados os documentos a que se refire o apartado 1 deste artigo e realizado os preceptivos trámites técnicos, xurídicos, orzamentarios e de control e aprobación do gasto.

No expediente do que forma parte este informe, intégranse, ademais do mesmo, a providencia de inicio do procedemento, memoria técnica que rexerá o encargo, borrador da proposta de Acordo da Xunta de Goberno para formalización do encargo, e certificación de existencia de crédito para a autorización do gasto; constituíndo todos estes documentos os trámites técnicos necesarios para a tramitación dos aspectos xurídicos, orzamentarios e de control e aprobación do gasto.

VII. Finalmente, indicar que a xustificación da lexitimidade do encargo ao medio propio obxecto deste informe, tal e como quedou exposta nos apartados anteriores, non é obstáculo para que, ademais, se deixe constancia das implicacións que a materialización do dito encargo ten con respecto ao principio de eficiencia na asignación e utilización dos recursos públicos, que debe estar presente na actuación e relacións de todas as Administracións Públicas ex artigo 3.1.f) da LRXSP.

Neste senso, cómpre salientar que a execución das actuacións por medio do encargo que se pretende formalizar supón un custo total para a Deputación (segundo o orzamento facilitado por TRAGSA) de 90.776,26 €. Pola súa banda, a suma dos orzamentos presentados polos concellos de Ribadeo, Trabada e Barreiros nas súas solicitudes de colaboración ascende a 94.943,70 €. Elo sen deixar de ter en conta que a execución das actuacións a través dun medio propio personificado, como é TRAGSA, garante a eficacia, capacidade, solvencia e prezo aprobado a modo de tarifa pública.

Tamén repercute a utilización da figura do encargo no principio de economía, suficiencia e adecuación estrita dos medios aos fins institucionais, que tamén debe estar presente na actuación e relacións de todas as Administracións Públicas ex artigo 3.1.i) da LRXSP.



Por outra banda, tampouco podemos deixar de lado a consideración a que as actuacións obxecto do encargo resultan necesarias por razóns de seguridade pública e de urxencia.

Neste senso, cómpre indicar que os parques de xogos para a mocidade existentes nos concellos de Ribadeo e Trabada están dotadas con equipamentos obsoletos que, por mor da evolución normativa, non cumpren na actualidade coas esixencias de seguridade establecidas, constituíndo un risco para a seguridade dos usuarios dos mesmos.

Ademais, este feito sobrevido (pola obsolescencia dos equipamentos antes citada) de incumprimento da normativa de seguridade en materia de equipamentos dirixidos á mocidade, sitúa a estes concellos non só en incumprimento legal do disposto no artigo 3.1.I da LRXSP, senón en incumprimento da obriga constitucional de sometemento pleno á Constitución, á Lei e ao Dereito establecida no artigo 103.1 da Constitución, o que dota ás actuacións obxecto do encargo da cualificación de urxentes.

Esta urxencia na execución das actuacións obxecto do encargo tamén se aprecia en relación coa actual situación sanitaria, marcada pola pandemia do Covid-19, pois esta esixe, coa maior celeridade, a dotación de equipamentos dirixidos á mocidade que permitan que os rapaces poidan desenvolver actividades ao aire libre, con moito menor risco de contaxio que as realizadas en espazos pechados.

Neste senso, hai que ter en conta que o procedemento de licitación retrasaría o comezo das actuacións, como mínimo, entre tres e catro meses, prazo no que, a través do encargo, xa estarían executadas aquelas, permitindo que, na próxima primavera, os mozos dos amentados concellos puideran desfrutar duns equipamentos ao aire libre que lles permitiran a redución do risco de contaxio nas súas actividades e relacións.

Todo o que se informa aos efectos da tramitación do encargo ao medio propio personificado e servizo técnico, Empresa de Transformación Agraria, S.A., S.M.E., M.P. (TRAGSA), para a realización das obras de adaptación de espazos lúdicos ao aire libre na provincia de Lugo, para a creación, mantemento, e xestión dos equipamentos dirixidos á mocidade.”

No expediente constan, ademais:

Providencia da deputada delegada da Área de Medio Rural e do Mar, e Mocidade relativa á solicitude de inicio do procedemento de encargo ao medio propio Empresa de Transformación Agraria, S.A., S.M.E., M.P. (TRAGSA).

Memoria técnica que rexerá o encargo.

Documentos emitidos polos técnicos municipais competentes que expresan que a execución das actuacións proxectadas non afectan á estabilidade, seguridade ou estanqueidade da obra.

Orzamento do encargo emitido polo Xerente provincial do Grupo TRAGSA en Lugo.

Documento de xustificación de prezos emitido polo Xerente provincial do Grupo TRAGSA en Lugo.

Certificado, emitido por TRAGSA, relativo á suficiencia de estrutura e medios suficientes para realizar o encargo, e a que o importe das prestacións parciais que o medio propio pode contratar con terceiros non excederá do 50 % da contía daquel.

Certificación, emitida pola Sección de Contabilidade e Contas, da Unidade de Intervención, de existencia de saldo suficiente para a autorización do gasto, por importe de 90.776,26 €, na aplicación orzamentaria 3342.65009.

Informe xurídico favorable do Servizo de Contratación e Fomento relativo á tramitación do encargo a medio propio.

Informe de fiscalización limitada previa do expediente, emitido pola Unidade de Intervención e cuxo resultado é de conformidade.



Tendo en conta o exposto, propoño que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

Aprobación do texto do encargo á Empresa de Transformación Agraria, S.A., S.M.E., M.P. (TRAGSA), para a realización das obras de adaptación de espazos lúdicos ao aire libre na provincia de Lugo, para a creación, mantemento e xestión dos equipamentos dirixidos á mocidade, por importe de 90.776,26 €, con cargo á aplicación orzamentaria 3342.65009 do Orzamento Xeral Provincial para o exercicio 2020, a executar de acordo coas especificacións contidas na memoria técnica que figura no expediente, e nun prazo máximo de 4 meses a contar dende a data de formalización do encargo.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

22.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA RESOLUCIÓN E AUTORIZACIÓN DE PAGO A BENEFICIARIOS DE SUBVENCÍONS EN RÉXIME DE CONCORRENCIA NON COMPETITIVA.

Logo de ver a proposta da Sra. Deputada Delegada da Área de Medio Rural e do Mar e Mocidade, do seguinte teor.

“Asunto. Aprobación da proposta de resolución formulada pola entidade colaboradora (ACRUGA), o 28 de agosto de 2020, e autorización a esta para o pago aos beneficiarios das subvencións, en réxime de concorrència non competitiva, dentro da acción de fomento de dinamización e potenciación da integridade da raza bovina Rubia Galega nas explotacións lucenses; Eixo 2: Promoción e potenciación de reprodutoras inscritas no rexistro definitivo do Libro Xenealóxico da raza Rubia Galega nas explotacións da provincia de Lugo, nas anualidades 2019 a 2022.

A Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Lugo resolveu, o 24 de maio de 2019, entre outros:

(...).

4. Aprobar as bases da convocatoria de subvencións, en concorrencia non competitiva, para a dinamización e potenciación da integridade da raza bovina rubia galega nas explotacións lucenses. Eixe 2: promoción e potenciación de reprodutoras inscritas no rexistro definitivo do libro xenealóxico da raza rubia galega nas explotacións da provincia de Lugo, dotado con 200.000,00€/anuais (800.000,00 para o período 2019-2022).

O importe da subvención tramítase como gasto plurianual coa seguinte distribución:

Ano 2019: 200.000,00€,

Ano 2020: 200.000,00€,

Ano 2021: 200.000,00€,

Ano 2022: 200.000,00€

5. Aprobar o gasto plurianual de 800.000,00€, para a liña de subvención de dinamización e potenciación da integridade da raza bovina rubia galega nas explotacións lucenses. Eixe 2: promoción e potenciación de reprodutoras inscritas no rexistro definitivo do libro xenealóxico da raza rubia galega nas explotacións da provincia de Lugo, que se desglosa en 200.000,00€ con cargo á aplicación orzamentaria 4190.48900 do orzamento da Deputación Provincial de Lugo para o ano 2019; e, para as anualidades 2020, 2021 e 2022 adoptar o compromiso de dotar no orzamento xeral dos citados exercicios por importe de 200.000,00€ por anualidade, quedando supeditado a dispoñibilidade orzamentaria e ao cumprimento do principio de estabilidade orzamentaria e sostenibilidade financeira.

6. Aprobar o convenio de colaboración coa Asociación Nacional De Criadores De Ganado Vacuno Selecto De Raza Rubia Gallega (ACRUGA), titulado “Convenio de entidade colaboradora entre a Deputación Provincial de Lugo e á Asociación Nacional de Criadores de Ganado Vacuno Selecto de Raza Rubia Gallega (ACRUGA) para execución da actividade “Dinamización e potenciación da integridade da raza bovina rubia galega nas explotacións lucenses”, Eixo 2: promoción e potenciación de reprodutoras inscritas no rexistro definitivo do libro xenealóxico da raza rubia galega nas explotacións da provincia de Lugo, a fin de que ACRUGA adopte a condición de entidade colaboradora para a entrega e distribución dos fondos públicos aos beneficiarios desta acción do eixe 2.

(...).



En cumprimento do establecido nas Bases 9 e 10 das reguladoras das subvencións, amentadas no apartado anterior, a entidade colaboradora (ACRUGA) instruíu e tramitou os expedientes, revisando o seu persoal técnico (actuando colexiadamente) as solicitudes presentadas, verificando que contiñan a documentación esixida na base 8 e emitindo un informe no que consta que da información que obra no seu poder despréndese que os beneficiarios cumprían tódolos requisitos necesarios para acceder ás subvencións.

Vista a documentación integrante do expediente e o dito informe técnico do órgano colexiado, a Xunta Directiva de ACRUGA formulou, o 2 de marzo de 2020, proposta de resolución, co carácter de definitiva, que foi notificada aos interesados por medio da publicación na páxina web de aquela (www.acruga.com).

Con todo, un dos beneficiarios integrantes da amentada resolución, a entidade Casa Cadatán, SC, disolveuse no período que vai entre a dita resolución de concesión das subvencións e a xustificación das mesmas, o que deu lugar a que, en cumprimento do establecido na base 12, a Xunta Directiva da entidade colaboradora (ACRUGA) modificase a amentada proposta de resolución o 3 de xullo de 2020.

Posteriormente, o 28 de agosto do mesmo ano, modificouse de novo aquela para que a mesma reflectira, en cumprimento do establecido na Base 3, o importe das subvencións a percibir por cada beneficiario dos integrantes das comunidades de bens.

Xustificados polos beneficiarios a realización das actividades e o cumprimento das finalidades que determinaron a concesión das subvencións, isto é, a inscrición das femias reprodutoras da raza bovina Rubia Galega no Rexistro Definitivo do Libro Xenealóxico desta raza animal, a través da achega da documentación esixida na base 14.1; a entidade colaboradora (ACRUGA), previa revisión da mesma, emitiu certificación na que se relacionan tódolos beneficiarios que teñen dereito á axuda, que foi remitida á Deputación Provincial o 13 de marzo de 2020, acompañada da amentada documentación xustificativa (dentro do termo establecido na dita base 14.1), engadindo documentación complementaria os días 16 e 17 do mesmo mes, e os días 3 e 8 do mes de abril.

Revisada pola Unidade de Medio Rural a documentación referida no parágrafo anterior, resultou que aquela se atopaba incompleta e con defectos, polo que o 13 de maio de 2020 requiriuse á entidade colaboradora (ACRUGA) para a achega da documentación necesaria e a emenda de defectos; requirimento que foi contestado por aquela o 11 de xuño, engadindo documentación complementaria o día 25 do mesmo mes, o 30 de xullo, e o 3 e 22 de setembro.

Con base nestes antecedentes, dende a Área de Medio Rural e do Mar, e Mocidade, emitiuse, o 23 de setembro de 2020, informe do seguinte tenor:

Consonte á Base 24^a.1, das de execución do Orzamento Xeral da Deputación Provincial de Lugo para o exercicio 2019:

As subvencións que se outorguen pola Deputación Provincial de Lugo regúlanse por:

A Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS).

O Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o seu Regulamento (RLXS).

A Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia (LSG).

A Ordenanza Xeral de Subvencións da Excma. Deputación Provincial de Lugo e INLUDES (publicada no BOP nº 53, do 7 de marzo de 2005).

A súa modificación publicada no BOP nº 160, do 13 de xullo de 2006.

A Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público (LRXSP).

O Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

Non obstante o anterior, a Base 24^a das de Execución do Orzamento Xeral da Deputación Provincial de Lugo para o exercicio 2019 será de aplicación preferente en materia económico-orzamentaria e será o marco para as bases de concesións ao abeiro do artigo 17.2 da LXS.

Segundo dispón o artigo 22.1 da LXS:

O procedemento ordinario de concesión de subvencións tramitarase en réxime de concorrencia competitiva. (...).

Neste suposto, e sen prexuízo das especialidades que puideran derivarse da capacidade de autoorganización das Administracións Públicas, a proposta de concesión formularase ao órgano



concedinte por un órgano colexiado a través do órgano instructor. A composición do órgano colexiado será a que establezan as correspondentes bases reguladoras.

Excepcionalmente, sempre que así se prevea nas bases reguladoras, o órgano competente procederá ao prorrateo, entre os beneficiarios da subvención, do importe global máximo destinado ás subvencións.

Do artigo transcrito despréndese que as bases reguladoras son o eixe en torno ao que xira o procedemento de concesión de subvencións en réxime de concorrência, competitiva e non competitiva, ao abeiro do disposto no último parágrafo do dito artigo 22.1 LXS.

Pois ben, consonte ás Bases 9 e 10 (Instrución do procedemento e Resolución de concesión das axudas) das reguladoras da concesión de subvencións, en réxime de concorrência non competitiva, dentro do programa de dinamización e potenciación da integridade da raza bovina Rubia Galega nas explotacións lucenses. Eixo 2: Promoción e potenciación de reprodutoras inscritas no Rexistro Definitivo do Libro Xenealóxico da raza Rubia Galega nas explotacións da provincia de Lugo:

Base 9.- Instrución do procedemento

1) A entidade colaboradora, ACRUGA, será a responsable de instruír e tramitar os respectivos expedientes, revisará as solicitudes presentadas e verificará que conteñan a documentación esixida na base 8. (...).

2) O proceso de avaliación da documentación xustificativa do cumprimento das actuacións subvencionables será efectuado polo persoal técnico de ACRUGA (actuando colexiadamente), entidade colaboradora da Deputación de Lugo para a xestión desta axuda. (...).

Base 10. Resolución de concesión das axudas

O persoal técnico da entidade colaboradora (ACRUGA) verificará o cumprimento das condicións por parte dos solicitantes e formulará proposta de resolución á Xunta Directiva de ACRUGA, previa valoración das solicitudes admitidas e animais validados.

A proposta de resolución deberá reflectir a relación de solicitantes aos que se lle concederá a axuda así como a relación de solicitudes rexeitadas e os motivos da desestimación.

A resolución de concesión das axudas por parte da Xunta Directiva, será obxecto de notificación por medio de publicación na páxina Web de ACRUGA (www.acruga.com).

O prazo máximo para resolver e notificar a resolución ao interesado será de dous meses (ata o 10 de marzo), contados a partir do seguinte ao da conclusión do prazo establecido para presentar as solicitudes (10 de xaneiro). No caso de non ditarse resolución expresa no prazo indicado, o interesado poderá entender desestimada a súa solicitude, sen prexuízo da obriga legal de resolver expresamente conforme o disposto nos artigos 21 e 25 da Lei 39/2015, de 1 de outubro de procedemento administrativo común das administracións públicas.

Con todo, as disposicións contidas nestas Bases non se corresponden en plenitude co establecido a este respecto na LXS, pois, como se viu, o artigo 22.1 da mesma establece que a proposta de concesión formularase ao órgano concedinte por un órgano colexiado a través do órgano instructor. Entón, en aplicación deste artigo, a proposta de concesión deberá formularse ao órgano concedinte (a Xunta de Goberno da Deputación de Lugo) por un órgano colexiado (o persoal técnico de ACRUGA) a través do órgano instructor (a entidade colaboradora ACRUGA).

Confirma esta formulación o artigo 24.4 da LXS, segundo o cal:

Unha vez avaliadas as solicitudes, o órgano colexiado ao que se refire o apartado 1 do artigo 22 desta lei deberá emitir informe no que se concrete o resultado da avaliación efectuada.

O órgano instructor, á vista do expediente e do informe do órgano colexiado, formulará a proposta de resolución provisional, debidamente motivada, que deberá notificarse aos interesados na forma que estableza a convocatoria, e concederase un prazo de 10 días para presentar alegacións.

Polo tanto, a Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Lugo é a competente para resolver a concesión das axudas, e non a Xunta Directiva de ACRUGA, como queda establecido no terceiro parágrafo da transcrita Base 10; sendo axeitada a proposta de resolución (que non resolución de concesión) formulada pola Xunta Directiva de ACRUGA o 2 de marzo de 2020, segundo quedou exposto no antecedente Segundo deste informe.

E é que, salvo mellor criterio, as bases reguladoras de subvencións outorgadas polas entidades locais en réxime de concorrencia, competitiva e non competitiva, son produto da potestade regulamentaria que o artigo 4.1.a) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do



Réxime Local atribúe á aquelas. Así se desprende do establecido no artigo 17.2 da LXS, segundo o cal:

As bases reguladoras das subvencións das corporacións locais deberán aprobarse no marco das bases de execución do orzamento, a través dunha ordenanza xeral de subvencións ou mediante unha ordenanza específica para as distintas modalidades de subvencións.

A expresión “as distintas modalidades de subvencións” fai referencia, ao meu xuízo, aos tipos ou clases de subvencións que pode aprobar unha entidade local en función da actividade que se pretende fomentar.

Parece claro, polo tanto, que as bases reguladoras das subvencións que nos ocupan teñen encaixe no que a LXS da en chamar “ordenanza específica para as distintas modalidades de subvencións”, pois estas regulan a concesión das subvencións destinadas a fomentar, en concreto, a promoción e potenciación de reprodutoras inscritas no Rexistro Definitivo do Libro Xenealóxico da raza Rubia Galega nas explotacións da provincia de Lugo.

Por todo elo, en aplicación do principio de xerarquía normativa, consagrado no artigo 9.3 da nosa Constitución, a interpretación que se lle de ao terceiro parágrafo da anteriormente transcrita Base 10 das reguladoras das subvencións non pode ser contraria ao disposto na LXS.

En outra orde de consideracións, continúa o recentemente comentado artigo 24.4 da LXS establecendo que:

Poderase prescindir do trámite de audiencia cando non figuren no procedemento nin sexan tidos en conta outros feitos nin outras alegacións e probas que as aducidas polos interesados. Neste caso, a proposta de resolución formulada terá o carácter de definitiva.

Esta norma avala o feito de que a Xunta Directiva de ACRUGA formulase, o 2 de marzo de 2020, proposta de resolución de carácter definitivo e non provisional, amparando a omisión do trámite de audiencia establecido no último inciso do artigo 24.4.II.

E en canto á modificación da proposta de resolución formulada pola Xunta Directiva de ACRUGA o 3 de xullo de 2020, por mor da disolución dunha entidade inicialmente seleccionada

como beneficiaria de subvención, hai que ter en conta que a Base 12 (Modificación da resolución) das reguladoras destas subvencións, establece que:

Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión.

Queda claro que a interpretación literal da norma establecida nesta Base excluiría a posibilidade de modificar a proposta de resolución, tal e como fixo a entidade colaboradora o 3 de xullo (como quedou exposto no último parágrafo do antecedente Segundo deste informe), pois tanto o título coma o texto da mesma refírense á resolución de concesión e non á proposta de resolución.

Mais, ao meu xuízo e salvo mellor criterio, esta Base debe ser aplicable á proposta de resolución porque, de non ser posible a modificación por esta vía, daríase a situación de que esta reflectiría 276 beneficiarios e 526 animais elixibles, mentres que a relación dos beneficiarios para os que se solicita a autorización de pago das subvencións (que a entidade colaboradora ten que presentar á Xunta de Goberno da Deputación de Lugo, en aplicación do último parágrafo da Base 14.1) reflectiría 275 beneficiarios e 525 animais elixibles, por mor da perda do dereito ao cobro da subvención da entidade que, tal e como quedou exposto no antecedente Segundo, incorreu na prohibición establecida no inciso final da Base 3, segundo a cal:

Poderán ser beneficiarios desta axuda (...):

(...).

Comunidades de Bens e Sociedades Cívís que sexan titulares de explotacións.

Nestes casos, deberá facerse constar expresamente, tanto na solicitude como na resolución de concesión, os compromisos de execución asumidos por cada membro da agrupación, así como o importe da subvención a aplicar por cada uno deles, que terán igualmente a consideración de beneficiarios. En calquera caso, deberá nomearse un representante ou apoderado único da agrupación, con poderes bastantes para cumprir as obrigas que, como beneficiario, corresponden á agrupación. Non poderá disolverse a agrupación ata que transcorrese o prazo de prescrición previsto nos artigos 39 e 65 da Lei Xeral de Subvencións.



Polo tanto, estimo axeitada a modificación da proposta de resolución feita pola entidade colaboradora o 3 de xullo ao abeiro do disposto na Base 12.

No que á xustificación das subvencións respecta, a LXS dispón, no seu artigo 30.1, que:

A xustificación do cumprimento das condicións impostas e da consecución dos obxectivos previstos no acto de concesión da subvención documentarase da maneira que se determine regulamentariamente...

En parecido senso se pronuncia o artigo 71.1 do Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da LXS, segundo o cal:

A xustificación da subvención terá a estrutura e o alcance que se determine nas correspondentes bases reguladoras.

Polo tanto, a regulación da xustificación das subvencións obxecto deste informe atópase na Base 14 (Xustificación das subvencións, prazos de xustificación e reducións). No que aquí interesa, segundo establece o apartado 1 da dita Base:

Os beneficiarios da subvención, deberán xustificar a alta da femia reprodutora de raza bovina pura rubia gallega na explotación, ca condición de gasto elixible, e aportar a documentación necesaria para a xustificación, dende o 1 de decembro de cada anualidade ao 10 de xaneiro da anualidade seguinte.

Os beneficiarios deberán presentar ante a entidade colaboradora (ACRUGA) a seguinte documentación xustificativa:

Relación dos animais para os pide a axuda prevista nestas bases, identificándose polo seu número de Crotal e alta no libro da explotación.

Declaración responsable do titular ou do representante da entidade de non ter solicitado nin concedidas outras subvencións públicas para o mesmo obxecto ou actividade.

Declaración responsable do titular ou do representante da entidade de ser coñecedor de que a subvención se atopa acollida ao Regulamento (UE) nº 1408/2013, da Comisión, do 18 de decembro de 2013, relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de Funcionamento da Unión Europea ás axudas de mínimos no sector agrícola (...).

Declaración responsable da existencia, no lugar onde radique a actuación subvencionada, de cartel indicativo da mesma, o cal lle será facilitado gratuitamente pola Deputación Provincial, e mostra fotográfica da súa colocación, segundo modelo normalizado. Colocarase un cartel por explotación beneficiaria, en estancia física visible.

Acreditar, mediante certificacións expedidas ao efecto polos Organismo correspondentes, de estar ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias (Estado e Comunidade Autónoma), Seguridade Social, e Deputación Provincial para aqueles beneficiarios que teñan concedida unha cantidade superior aos 3.000 euros. No resto dos casos, declaración responsable do beneficiario conforme está ao corrente no cumprimento das obrigas.

(...).

Declaración responsable de non ser debedor por Resolución de procedemento de reintegro.

Documento acreditativo da conta bancaria á que se transferirá o importe da subvención que puidera concederse.

Declaración responsable de manter na explotación a reprodutora obxecto de axuda durante un período mínimo de 24 meses.

Debe xuntarse copia do libro da explotación ao fin de comprobar a alta do animal (femia) e a súa permanencia na explotación durante 24 meses.

Logo de transcorrer o prazo establecido da xustificación das subvencións sen que a xustificación das actuacións fose presentada ante ACRUGA, ésta requirirá ao beneficiario para que no prazo improrrogable de dez días sexa presentada.

A rendición da xustificación constitúe un acto obrigatorio do beneficiario.

A entidade colaboradora (ACRUGA) revisará o cumprimento das actuacións e a documentación xustificativa antes do 10 de Marzo da anualidade seguinte á finalización do ano natural de actuacións, emitindo unha certificación asinada polo representante de ACRUGA, na que se relacionen tódolos beneficiarios que teñen dereito á axuda, nif, relación de animais e data de alta na explotación, data de inscrición do libro rexistro definitivo do libro xenealóxico da raza rubia gallega, cos respectivos importes a recibir. Nesta certificación farase constar o cumprimento das condicións estipuladas nas bases. Esta certificación será enviada á Deputación Provincial de Lugo, para a súa revisión e posterior autorización para os pagos aos beneficiarios que materializará ACRUGA, antes do 15 de marzo (acompañada da documentación xustificativa sinalada nesta base 14.1). A resolución de autorización será emitida pola Xunta de Goberno da Deputación de Lugo e



enviada a ACRUGA antes do 15 de Abril de cada ano, fixándose así un prazo de 14 días naturais para que a entidade colaboradora poida efectuar os pagos aos beneficiarios.

A documentación que obra no expediente correspóndese coa esixida na Base 14.1 recentemente citada. Con todo, cómpre ter en conta as seguintes consideracións:

Tal e como se reflicte na relación de documentos que, segundo a Base 14.1 recentemente transcrita, os beneficiarios deberán presentar ante a entidade colaboradora (ACRUGA) para a xustificación das subvencións, aqueles debían achegar copia do Libro da Explotación ao fin de comprobar a alta do animal na mesma.

Tódolos beneficiarios achegaron unicamente a copia da/s folla/s do mesmo onde figura/n os animais elixibles para a subvención, o que dende o centro xestor se considerou axeitado, pois, se se ten en conta que os Libros de Explotación contan, na maioría dos casos, con máis de 50 páxinas, incluílas todas resultaría contrario aos principios de simplicidade, racionalización e axilidade dos procedementos administrativos, e economía, que deben respectar as Administracións Públicas na súa actuación e relacións, en virtude do establecido no artigo 3 da LRXSP.

Con todo, requiriuse a aqueles para que, ademais da copia das follas dos Libros de Explotación onde figuran os animais obxecto das solicitudes de subvención, achegaran copia da primeira páxina daquel, na que se reflectiran os datos de identificación dos beneficiarios das subvencións e que se integran no expediente.

O anterior derivou na circunstancia de que se advertiu que, conforme aos usos sociais do sector gandeiro, nos casos de cambio de titularidade das explotacións, os novos titulares tachaban no Libro de Rexistro da explotación o nome do anterior propietario, para poñer a continuación os datos do novo, ou, nalgúns casos, incluso tapaban os datos dos antigos titulares cun adhesivo no que inscribían os seus propios datos.

Dende a Área de Medio Rural e do Mar, e Mocidade, considerouse esta práctica de dubidosa validez, aos efectos de acreditar a titularidade da explotación polos beneficiarios das subvencións, polo que se requiriu á entidade colaboradora para que achegase, nos casos en que se dera esta circunstancia, algún documento con valor probatorio da titularidade da explotación.

Por elo, intégranse no expediente, nos casos en que se da a situación recentemente descrita, copias da denominada “Carta Verde”, que é un documento de acreditación sanitaria, expedido pola Consellería do Medio Rural da Xunta de Galicia, no que se reflicte a identidade do titular da explotación.

Por outra banda, como se pode ver nas fotos dos carteis que indican que a actuación dos beneficiarios está subvencionada, estes non reflicten o importe da subvención que corresponde a cada beneficiario. Esta situación deriva do feito de que a colocación dos ditos carteis foi anterior á aprobación da proposta de concesión das subvencións e, polo tanto, da xustificación das mesmas, o que implicaba o incerto da cantidade a percibir, pois, tal e como está previsto no último parágrafo da Base 2:

Existe concorrencia, pero non competitiva, posto que o importe anual de subvención, dividirase e repartirase entre os beneficiarios, mediante a correspondente operación matemática en función das femias reprodutoras da raza bovina pura Rubia Gallega no Rexistro Definitivo do Libro Xenealóxico desta raza.

Polo tanto, a Deputación de Lugo facilitou aos beneficiarios os ditos carteis, en cumprimento do establecido na Base 7.10) das reguladoras das subvencións; mais nese momento non se podía calcular o importe correspondente a cada beneficiario, pois estaban pendentes de aprobación, como se dixo, a proposta de concesión e as xustificacións achegadas polos beneficiarios, o que non é óbice para ter por cumprida por estes a obriga de colocación dos ditos carteis.

Por último, cómpre indicar que, segundo o establecido na Base 7.3) das reguladoras das subvencións:

Os perceptores da subvención están obrigados a manter os animais (reses/femias) polos que se concede a axuda, na propia explotación durante un período mínimo de 24 meses, salvo causa de forza maior que será debidamente xustificada baixo informe veterinario e/ou organismo oficial.



Pois ben, dáse a circunstancia de que, nalgúns casos de baixa de animais elixibles nas explotacións, o documento que se achega como xustificativo da forza maior (morte do animal) non é nin un informe veterinario nin dun organismo oficial, senón un recibo de recollida do animal morto por GESUGA, empresa dedicada ao tratamento de subprodutos cárnicos non destinados ao consumo humano.

Ante esta situación, cómpre ter en conta o disposto na Base 4 das reguladoras das subvencións, segundo a cal:

(...).

As axudas serán concedidas por animal elixible e ano...

Cómpre ter en conta, tamén, o disposto no artigo 2 da LXS, segundo o cal:

1. Enténdese por subvención, aos efectos desta lei, toda disposición de diñeiro realizada por calquera dos suxeitos contemplados no artigo 3 desta lei, a favor de persoas públicas ou privadas, e que cumpra os seguintes requisitos:

(...).

b) Que a entrega estea suxeita ao cumprimento dun determinado obxectivo, a execución dun proxecto, a realización dunha actividade, a adopción dun comportamento singular, xa realizados ou por desenvolver, debendo o beneficiario cumprir as obrigas materiais e formais que se estableceran.

Tendo en conta as normas citadas, ao meu xuízo, é perfectamente posible que algún/s solicitante/s de subvención realizase/n a actividade a fomentar con anterioridade á solicitude da mesma, incluso con anterioridade á publicación das Bases reguladoras; o que avalaría o feito de que este/s non solicitara/n informe veterinario ou dun organismo oficial, pois isto derivaría en que, ademais de perder o animal, tiveran que facer fronte a gastos de nula utilidade nese momento.

Salvo mellor criterio, nestes supostos haberá que ter en conta a finalidade perseguida coa redacción da amentada obriga prevista na Base 7.3), que non é outra que asegurar que os animais obxecto de subvención se manteñan na explotación por un período mínimo de dous anos, salvo forza maior.

Ao meu xuízo, a recollida dun animal de raza, levada a cabo por unha empresa dedicada ao tratamento de subprodutos cárnicos non destinados ao consumo humano, documentada a través dun recibo no que, aparte de identificarse a explotación e o animal, se indica que este non é apto para o consumo humano, só pode derivar da enfermidade imprevista daquel; suposto que estimo que ten cabida no concepto de forza maior, aínda que non se xustifique cun informe veterinario nin dun organismo oficial.

Informe

Tendo en conta o ata aquí exposto, estimo correcta a proposta de resolución formulada pola Xunta Directiva da entidade colaboradora (ACRUGA) o 28 de agosto de 2020, e correcta a documentación achegada polos beneficiarios para a xustificación das subvencións, así como cumpridos os fins para os cales se concederon estas, polo que informo favorablemente para que, logo dos demais trámites regulamentarios, se acorde pola Xunta de Goberno:

Aprobar a proposta de resolución definitiva formulada pola Xunta Directiva da entidade colaboradora (ACRUGA) o 28 de agosto de 2020, que consta no expediente.

Ditar resolución de concesión das subvencións, de conformidade coa proposta de resolución citada no apartado anterior.

Autorizar á entidade colaboradora (ACRUGA) para o pago das subvencións aos beneficiarios que se relacionan na certificación emitida por aquela o 16 de setembro de 2020, que tamén consta no expediente.”

Vista a documentación achegada, así como o dito informe da Área de Medio Rural e do Mar, e Mocidade, a Intervención da Deputación Provincial de Lugo fiscalizou de conformidade o expediente, o 24 de novembro de 2020.

Por todo canto vai exposto, propónse que pola Xunta de Goberno se adopten os seguintes acordos:



1º.- Aprobar a proposta de resolución definitiva formulada pola Xunta Directiva da entidade colaboradora (ACRUGA) o 28 de agosto de 2020, que se axunta a esta proposta.

2º.- Ditar resolución de concesión das subvencións, de conformidade coa proposta de resolución citada no apartado anterior.

3º.- Autorizar á entidade colaboradora (ACRUGA) para o pago das subvencións aos beneficiarios que se relacionan na certificación emitida por aquela o 16 de setembro de 2020, que tamén se axunta a esta proposta.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

23.- PROPOSTA DE MODIFICACIÓN DO PROGRAMA DE ACTIVIDADES CULTURAIS DO CONCELLO DE LOURENZÁ, INCLUÍDO NO PLAN PROVINCIAL ÚNICO DE COOPERACIÓN COS CONCELLOS 2020.

Logo de ver a proposta da Sra. Deputada Delegada da Área de Cultura, Patrimonio Histórico Artístico e Normalización Lingüística, do seguinte teor:

“Logo de ver que Polo pleno da Deputación de Lugo, en sesión celebrada o 2 de abril de 2020, por unanimidade acordouse prestar aprobación ás bases reguladoras do Plan Único de Cooperación cos Concellos 2020.

Así mesmo, o Pleno da Deputación de Lugo, en sesión extraordinaria celebrada o día 28 de xullo de 2020, por unanimidade acordou aprobar o Plan Provincial Único de Cooperación cos concellos 2020, de acordo cos informes das distintas áreas xestoras e a memoria da Presidencia, co seguinte detalle para o programa de cultura do Concello de Lourenzá: “Cursos de Manualidades; IV Certame de Teatro Afeccionado; Concurso de Poesía Día das Letras Galegas; Actividades de Nadal”, por importe total de oito mil euros (8.000,00€).

Logo de ver o escrito do Concello de Lourenzá, de data 7 de outubro de 2020, no que solicita autorización para o cambio no obxecto da achega do Plan Único de 2020 do programa de actividades culturais, substituíndo, “Cursos de Manualidades; IV Certame de Teatro Afeccionado; Concurso de Poesía Día das Letras Galegas; Actividades de Nadal” por “Festival Bal y Gay; Actividades do Día do Conde Santo; Cine ao aire libre; Actividades de dinamización nas parroquias”.

Logo de ver o informe da xefa do Servizo de Cultura favorable á substitución do Programa de actividades culturais do Concello de Lourenzá, tendo en conta que coa incorporación das actividades propostas non se altera a súa natureza de carácter sociocultural, nin se incrementa o importe da achega provincial de 8.000,00€ prevista no Plan Provincial Único de Cooperación cos concellos 2020.

Logo de ver a conformidade do Servizo de Intervención.

Con base no exposto propoño que, pola Xunta de Goberno, se adopte o seguinte acordo:

Aprobar a substitución solicitada polo Concello de Lourenzá, por considerar que a súa solicitude cumpre os requisitos establecidos no Plan Provincial Único de Cooperación cos concellos 2020, procedendo a substitución de “Cursos de Manualidades; IV Certame de Teatro Afeccionado; Concurso de Poesía Día das Letras Galegas; Actividades de Nadal” por “Festival Bal y Gay; Actividades do Día do Conde Santo; Cine ao aire libre; Actividades de dinamización nas parroquias”.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

24.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ANULACIÓN DO CONVENIO INTERADMINISTRATIVO DE COOPERACIÓN ASINADO ENTRE A DEPUTACIÓN DE LUGO E O CONCELLO DE OUROL PARA A CELEBRACIÓN DO “XI FESTIVAL DO ATURUXO” ANUALIDADE 2020.



Logo de ver a proposta da Sra. Deputada Delegada da Área de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, do seguinte teor:

“Que por Acordo da Xunta de Goberno desta Excma Deputación Provincial celebrada o día 10 de xullo de 2020 aprobouse a proposta relativa ao convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de Ourense para levar a acabo a celebración do “ XI Festival do Aturuxo” na anualidade 2020, por un importe de 15.000,00 €.

Que con data 13 de xullo de 2020, asinouse o convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de Ourense para a execución dos fins comúns consistentes na celebración do “ XI Festival do Aturuxo” na anualidade 2020.

Que con data 16 de novembro de 2020 o representante do mencionado concello, don José Luis Pajón Camba García presenta, escrito no que solicita a anulación de iste convenio interadministrativo de cooperación. Neste escrito manifesta o seguinte:

“Visto que a Organización Mundial da Saude elevou o pasado once de marzo a situación de emerxencia de saúde pública ocasionada pola Covid-19 a pandemia internacional.

Visto que no momento actual en España atopámonos nunha situación de prórroga do estado de alarma pola tendencia ascendente de casos, Real Decreto 926/2020, de 25 de outubro, polo que se declara o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2.

“Visto que ante a evolución da situación epidemiolóxica derivada do Covid-19 na nosa comunidade, a Consellería de Sanidade estableceu unha serie de medidas de prevención específicas que fan imposible a celebración deste tipo de eventos”

Con base no anterior, propoño que, pola Xunta de Goberno desta Excma Deputación, se adopte o seguinte acordo:

Aceptar a solicitude de anulación do convenio interadministrativo de cooperación asinado entre a Deputación de Lugo e o Concello de Ourol para a execución dos fins comúns consistentes na celebración do “XI Festival do Aturuxo” na anualidade 2020, por importe de 15.000,00€, presentada por don José Luis Pajón Camba, representante do Concello de Ourol, ao considerarse que reúne os requisitos legais para aceptación da mesma, ao concorrer unha imposibilidade material de continuar o procedemento por causas sobrevidas.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

25.- PROPOSTA DE DESESTIMACIÓN DA SOLICITUDE DO ALCALDE DO CONCELLO DE PANTÓN EN RELACIÓN CON FONDOS CONCEDIDOS NO PLAN ÚNICO 2020 PARA “PROGRAMA DE ACTIVIDADES DEPORTIVAS”.

Proposta de desestimación da solicitude do Alcalde do Concello de Pantón de destinar os fondos concedidos para a realización das actuacións recollidas dentro do “Programa de celebración de actividades deportivas” á execución de gastos ocasionados pola Covid-19 ou empregalos na adquisición de maquinaria deportiva, do Plan Único de Cooperación cos Concellos 2020.

Logo de ver a proposta do Sr. Deputado Delegado da Área de Deportes, Artesanía e Deseño e Memoria Histórica, do seguinte teor:

“Á vista solicitude do Concello de Pantón formulada polo seu alcalde no que solicita “... poder cambiar o importe que non se pode xustificar en actividades deportivas (1.676,00 €) e empregalo para xustificar gastos ocasionados pola Covid-19 ou empregalos na adquisición de maquinaria deportiva”.

Á vista do informe do servizo de Deporte do seguinte teor literal:



Informe relativo a solicitude do alcalde do Concello de Pantón de destinar os fondos concedidos para a realización das actuacións recollidas dentro do “Programa de celebración de actividades deportivas” á execución de gastos ocasionados pola Covid-19 ou empregalos na adquisición de maquinaria deportiva, do Plan Único de Cooperación cos Concellos 2020.

Vista a solicitude de data 16/11/2020 09:26:47 polo alcalde do Concello de Pantón no que solicita “... poder cambiar o importe que non se pode xustificar en actividades deportivas (1.676,00 €) e empregalo para xustificar gastos ocasionados pola Covid-19 ou empregalos na adquisición de maquinaria deportiva”, emítase o seguinte informe,

Antecedentes

O Pleno da Deputación Provincial de Lugo, en sesión extraordinaria celebrado o 2 de abril de 2020, acordou a aprobación das Bases do Plan Provincial Único de Cooperación cos Concellos 2020, publicadas no BOP nº 077, de data 3 de abril de 2020.

A base 23ª.- determina que:

A xestión do Plan único será levada a cabo polos seguintes servizos da Deputación:

(...)

e. Programa de actividades deportivas: Servizo de Deportes

Pola súa parte, a Base B.5.- Programa de actividades deportivas, reflicte que con carácter xeral os concellos poderán destinar, a actividades deportivas, con cargo ao Plan único 2020 da Deputación de Lugo a cantidade que cada Concello determine, correspondentes ao exercicio natural de 2020. E que se atenderá ao establecido na Lei 3/2012, do 2 de abril, do deporte de Galicia, en canto ás competencias e funcións atribuídas aos Concellos e ás Deputacións.

O alcalde do Concello de Pantón presentou, en data 30/06/2020 14:55:37 solicitude de participación no Plan Provincial Único de Cooperación cos Concellos 2020.

No relativo ao Programa de actividades deportivas, o Concello de Pantón formulaba como actividades a desenvolver “Actividades deportivas: ximnasia mantemento, zumba, pilates, e actividades extraescolares e multideportivas”, cunha achega da Deputación Provincial por importe total de 7.000,00 €.

O Pleno da Deputación Provincial de Lugo, en sesión ordinaria celebrada o 28 de xullo de 2020, acordou a aprobación do Plan Provincial Único de Cooperación cos Concellos 2020, no que se contempla unha achega de 7.000,00 € para a Programa de actividades deportivas: “Actividades deportivas: ximnasia mantemento, zumba, pilates, e actividades extraescolares e multideportivas”.

O Alcalde do Concello de Pantón solicita destinar 1.676,00 € do importe concedido (7.000,00 €) para a realización das actuacións recollidas no Programa de actividades deportivas: “Actividades deportivas: ximnasia mantemento, zumba, pilates, e actividades extraescolares e multideportivas” á xustificar gastos ocasionados pola Covid-19 ou empregalos na adquisición de maquinaria deportiva, dada a situación que se esta a vivir pola Covid-19 e ante a imposibilidade de levar a cabo o total das actividades. É dicir, podería concluírse que se formula unha modificación que suporía gasto en investimento de ben inventariable (gasto non corrente) e de distinta partida orzamentaria.

Ha de terse en conta que o Plan Provincial Único de Cooperación cos Concellos 2020 contempla, na súa Base 17.2. resto programas, que os concellos poderán solicitar motivadamente a modificación/substitución das actividades, actuacións ou eventos, con anterioridade á data límite do vencemento de cada programa, que será tramitada por cada unidade xestora dos distintos programas e aprobada, de proceder, pola Xunta de Goberno da Deputación.

Cómpre lembrar que segundo o reflectido na Base 18.7 do Plan Único de Cooperación cos Concellos 2020 “a efectos de xustificación deberá presentarse no Rexistro Xeral da Deputación na data límite do 31 de marzo de 2021, a conta xustificativa”.



E que así mesmo, as Bases do referido Plan prevén na súa Base 11.2 que “Os remanentes ou aforros producidos en cada programa, poderán ser utilizados en outras actividades, eventos ou actuacións, sempre que sexan da mesma tipoloxía e non supoña modificación orzamentaria (é dicir, con cargo ao mesmo programa de gasto que aquel no que se producira a baixa ou aforro) previa proposta do Concello presentada con anterioridade á data límite do vencemento do programa e aprobada pola Xunta de Goberno da Deputación”.

No relativo ao órgano de aprobación, cabería concluír que por analoxía e para supostos de solicitudes coma o que se propón por parte do Concello de Pantón, debería entenderse a Xunta de Goberno como órgano competente para estimar ou desestimar as solicitudes de cambio de realización de actividades contempladas no Plan Único.

Así mesmo, cómpre lembrar o previsto no o Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, que no seu artigo 172 dispón expresamente que “os créditos para gastos destinaranse exclusivamente á finalidade específica para a cal houberan sido autorizados no presuposto xeral da entidade local ou polas súas modificacións debidamente aprobadas”.

En consecuencia, á vista do exposto e a xuízo de quen asina, procedería desestimar a solicitude formulada polo Concello de Pantón por entender que non cumpriría cos requisitos previstos nas Bases do Plan Provincial Único de Cooperación cos Concellos 2020, dado que a modificación proposta relativa a destinar os importes da achega provincial para o programa de actividade deportivas, suporía no seu caso a realización de actividades que non serían gasto corrente e da mesma tipoloxía (actividades deportivas) e entendendo por tanto, -e a salvo da valoración por parte do servizo de Intervención respecto desta cuestión-, que suporían unha modificación orzamentaria, por non se poderen aplicar ao mesmo programa de gasto que aquel no que se produciría a baixa.

Á vista do informe do servizo de Intervención

Por todo o exposto propónse á Xunta de Goberno que adopte o seguinte acordo:

Desestimar, en base ao establecido na Base 11.2 do Plan Único de Cooperación cos Concellos 2020, a solicitude formulada polo Concello de Pantón por entender que non cumpriría cos requisitos previstos nas Bases do Plan Provincial Único de Cooperación cos Concellos 2020, dado que a modificación proposta relativa a destinar os importes da achega provincial para o programa de actividade deportivas, suporía no seu caso a realización de actividades que non serían gasto corrente e da mesma tipoloxía (actividades deportivas) e suporían unha modificación orzamentaria, por non se poderen aplicar ao mesmo programa de gasto que aquel no que se produciría a baixa.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

26.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA XUBILACIÓN FORZOSA DUN TRABALLADOR DO CADRO DE PERSOAL LABORAL DESTA DEPUTACIÓN.

Logo de ver a proposta da Sra. Deputada Delegada da Área de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, do seguinte teor:

“Visto que D. Julio Rodríguez Argiz cumpriu os 65 anos de idade o pasado día 15 de febreiro de 2020. Tendo en conta que D. Julio Rodríguez Argiz tiña recoñecidos menos de 37 anos o día 15 de febreiro de 2020, data da súa xubilación forzosa, polo que segundo se establece no Real Decreto Lexislativo 8/2015, de 30 de outubro, do Texto Refundido da Seguridade Social, a súa xubilación retrasase 10 meses, e dicir, ata o día 15 de decembro de 2020 e que o citado traballador non solicitou inicialmente a prolongación de permanencia no servizo activo.

Consideracións de dereito.

O artigo 68 da Lei 2/2015, do 29 de abril da Lei de Emprego Público de Galicia establece:

“1. A xubilación do persoal funcionario poderá ser:

a) Voluntaria



b) Forzosa, polo cumprimento da idade legalmente establecida.

[...].

3. A xubilación forzosa do persoal funcionario declararase de oficio ao cumprir a persoa a idade legalmente establecida

[...]”.

O Artigo 53 do Convenio Colectivo Único para Persoal Laboral da Excma. Deputación Provincial de Lugo BOP (30-08-1990), no seu artigo 53.1) establece:

“A xubilación forzosa do persoal laboral a fin de contribuír á realización dunha política de promoción de emprego, declararase de oficio ao cumprir o traballador os 65 anos de idade. A xubilación forzosa de ditos traballadores rexirase polo establecido na Lei 8/80, de 10 de marzo (...)”.

A Disposición Transitoria sétima.- Aplicación paulatina da idade de xubilación e dos anos de cotización, do Real Decreto Lexislativo 8/2015, de 30 de outubro do Texto Refundido da Seguridade Social, sinala:

“As idades de xubilación e o período de cotización a que se refire o artigo 205.1.a). así como as referencias a idade que se conteñen nos artigos 152.1, 207.1.a) y 2, 208.1.a) e 2, 214.1a) e 311.1 aplicaranse de forma gradual nos termos que resultan do seguinte cadro:

Ano	Períodos cotizados	Idade esixida
2020	37 anos ou máis	65 anos.
	Menos de 37 anos	65 anos e 10 meses

[...]”.

Á vista dos considerandos anteriormente sinalados, visto o informe do Servizo de Recursos Humanos, tendo presente que D. Julio Rodríguez Argiz terá acreditado, á data do 15 de decembro de 2020, un período de cotización inferior aos 37 anos e non tendo solicitada a prolongación no

servizo activo; con fundamento na Disposición Transitoria Sétima.- Aplicación paulatina da idade de xubilación e dos anos de cotización, do Real Decreto Lexislativo 8/2015, de 30 de outubro, do Texto Refundido da Seguridade Social, a súa idade de xubilación situaríase, para o ano 2020, nos 65 anos e 10 meses.

Por todo elo, propónse á Xunta de Goberno desta Deputación Provincial de Lugo, a adopción do seguinte acordo:

Declarar a xubilación forzosa, por cumprimento da idade legalmente establecida, do traballador do Cadro de Persoal Laboral, D. Julio Rodríguez Argiz, con efectividade do día 15 de decembro de 2020, data na que se extingue a súa relación laboral con esta Entidade.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

27.- COMPARECENCIA NO RECURSO CONTENCIOSO ADMINISTRATIVO Nº 219/2020-C.

Logo de ver o escrito remitido polo Xulgado do Contencioso Administrativo nº 2 de Lugo, polo que se reclama a esta Entidade, entre outros, o expediente administrativo do recurso nº219/2020-C interposto por D^a. Carmen Viño Vila. fronte a resolución desta Administración de data 17 de setembro de 2020 ditada no expediente sancionador nº 23/2019 sobre sanción administrativa.

Visto, asemade, o oficio do mesmo Xulgado de data 12 de novembro de 2020, ditado no procedemento: Peza Separada de Medidas Cautelares 219/2020 0001, no que se outorga á administración demandada o prazo de 10 días para informar o que estime conveniente sobre a petición feita pola recorrente de suspensión da executividade da resolución recorrida, e vista así mesmo a proposta da Asesoría Xurídica desta Deputación, a Xunta de Goberno por unanimidade dos asistentes acorda:



1º.- A comparecencia desta entidade no recurso contencioso-administrativo referenciado.

2º.- A remisión do expediente ao Xulgado do Contencioso Administrativo nº 2 de Lugo pola Unidade Administrativa encargada da súa elaboración.

3º.- O emprazamento de todos os que aparezan como interesados no procedemento, incluído á compañía aseguradora, se fora preciso.

28.- COMPARECENCIA NO PROCEDEMENTO ABREVIADO Nº167/2020.

Logo de ver o escrito remitido polo Xulgado de 1ª Instancia e Instrucción nº 2 de Monforte de Lemos relativo ao Procedemento: Dilixencias Previas Procedemento Abreviado 167/2020, no que se fai ofrecemento de accións a esta entidade como titular da estrada LU-933, termo municipal de Quiroga, en relación cos danos ocasionados nunha sinal vertical con motivo de accidente de circulación en data 2 de xullo de 2020 no P.K. 30,650 da dita vía, a Xunta de Goberno por unanimidade dos asistentes acorda:

1º.- A comparecencia desta entidade no procedemento referenciado como parte prexudicada.

2º.- Que polos servizos que correspondan se faga a correspondente valoración de danos, tal e como require o Xulgado de 1ª Instancia e Instrucción nº2 de Monforte de Lemos.

29.- COMUNICACIÓNS DA PRESIDENCIA.

Non se presentan.

ASUNTO DE URXENCIA

Fóra da Orde do Día, e previa declaración de urxencia acordada por unanimidade dos asistentes, adoptouse o seguinte acordo:

Proposta para a aprobación, se procede, e publicación das bases da convocatoria para a inscrición, admisión e selección dos obradoiros artesáns da provincia de Lugo inscritos no Rexistro Xeral de Artesanía de Galicia e Obradoiros de Alimentación da provincia de Lugo, para participar no Mercado de Nadal 2020 da Área de Deportes, Artesanía e Deseño e Memoria Histórica.

Logo de ver a proposta do Sr. Deputado de Deportes, Artesanía e Deseño e Memoria Histórica

“Visto o informe da Responsable Coordinadora II do Centro de Artesanía e Deseño, o cal di:

“De acordo co establecido no artigo 36 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, unha competencia propia da Deputación é a cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito. No mesmo senso se pronuncia o artigo 109 da Lei de Administración Local de Galicia, ao sinalar que é competencia propia da Deputación, en calquera caso, en xeral, o fomento e a administración dos intereses peculiares da provincia, subliñando que as competencias propias das Deputacións son ademais das atribuídas polas leis do Estado, as asignadas no mesmo concepto polas leis das Comunidades Autónomas (artigo 36.1 LBRL na vixente redacción). ..)

(...Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia , no art. 118 , sobre o fomento e administración dos intereses peculiares da Provincia, sinala que corresponde a Provincia rexer e administrar os intereses peculiares da provincia, creando, conservando e mellorando os servizos cuxo obxecto sexa o fomento dos mesmos e, en especial, a organización de concursos e exposicións e de calquera actividade cuxa finalidade sexa o fomento en materia de cultura, educación e deporte...).

Polo anteriormente exposto considero procedente a aprobación das bases e da convocatoria para a inscrición, admisión e selección dos obradoiros artesáns da provincia de Lugo inscritos no



Rexistro Xeral de artesanía de Galicia e obradoiros de alimentación da provincia de Lugo, para participar no mercado de nadal 2020, que teñen como obxecto regular as normas e condicións de participación dos obradoiros artesáns da provincia de Lugo inscritos no Rexistro Xeral de artesanía de Galicia e obradoiros de alimentación da provincia de Lugo no Mercado de Nadal 2020 organizado pola Área de Deportes, Artesanía e Deseño e Memoria Histórica da Deputación de Lugo.

Polo cal, propono á Xunta de Goberno a adopción dos seguintes acordos:

1º.- Aprobar as bases e os seus Anexos, que teñen como obxecto establecer as condicións de participación dos obradoiros artesáns da provincia de Lugo inscritos no Rexistro Xeral de artesanía de Galicia e obradoiros de alimentación da provincia de Lugo no Mercado de Nadal 2020 organizado pola Área de Deportes, Artesanía e Deseño e Memoria Histórica da Deputación de Lugo.

2º.- Aprobar o gasto de 17.050,00 € para a celebración do Mercado de Nadal 2020.

3º.- Aprobar a non aplicación de prezos públicos, e o acceso de balde a participar no Mercado de Nadal 2020 aos obradoiros artesáns da provincia de Lugo inscritos no Rexistro Xeral de artesanía de Galicia e obradoiros de alimentación seleccionados, dadas as circunstancias excepcionais e para paliar os efectos da crise sanitaria do Covid-19 no Sector.

4º.- Ordenar a publicación das bases e modelos de solicitude da convocatoria para a inscrición, admisión e selección dos obradoiros artesáns da provincia de Lugo inscritos no Rexistro Xeral de artesanía de Galicia e obradoiros de alimentación da provincia de Lugo, para participar no mercado de nadal 2020, da Área de deportes, artesanía e deseño e memoria histórica da Deputación de Lugo no Boletín Oficial da Provincia.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

30.- ROGOS E PREGUNTAS REGULAMENTARIAMENTE FORMULADOS.

Non se formulan polos señores Deputados.

E non habendo máis asuntos de que tratar, o Presidente levanta a sesión, sendo as once horas e trinta minutos do día de referencia, de todo o cal eu, a Secretaria, certifico.